# 3

# DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO


3.1. Estrutura produtiva

3.2. Demografía empresarial

3.3. Sector exterior

# 3.1.

## Estrutura produtiva


No ano 2018 a economía galega aumenta o seu PIB a unha taxa interanual do 2,8% segundo os datos das Contas Económicas Trimestrais do IGE, catro décimas inferior á do ano anterior. Ao igual que acontecía en 20176, todas as ramas de actividade presentan taxas de variación interanuais do VEB positivas, aínda que cunha intensidade diferente. No conxunto do ano, o sector da construción é o que presenta unha taxa de crecemento superior co 6,1%, aínda que sete décima inferior á rexistrada por este sector no exercicio 2017. As ramas industriais presentan un crecemento interanual do 3,8%, sendo as únicas que medran con maior forza que no ano anterior. Finalmente os servizos co 2,5% e as ramas agrarias e pesqueira co 0,9%, presentan crecementos positivos máis notablemente inferiores aos do ano 2017.

O emprego equivalente a tempo completo mantén practicamente estable o seu crecemento en 2018, unha medra que se produce en todos os sectores económicos, agás nas ramas agraria e pesqueira. En termos relativos, o emprego galego aumentou un 1,9%, unha décima máis que no ano anterior, cun comportamento desigual nas distintas ramas de actividade, neste senso, tal como se sinalou anteriormente, as ramas agrarias e pesqueira reducen o seu emprego nun 4,8%, fronte ao crecemento do 3,8% experimentado no ano 2017. A construción é a rama de actividade onde máis se incrementa o emprego cun 4,5%, 3,5 puntos porcentuais máis que en 2017. Finalmente, as ramas industriais e os servizos aumentan o seu emprego equivalente a tempo completo nun 3% e 2,1% respectivamente.

Segundo os datos das Contas Económicas do IGE, no ano 2018 o sector servizos xeraba o 62,3% do PIB galego, en tanto que o sector industrial supuña o 17,2% do PIB (12,8% a industria manufactureira) e a construción e o sector primario, o 6,6% e o 4,8% do PIB, respectivamente.

Ao longo do presente capítulo analizaremos a estrutura produtiva galega, presentando os principais datos de cada sector económico dende un punto de vista da actividade económica así como do emprego, aportando, na medida que sexa posible, datos das actividades máis importantes dentro de cada sector.

## Sector primario




**Distribución porcentual do VEB do sector primario por comarcas. 2016**

**PIB e emprego 2017-18: distribución segundo sectores económicos**

| | PIB (1) | | Emprego (2) | |
|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 2017 | 2018 |
| | (taxas de variación interanuais) | | | |
| **Total** | 3,2 | 2,8 | 1,8 | 1,9 |
| Ramas agraria e pesqueira | 1,9 | 0,9 | 3,8 | -4,8 |
| Ramas industriais | 3,2 | 3,8 | 3,3 | 3,0 |
| Construción | 6,7 | 6,1 | 1,0 | 4,5 |
| Servizos | 3,1 | 2,5 | 1,3 | 2,1 |
| **Impostos netos sobre os produtos** | 2,1 | 1,5 | | |

**(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 01-03-2019)**
**(2) postos de traballo equivalentes a tempo completo**
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

## 3.1.1.

**PIB e VEB das CC.AA. 2017 (1): distribución segundo ramas de actividade**

| | PIB | VEB | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Total | | Agricultura, gandería e pesca | | Industria | | Construción | | Servizos | |
| | | | (% VEB España) | | (% VEB España) | | (% VEB España) | | (% VEB España) | | (% VEB España) |
| **Andalucía** | 155.213,5 | 140.701,5 | 13,3 | 9.277,7 | 30,8 | 18.018,4 | 9,4 | 9.095,1 | 15,0 | 104.310,3 | 13,5 |
| **Aragón** | 36.054,2 | 32.683,3 | 3,1 | 1.774,3 | 5,9 | 8.147,9 | 4,3 | 1.989,7 | 3,3 | 20.771,4 | 2,7 |
| **Asturias** | 22.708,4 | 20.585,2 | 2,0 | 320,9 | 1,1 | 4.635,4 | 2,4 | 1.403,5 | 2,3 | 14.225,4 | 1,8 |
| **Baleares** | 29.910,8 | 27.114,3 | 2,6 | 141,2 | 0,5 | 1.945,2 | 1,0 | 1.693,1 | 2,8 | 23.334,6 | 3,0 |
| **Canarias** | 44.206,4 | 40.073,2 | 3,8 | 529,8 | 1,8 | 3.054,2 | 1,6 | 2.165,9 | 3,6 | 34.323,3 | 4,4 |
| **Cantabria** | 13.082,7 | 11.859,5 | 1,1 | 189,4 | 0,6 | 2.722,6 | 1,4 | 810,2 | 1,3 | 8.137,4 | 1,1 |
| **Castela e León** | 57.094,3 | 51.756,2 | 4,9 | 2.335,4 | 7,7 | 11.778,7 | 6,2 | 3.247,5 | 5,3 | 34.394,6 | 4,5 |
| **Castela-A Mancha** | 40.046,1 | 36.301,9 | 3,4 | 3.091,7 | 10,2 | 7.926,7 | 4,2 | 2.491,2 | 4,1 | 22.792,3 | 3,0 |
| **Cataluña** | 223.139,2 | 202.276,4 | 19,2 | 2.231,1 | 7,4 | 44.627,7 | 23,4 | 10.016,1 | 16,5 | 145.401,4 | 18,8 |
| **C. Valenciana** | 108.781,5 | 98.610,7 | 9,4 | 2.384,6 | 7,9 | 19.540,2 | 10,2 | 6.651,9 | 11,0 | 70.034,0 | 9,1 |
| **Estremadura** | 18.519,9 | 16.788,3 | 1,6 | 1.499,1 | 5,0 | 2.427,7 | 1,3 | 1.238,0 | 2,0 | 11.623,6 | 1,5 |
| **Galicia** | 60.824,2 | 55.137,3 | 5,2 | 3.108,5 | 10,3 | 11.481,0 | 6,0 | 3.760,5 | 6,2 | 36.787,3 | 4,8 |
| **Madrid** | 219.975,7 | 199.408,6 | 18,9 | 158,3 | 0,5 | 21.445,3 | 11,2 | 9.039,3 | 14,9 | 168.765,7 | 21,8 |
| **Murcia** | 30.343,9 | 27.506,8 | 2,6 | 1.547,5 | 5,1 | 5.443,4 | 2,9 | 1.692,3 | 2,8 | 18.823,6 | 2,4 |
| **Navarra** | 19.826,7 | 17.973,0 | 1,7 | 620,1 | 2,1 | 5.899,7 | 3,1 | 972,1 | 1,6 | 10.481,1 | 1,4 |
| **País Vasco** | 71.742,8 | 65.035,1 | 6,2 | 500,5 | 1,7 | 19.434,9 | 10,2 | 3.853,8 | 6,3 | 41.246,0 | 5,3 |
| **A Rioxa** | 8.136,6 | 7.375,9 | 0,7 | 450,8 | 1,5 | 2.117,5 | 1,1 | 442,8 | 0,7 | 4.364,7 | 0,6 |
| **Ceuta e Melilla** | 3.182,6 | 2.885,1 | 0,3 | 4,2 | 0,0 | 165,5 | 0,1 | 141,0 | 0,2 | 2.574,4 | 0,3 |
| **Total** | 1.162.789,5 | 1.054.072,1 | | 30.165,0 | | 190.812,0 | | 60.704,0 | | 772.391,1 | |

**(1) VEB a prezos básicos (prezos correntes) en millóns de euros. (consulta 26-3-2018)**
Fonte: INE, *Contabilidad regional de España. Base 2010*


## 3.1.2.

O valor engadido bruto xerado polo sector primario aumentou en 2018 un 0,9% en relación ao ano anterior (termos reais), o que supón un crecemento un punto por debaixo do rexistrado en 2017.

En termos absolutos, os datos da Contabilidade rexional do INE (**cadro 3.1.2.**) indican que o valor engadido bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) increméntase ata os 3.108,5 millóns de euros, un 7,7% superior ao contabilizado no ano precedente (7,4% de media no Estado). A pesar desta evolución, o peso relativo do VEB xerado polo sector en Galicia no total estatal mantense no 10,3%, o que a sitúa como a segunda Comunidade Autónoma con maior contribución tras Andalucía (30,8%).

Tras o sinalado avance do sector primario, a súa achega

**VEB e emprego no sector primario (1) (2)**






**(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 13-03-2019)**
**(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo (ano 2016 son datos provisionais e 2017 e 2018 son avance)**

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

## 3.1.3.

**Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2016**




## 3.1.4.

**Indicadores derivados para o sector primario . Base 2010**

| | 2000 | 2008 | 2016 |
|---|---|---|---|
| **Capacidade de crear valor (VEB/Produción) (%)** | | | |
| **Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca** | 55,6 | 53,8 | 52,3 |
| **Total economía** | 45,9 | 43,0 | 47,6 |
| **Remuneración de asalariados/VEB (PIB para o total da economía) (%)** | | | |
| **Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca** | 25,1 | 22,8 | 23,5 |
| **Total economía** | 46,5 | 46,9 | 42,9 |
| **Ratio de asalarización (Postos de traballo asalariados/Postos de traballo) (%)** | | | |
| **Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca** | 18,8 | 30,9 | 41,1 |
| **Total economía** | 75,8 | 83,3 | 84,0 |
| **Produtividade aparente do traballo por hora efectiva (euros)** | | | |
| **Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca** | 5,0 | 11,9 | 15,9 |
| **Total economía** | 16,3 | 25,1 | 30,7 |
| **Remuneración por hora efectiva asalariada (euros)** | | | |
| **Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca** | 6,4 | 10,6 | 10,1 |
| **Total economía** | 10,7 | 14,9 | 16,5 |

**Nota: Os datos do ano 2016 son provisionais**

Fonte: IGE. *Contas Económicas de Galicia*.

## 3.1.5.

ao valor engadido total da economía galega aumenta ata o 5,6%, dúas décimas máis que no ano anterior. Esta porcentaxe case duplica ao peso medio do sector na economía estatal, que no ano 2017 se sitúa no 2,9%.

A ralentización no crecemento do VEB do sector primario en 2018 ven acompañada dunha redución no volume de emprego que, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, acada en 2018 os 70.419 postos de traballo, 3.555 menos que no ano anterior, un 4,8% menos que no ano anterior. A Enquisa de Poboación Activa rexistra unha poboación ocupada no conxunto do sector primario (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura) de 68.000 persoas en Galicia no ano 2018, 7.200 persoas menos que no ano anterior. A redución no numero de ocupados rexístrase tanto na rama de agricultura, gandaría, caza e silvicultura como na rama de pesca e acuicultura. A achega ao emprego total do sector no conxunto do Estado redúcese ata o 8,4% (9,2% no ano anterior).

O sistema de contas económicas de Galicia proporciona unha serie de indicadores que permiten describir con maior profundidade o sector primario galego, así como situalo no contexto da economía galega.

Entre os indicadores derivados, **cadro 3.1.5.**, destacamos en primeiro lugar a capacidade para crear valor (VEB/produción) que se define como as unidades de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción, isto é analiza a utilización de insumos no proceso produtivo. No sector primario en Galicia, esta rateo indica que de cada 100 euros de produción, se xeran 52,3 de valor engadido, un valor moi inferior ao nivel medio da economía (47,6), o que indica que as actividades deste sector económico son intensivas en traballo pero menos dependentes de inputs para a produción. A produtividade do factor traballo no sector é moi inferior á da economía no ano 2016.

A pesar de ser un sector intensivo en traballo, a parte do valor xerado destinado a pagar salarios é do 23,% fronte ao 42,9% de media na economía. Unha porcentaxe que descende desde o ano 2000.

Finalmente destacar que a remuneración media do traballo asalariado é de 10,1 euros por hora en 2016, moi por debaixo da remuneración media da economía, e que a taxa de asalarización do sector primario é a metade da porcentaxe media da economía en Galicia, a pesar da evolución positiva dende o ano 2000.

Un aspecto que afecta de xeito directo a gran parte das actividades do sector é a distribución xeral da terra (**cadro 3.1.6.**). No último ano increméntase lixeiramente a superficie agraria útil (SAU), que se sitúa en 818 miles de

**Distribución xeral da terra en Galicia e España 2018**

| | Galicia | | España | | Galicia / España |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en ha.)* | *(% / total)* | *(en ha.)* | *(% / total)* | *(%)* |
| **Superficie Agraria Útil** | 817.896 | 27,7 | 25.293.252 | 50,0 | 3,2 |
| **Superficie cultivada** | 369.077 | 12,5 | 17.013.689 | 33,6 | 2,2 |
| **Cereais gran** | 33.822 | 1,1 | 6.061.021 | 12,0 | 0,6 |
| **Leguminosas gran** | 864 | 0,0 | 361.727 | 0,7 | 0,2 |
| **Tubérculos consumo humano** | 12.569 | 0,4 | 47.171 | 0,1 | 26,6 |
| **Industriais** | - | - | 960.947 | 1,9 | - |
| **Forraxeiras** | 227.136 | 7,7 | 929.522 | 1,8 | 24,4 |
| **Hortalizas e flores** | 2.825 | 0,1 | 270.545 | 0,5 | 1,0 |
| **Barbeitos** | 20.299 | 0,7 | 3.028.993 | 6,0 | 0,7 |
| **Frutais cítricos** | 188 | 0,0 | 304.619 | 0,6 | 0,1 |
| **Frutais non cítricos** | 19.035 | 0,6 | 1.171.066 | 2,3 | 1,6 |
| **Viñedos** | 25.715 | 0,9 | 974.550 | 1,9 | 2,6 |
| **Olivares** | 20 | 0,0 | 2.697.445 | 5,3 | 0,0 |
| **Outros cultivos leñosos** | - | - | 43.434 | 0,1 | - |
| **Viveiros** | 569 | 0,0 | 23.886 | 0,0 | 2,4 |
| **Invernadoiros baleiros** | 48 | 0,0 | 24.693 | 0,0 | 0,2 |
| **Hortos familiares** | 25.987 | 0,9 | 114.070 | 0,2 | 22,8 |
| **Prados e pasteiros** | 448.819 | 15,2 | 8.279.564 | 16,4 | 5,4 |
| **Superficie forestal** | 1.820.829 | 61,6 | 19.405.589 | 38,4 | 9,4 |
| **Chopo** | 1.088 | 0,0 | 122.502 | 0,2 | 0,9 |
| **Coníferas** | 315.670 | 10,7 | 5.574.900 | 11,0 | 5,7 |
| **Frondosas crecemento lento** | 323.092 | 10,9 | 4.431.002 | 8,8 | 7,3 |
| **Frondosas crecemento rápido** | 284.971 | 9,6 | 706.150 | 1,4 | 40,4 |
| **Coníferas e frondosas** | 271.730 | 9,2 | 1.847.289 | 3,7 | 14,7 |
| **Matorral** | 624.273 | 21,1 | 6.714.399 | 13,3 | 9,3 |
| **Outras superficies** | 318.832 | 10,8 | 5.893.826 | 11,6 | 5,4 |
| **Erial** | - | - | 856.872 | 1,7 | - |
| **Espartizal** | - | - | 230.067 | 0,5 | - |
| **Baldío** | 49.974 | 1,7 | 890.536 | 1,8 | 5,6 |
| **Improdutivo** | 35.854 | 1,2 | 832.231 | 1,6 | 4,3 |
| **Non agrícola** | 215.129 | 7,3 | 2.448.738 | 4,8 | 8,8 |
| **Augas interiores** | 17.874 | 0,6 | 635.381 | 1,3 | 2,8 |
| **Superficie total** | 2.957.556 | 100 | 50.592.667 | 100 | 5,8 |

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos*

## 3.1.6.

hectáreas, incremento motivado pola maior superficie cultivada no último ano (1.331 hectáreas máis). En 2018 a superficie dedicada a prados e pasteiros e forestal mantense estable acadando, as 449 mil e 1.821 miles de ha. respectivamente. En termos comparativos co conxunto do Estado, no ano 2018 a SAU representa en Galicia o 27,7% da súa superficie xeográfica, moi por baixo da media estatal, cun 50%,; unha diferencia explicada pola importancia relativa da superficie cultivada que en Galicia é do 12,5%  fronte ao 33,6% no conxunto de España.

Doutra banda, a superficie forestal representa o 61,6% da superficie total galega fronte ao 38,4% no conxunto do Estado. En relación ao peso relativo no total estatal, mentres que a superficie total representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,4%, moi por riba do que representa a SAU (3,2%) ou a superficie cultivada (2,2%).

- **Subsector agrogandeiro**

Segundo os datos facilitados por Eurostat, o número total de explotacións agrarias en Galicia descende no ano 2016 (último dato publicado) ata as 76.410, o que

**Explotacións agrarias en Galicia e España 2007 e 2016**

| | | 2016 | | | 2007 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Galicia | España | G / E | Galicia | España | G / E |
| **Número total de explotacións** | | 76.410 | 945.020 | 8,1% | 88.040 | 1.043.910 | 8,4% |
| **Explotacións gandeiras** | *(número)* | 53.550 | 216.700 | 24,7% | 79.960 | 306.440 | 26,1% |
| | *(miles de reses)* | 1.264,3 | 14.442,5 | 8,8% | 1.273,6 | 14.380,7 | 8,9% |
| **Produción** | *(millóns de euros)* | 2.468,6 | 38.365,6 | 6,4% | 1.982,6 | 33.362,7 | 5,9% |
| **Ocupación** | *(UTA)* | 72.720 | 801.160 | 9,1% | 113.570 | 967.680 | 11,7% |
| **Explotacións autoconsumo (1)** | *(número)* | 15.700 | 33.400 | 47,0% | 990 | 2.810 | 35,2% |

**(1) Explotacións cuxo consumo propio supera o 50% da produción final**
Fonte: Eurostat

## 3.1.7.

representa o 8,1% do total de explotacións do conxunto do Estado. As explotacións gandeiras sitúanse nas 53.300, case a cuarta parte do total de España. Comparado co ano 2007, Galicia experimentou descenso do número de explotacións agrarias do 13,2% (–9,5% no Estado), sendo esta caída superior ao 33% no caso das explotacións gandeiras (20,3% en España).

A pesar desta caída, o valor da produción aumenta en Galicia ata os 2.468,6 millóns de euros cando no ano 2007 este importe ascendía a 1.982,6 millóns. Comparado co total estatal, o valor total da produción galega representa o 6,4%, medio punto porcentual máis que no ano 2007.

Un aspecto importante a destacar antes de analizar o subsector lácteo é o das explotacións para autoconsumo, é dicir, aquelas onde o consumo propio supera o 50% da produción final. No ano 2016 un total 15.700 explotacións teñen esta característica, o que representa máis da quinta parte das explotacións agrarias galegas fronte ao 3,5% no total estatal. No ano 2007, a importancia relativa destas explotacións en Galicia era de tan só o 1,1% fronte ao 0,3% no Estado.

Os usos da superficie agraria útil en Galicia mostran unha clara orientación cara á alimentación animal, destacando, por unha banda, a produción de cultivo forraxeiro, ao que se destina o 27,8% da SAU (3,7% en España), e, por outra, a superficie dedicada a prados e pasteiros, que supón o 54,9% da SAU (32,7% no conxunto do Estado). No ano 2008, o cultivo forraxeiro supuña o 29,4% da SAU e os prados e pasteiros o 53,7%. A debilidade estrutural que supón a elevada parcelación da superficie agraria, impulsa a aumentar a produción de forraxes para mellorar a competitividade do sector agrogandeiro.

Dentro do sector agrogandeiro a principal actividade é a produción de leite de vaca. No ano 2018, en base ás declaracións mensuais realizadas polos compradores, presenta en Galicia un mellor comportamento que no conxunto do Estado. Tras unha medra interanual do 3%, 1,6 puntos porcentuais por riba do rexistrado en España, o volume de leite producido ascende ata as 2.739,4 miles de toneladas (78,5 mil toneladas máis que no ano anterior), o que supón o 38,5% da produción total de leite do Estado español, e sitúa á Comunidade Autónoma como a primeira produtora nacional, triplicando a produción de Castela-León, segunda Comunidade por volume de produción (12,8% do total nacional).

No concernente ao prezo medio por litro de leite percibido polo produtor, en 2018, o prezo medio ponderado do leite sen imposto aumenta en Galicia 0,5 céntimos de euro por litro, acadando os 31,1 céntimos, en tanto que no conxunto do Estado, aumenta en 0,3 céntimos e o prezo medio do leite situouse en 32,2 céntimos por litro. Como reflicte o **cadro 3.1.9.**, o diferencial coa media española descendeu a 1,1 céntimos por litro.

Ao igual que no ano anterior, **gráfico 3.1.10.**, o prezo en Galicia está levemente por baixo dos prezos mensuais en España. O prezo do leite é moito máis elevado no conxunto da UE-15 ou Francia, superando este diferencial os catro euros por cada cen litros nos meses

**Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2017-18 (1)**

| | 2017 | | 2018 | | 18/17 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de tm.)* | *(%)* | *(en miles de tm.)* | *(%)* | *(%)* | *(en miles de tm.)* |
| **Andalucía** | 547,1 | 7,8 | 547,6 | 7,7 | 0,1 | 0,5 |
| **Aragón** | 146,2 | 2,1 | 151,3 | 2,1 | 3,5 | 5,1 |
| **Asturias** | 559,7 | 8,0 | 560,4 | 7,9 | 0,1 | 0,7 |
| **Baleares** | 55,4 | 0,8 | 51,6 | 0,7 | -6,9 | -3,8 |
| **Canarias** | 41,4 | 0,6 | 44,2 | 0,6 | 6,8 | 2,8 |
| **Cantabria** | 443,1 | 6,3 | 430,3 | 6,0 | -2,9 | -12,8 |
| **Castela e León** | 894,5 | 12,7 | 909,2 | 12,8 | 1,6 | 14,7 |
| **Castela-A Mancha** | 267,8 | 3,8 | 267,9 | 3,8 | 0,1 | 0,1 |
| **Cataluña** | 746,3 | 10,6 | 742,4 | 10,4 | -0,5 | -3,9 |
| **C. Valenciana** | 73,3 | 1,0 | 78,8 | 1,1 | 7,6 | 5,5 |
| **Estremadura** | 28,1 | 0,4 | 27,5 | 0,4 | -2,4 | -0,7 |
| **Galicia** | 2.660,9 | 37,9 | 2.739,4 | 38,5 | 3,0 | 78,5 |
| **Madrid** | 55,2 | 0,8 | 59,8 | 0,8 | 8,4 | 4,6 |
| **Murcia** | 59,7 | 0,8 | 63,2 | 0,9 | 5,9 | 3,5 |
| **Navarra** | 246,3 | 3,5 | 249,4 | 3,5 | 1,3 | 3,1 |
| **País Vasco** | 175,7 | 2,5 | 172,8 | 2,4 | -1,6 | -2,8 |
| **A Rioxa** | 20,4 | 0,3 | 21,9 | 0,3 | 7,5 | 1,5 |
| **Total** | 7.020,9 | 100,0 | 7.117,7 | 100,0 | 1,4 | 96,9 |

**(1) vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais**
Fonte: Consellería do Medio Rural

## 3.1.8.


**Prezo medio do leite en Galicia e España 2010-18 (1)**

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(en céntimos por litro)* | | | | | |
| **Galicia** | 28,90 | 31,00 | 30,10 | 34,90 | 35,10 | 28,80 | 28,20 | 30,60 | 31,10 |
| **España** | 30,20 | 32,20 | 31,80 | 35,30 | 36,20 | 31,00 | 30,00 | 31,90 | 32,20 |
| **Diferencial Galicia / España** | -1,30 | -1,20 | -1,70 | -0,40 | -1,10 | -2,20 | -1,80 | -1,30 | -1,10 |

**(1) prezos medios ponderados sen impostos**
Fonte: Consellería do Medio Rural

## 3.1.9.

**Evolución prezo do leite (€/100 l) 2018**




Fonte: European Comision, *Milk Market Observatory* e Consellería do Medio Rural

## 3.1.10.

**Sector vitivinícola 2016-17: distribución segundo Denominación de Orixe**

2016

| | | Monterrei | Rías Baixas | Ribeira Sacra | Ribeiro | Valdeorras |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Superficie inscrita | (ha) | 571 | 4.047 | 1.241 | 2.232 | 1.182 |
| Viticultores | | 447 | 5.550 | 2.438 | 5.782 | 1.315 |
| Industrias | | 25 | 184 | 89 | 117 | 44 |
| Producción | (millóns de kg) | 4,5 | 33,4 | 5,6 | 11,6 | 4,7 |
| Viño cualificado | (hectolitros) | 28.726 | 228.169 | 36.353 | 83.992 | 41.316 |
| Valor económico | (miles de euros) | 13.615,9 | 113.691,4 | 17.910,9 | 25.283,0 | 24.579,3 |

2017

| | | Monterrei | Rías Baixas | Ribeira Sacra | Ribeiro | Valdeorras |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Superficie inscrita | (ha) | 566 | 4.021 | 1.229 | | 1.182 |
| Viticultores | | 426 | 5.343 | 2.397 | | 1.291 |
| Industrias | | 26 | 184 | 96 | | |
| Producción | (millóns de kg) | 2,9 | 39,3 | 5,8 | 6,9 | 4,2 |
| Viño cualificado | (hectolitros) | | 269.685 | 36.292 | | 37.566 |
| Valor económico | (miles de euros) | | | | | 22.539,8 |

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polas DOP

## 3.1.11.

xaneiro e de setembro a decembro no caso da UE, ou acadando os 5,31 euros no caso de Francia en outubro. O prezo medio mensual en 2018, sen impostos, situouse en 34,5 céntimos por litro na UE-15 e en 34,7 céntimos en Francia, fronte aos 31,1 euros en Galicia e 31,2 euros en España.

• **Subsector vitivinícola** (PTE DATOS)

A vendímea do ano 2017 estivo marcada polas condicións climáticas, caracterizouse por ser unha das primeiras en comezar e tamén unha das máis longas, cunha recolleita en dúas fases, retrasando parte da colleita afectada polas xeadas de abril para o mes de outubro. A isto hai que engadir os efectos da seca e da sarabia de finais de agosto que afectaron negativamente ás vides.

A produción de viño ascendeu no último ano ata os 61 millóns de quilos de uva, o que supuxo un incremento do 2% en relación á campaña anterior. Este incremento estivo influenciado polo bo comportamento da Denominación de Orixe Rías Baixas, que presenta a súa mellor campaña do consello regulador tras a de 2011. No ano 2017 recolectáronse nesta DOP un total de 39,3 millóns de quilos, é dicir, un 17,7% máis que no ano anterior, ascendendo a produción de viño ata os 269.685 hectolitros, un 18,2% máis que na campaña anterior.

Fronte a este aumento, as outras catro denominación de orixe rexistraron unha redución da súa produción, sendo esta do 35,5% na DO Monterrei (1,6 millóns de quilos menos). Na DO da Ribeira Sacra a produción permanece practicamente estable, acadando os 5,5 millóns de quilos de uva (5,6 millóns no ano anterior).

• Agricultura ecolóxica (Memoria 2018 se publicará en ABRIL) https://www.craega.es/es/craega/memorias-anuales/

Tendo en conta á evolución dos últimos anos cómpre facer referencia á agricultura ecolóxica entendida como aquel sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. A superficie inscrita como ecolóxica en Galicia aumenta en 2017 máis dun 15% en relación ao ano anterior, para situarse nas 31.916 hectáreas. A provincia de Lugo, tras unha medra do 7,2%, concentra o 46,5% da superficie total inscrita (14.846,7 ha), seguida por Ourense co 25,8% (8.241,7 ha).

Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, cómpre mencionar que máis do 40% inscrita está de-

dicada a pastos e pradeiras permanentes (excluídos os pastos pobres), con 11.922,6 ha, seguido de terreo forestal con carga gandeira e/ou pecoreo, cun 37% (12.974,9 ha), e o dedicado a castañas, con case o 10% (3.120,9 hectáreas).

No último ano, o número de operadores inscritos no rexistro de Agricultura Ecolóxica de Galicia ascendeu a 1.067, o que supón 122 operadores máis que no ano anterior, dos que 828 son produtores (77 máis), e 239 elaboradores (45 máis que en 2016).

En termos monetarios, o valor da produción controlada polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (Craega) medrou no ano 2017 un 41,5%, acadando os 59,1 millóns de euros. O leite e os seus derivados seguen a ser os que máis volume de ventas certificadas obtiveron, con 18,5 millóns de euros, seguidos pola carne e derivados e as conservas de peixe, cun volume de vendas de 8,7 e 7,7 millóns de euros respectivamente. Estes tres produtos concentran o 59,1% do valor total en 2017, case dous puntos porcentuais menos que no ano anterior (60,9%).

**• Subsector mar-industria**

O número de embarcacións operativas con porto base en Galicia á data do 31 de decembro de 2018 é de 4.371 no caso dos buques de pesca extractiva e marisqueo (terceira lista) e de 1.276 no caso das embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura (cuarta lista), segundo indican os datos do Rexistro de Buques de Galicia.

O número de buques da terceira lista descende continuadamente dende o ano 2004 (primeiro das serie estatística), nos últimos 15 anos a redución máis significativa en termos absolutos, rexístrase nos buques do caladoiro nacional con 1.096 embarcacións menos, e dentro destes, en especial, nas embarcacións de artes menores que se caen en máis dun 20% o que supón 978 barcos menos. En termos relativos a pesqueira comunitaria de altura redúcese á meade no período 2004-2018, pasando de 144 buques a só 70 en 2018.

A pesar do descenso dos últimos anos, o segmento de frota máis significativo na frota pesqueira galega segue sendo o de artes menores, cunha cifra de 3.889 embarcacións, xeralmente de pequeno porte, que se dedican a unha pesca multiespecífica por medio dunha ampla variedade de artes que utilizan en función da especie obxectivo. Se nos fixamos nos portos base das embarcacións pesqueiras, a maior parte concéntranse na zona III Arousa (39%),seguida polas zonas I-Vigo (15,6%) e IV-Muros (14,3%).

No que respecta ás embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura a 31 de decembro de 2018 sumaban 1.273 unidades, sete menos que no ano anterior, principalmente concentrada, desde o punto de vista xeográfico, na zona III-Arousa, con sete de cada dez embarcacións (890 buques).

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas ao longo do ano 2018 rexistra un descenso tanto do seu volume de produción (18,4% menos) como na súa facturación (4% menos). No último ano o volume de produción acada os 173,6 miles de toneladas, ascendendo o seu valor ata os 488,3 millóns de euros. Tanto por volume como por valor, os peixes son o grupo de especies máis importante, ao representar 90,5% da produción e o 71,4% do valor total en primeira venda. No último ano descenden nun 19,7% as capturas de peixe, así como dos bivalvos e cefalópodos, con descensos do 3,6%. Os únicos dous produtos que incrementan a súa produción en 2018 son as algas (16%) e os crustáceos (2,4%) (**cadro 3.1.12.**).

Desagregando a actividade pesqueira entre as distintas lonxas, a pesar do forte descenso da produción en relación ao ano anterior (24,8% menos), a lonxa de Vigo segue a máis importante en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, con 106 millóns de euros, un 8,1% menos que no ano anterior. En termos de volume de produción, A Coruña (Lonja Coruña S.A.) é a que máis tonelaxe rexistra, con 40,1miles de toneladas no ano 2018, seguida da lonxa de Vigo, con 32 miles de toneladas. Comparado coa actividade no conxunto da Comunidade Autónoma, a lonxa do porto de Vigo acolle o 20,9% do valor total (15,1% da produción) e a da Coruña representa o 18,9% da produción (15,5% do valor total) (**cadro 3.1.13.**).

**Actividade pesqueira e marisqueira 2017-18: distribución segundo grandes grupos de especies**

| | Produción | | | Valor | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 |
| | (en kg.) | | (%) | (en euros) | | (%) |
| **Total** | 212.784.515 | 173.631.564 | -18,4 | 508.672.109 | 488.331.103 | -4,0 |
| **Algas** | 363.737 | 421.966 | 16,0 | 243.954 | 333.082 | 36,5 |
| **Bivalvos** | 9.735.110 | 9.387.687 | -3,6 | 81.736.140 | 84.543.866 | 3,4 |
| **Cefalópodos** | 4.538.969 | 4.376.777 | -3,6 | 24.570.804 | 28.766.949 | 17,1 |
| **Crustáceos** | 1.237.525 | 1.267.400 | 2,4 | 20.749.702 | 20.464.482 | -1,4 |
| **Equinodermos** | 910.467 | 790.666 | -13,2 | 4.777.250 | 4.671.821 | -2,2 |
| **Gasterópodos** | 8.085 | 3.534 | -56,3 | 45.187 | 30.500 | -32,5 |
| **Peixes** | 195.611.806 | 157.093.552 | -19,7 | 375.287.174 | 348.507.375 | -7,1 |
| **Poliquetos** | 4.615 | - | -100,0 | 290.468 | - | -100,0 |
| **Resto das descargas** | 374.200 | 289.982 | -22,5 | 971.430 | 1.013.026 | 4,3 |
| **A Coruña** | 114.890.525 | 95.549.464 | -16,8 | 191.079.558 | 195.713.821 | 2,4 |
| **Algas** | 63.147 | 83.094 | 31,6 | 28.481 | 44.995 | 58,0 |
| **Bivalvos** | 5.023.793 | 4.892.626 | -2,6 | 37.162.769 | 39.526.305 | 6,4 |
| **Cefalópodos** | 2.493.771 | 2.338.951 | -6,2 | 13.950.729 | 15.918.338 | 14,1 |
| **Crustáceos** | 728.825 | 797.483 | 9,4 | 11.428.187 | 11.610.792 | 1,6 |
| **Equinodermos** | 378.266 | 381.271 | 0,8 | 2.021.832 | 2.258.638 | 11,7 |
| **Gasterópodos** | 1.931 | 351 | -81,8 | 5.235 | 1.947 | -62,8 |
| **Peixes** | 106.025.886 | 86.976.060 | -18,0 | 126.031.678 | 126.125.713 | 0,1 |
| **Poliquetos** | 2.811 | - | -100,0 | 222.203 | - | -100,0 |
| **Resto das descargas** | 172.097 | 79.630 | -53,7 | 228.445 | 227.092 | -0,6 |
| **Lugo** | 39.394.338 | 34.011.194 | -13,7 | 134.363.195 | 118.141.270 | -12,1 |
| **Algas** | - | - | | - | - | |
| **Bivalvos** | 13.557 | 33.936 | 150,3 | 29.416 | 32.490 | 10,5 |
| **Cefalópodos** | 415.851 | 229.524 | -44,8 | 2.010.963 | 1.492.077 | -25,8 |
| **Crustáceos** | 65.146 | 47.045 | -27,8 | 936.107 | 772.918 | -17,4 |
| **Equinodermos** | 156.019 | 116.326 | -25,4 | 322.720 | 245.791 | -23,8 |
| **Gasterópodos** | 1.220 | 63 | -94,8 | 2.182 | 200 | -90,8 |
| **Peixes** | 38.577.650 | 33.404.377 | -13,4 | 130.483.379 | 114.991.095 | -11,9 |
| **Poliquetos** | 104 | - | -100,0 | 3.822 | - | -100,0 |
| **Resto das descargas** | 164.790 | 179.922 | 9,2 | 574.607 | 606.701 | 5,6 |
| **Pontevedra** | 58.499.652 | 44.070.906 | -24,7 | 183.229.355 | 174.476.012 | -4,8 |
| **Algas** | 300.590 | 338.872 | 12,7 | 215.474 | 288.087 | 33,7 |
| **Bivalvos** | 4.697.760 | 4.461.125 | -5,0 | 44.543.956 | 44.985.071 | 1,0 |
| **Cefalópodos** | 1.629.347 | 1.808.302 | 11,0 | 8.609.112 | 11.356.535 | 31,9 |
| **Crustáceos** | 443.554 | 422.872 | -4,7 | 8.385.407 | 8.080.773 | -3,6 |
| **Equinodermos** | 376.182 | 293.069 | -22,1 | 2.432.699 | 2.167.392 | -10,9 |
| **Gasterópodos** | 4.934 | 3.120 | -36,8 | 37.770 | 28.353 | -24,9 |
| **Peixes** | 51.008.270 | 36.713.115 | -28,0 | 118.772.117 | 107.390.568 | -9,6 |
| **Poliquetos** | 1.700 | - | -100,0 | 64.443 | - | -100,0 |
| **Resto das descargas** | 37.314 | 30.430 | -18,4 | 168.378 | 179.233 | 6,4 |

**Consulta a 22 de xaneiro de 2019**
Fonte: Consellería do Mar.

## 3.1.12.

O subsector da acuicultura presenta en Galicia no ano 2017 (último dato dispoñible) un bo comportamento en termos de facturación, cunha medra de case do 9%, se ben rexistra unha redución do emprego, tanto se se mide en termos de unidades de traballo anual (UTA) como do número de persoas.

Dunha banda, o valor da produción acuícola aumentou un 4,2%, para situarse nos 223,5 millóns de euros, dos que máis do 60% consúmense na mesma Comunidade Autónoma. O valor xerado cos produtos dirixidos á UE representan o 19,9%, e os destinados a outras CC.AA., un 16,8%. En relación ao ano anterior, volve a ser o mercado da UE (agás España) no que máis se incrementa o peso do valor da produción, cun 33% máis.

**Actividade pesqueira e marisqueira 2017-18: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas**

| | Produción | | | Valor | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2018 | | 18/17 | 2018 | | 18/17 |
| | *(en kg.)* | *(%)* | *(%)* | *(en euros)* | | *(%)* |
| **Vigo** | 32.132.147 | 15,1 | -24,8 | 106.088.469 | 20,9 | -8,1 |
| **A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)** | 40.146.810 | 18,9 | -15,5 | 78.368.819 | 15,5 | 1,7 |
| **Burela** | 19.851.757 | 9,3 | -12,1 | 68.706.495 | 13,6 | -12,0 |
| **Celeiro** | 14.116.482 | 6,6 | -15,9 | 49.268.697 | 9,7 | -12,0 |
| **Ribeira** | 28.311.524 | 13,3 | -20,1 | 42.882.101 | 8,5 | 0,8 |
| **Noia** | 2.620.295 | 1,2 | -1,3 | 19.495.394 | 3,8 | 15,5 |
| **Carril** | 814.717 | 0,4 | -14,2 | 8.150.659 | 1,6 | 2,7 |
| **O Grove** | 773.007 | 0,4 | -17,7 | 8.107.520 | 1,6 | -12,4 |
| **Cambados** | 1.509.639 | 0,7 | -31,3 | 7.878.893 | 1,6 | 2,9 |
| **A Illa de Arousa** | 889.527 | 0,4 | 11,3 | 6.992.600 | 1,4 | -0,2 |
| **Portosín** | 8.645.871 | 4,1 | -28,6 | 6.815.844 | 1,3 | -10,1 |
| **Cedeira** | 1.196.632 | 0,6 | -1,8 | 6.589.213 | 1,3 | -2,8 |
| **Campelo** | 628.577 | 0,3 | 16,6 | 6.204.029 | 1,2 | 22,3 |
| **Muros** | 2.998.316 | 1,4 | -29,0 | 5.845.963 | 1,2 | -17,9 |
| **Camariñas** | 5.174.077 | 2,4 | 26,0 | 5.314.568 | 1,0 | 20,0 |
| **Vilanova** | 466.854 | 0,2 | 2,3 | 4.708.926 | 0,9 | 1,6 |
| **Cangas** | 367.257 | 0,2 | -11,3 | 4.175.917 | 0,8 | 12,8 |
| **Rianxo** | 457.112 | 0,2 | 5,0 | 4.092.990 | 0,8 | 6,6 |
| **Bueu** | 999.702 | 0,5 | 9,4 | 3.989.057 | 0,8 | 16,7 |
| **Cabo de Cruz** | 283.290 | 0,1 | -23,1 | 3.485.410 | 0,7 | -11,1 |

**Consulta: 22-01-2019**
Fonte: Consellería do Mar.

## 3.1.13.

**Emprego na acuicultura nas CC.AA. 2017** (1)

| | Nº de empresas (3) | Asalariados | | Non asalariados | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *(UTA)* (2) | *(persoas)* | *(UTA)* | *(persoas)* | *(UTA)* | *(persoas)* |
| **Andalucía** | 90 | 610 | 1.078 | 37 | 84 | 647 | 1.162 |
| **Aragón** | 5 | 50 | 59 | 0 | 1 | 50 | 60 |
| **Asturias** | 14 | 56 | 79 | 6 | 18 | 62 | 97 |
| **Baleares** | 9 | 85 | 95 | 8 | 29 | 93 | 124 |
| **Canarias** | 16 | 218 | 438 | 1 | 1 | 219 | 439 |
| **Cantabria** | 10 | 79 | 83 | 1 | 20 | 80 | 103 |
| **Castela-A Mancha** | 16 | 43 | 53 | 1 | 2 | 44 | 55 |
| **Castela e León** | 15 | 166 | 174 | 4 | 5 | 170 | 179 |
| **Cataluña** | 76 | 238 | 748 | 47 | 188 | 285 | 936 |
| **C. Valenciana** | 24 | 332 | 534 | 3 | 4 | 335 | 538 |
| **Estremadura** | 66 | 38 | 102 | 11 | 26 | 49 | 128 |
| **Galicia** | 42 | 1.383 | 2.744 | 2.345 | 8.942 | 3.728 | 11.686 |
| **Murcia** | 10 | 458 | 469 | - | - | 458 | 469 |
| **Navarra** | 3 | 17 | 25 | 1 | 2 | 18 | 27 |
| **País Vasco** | 4 | 20 | 92 | 1 | 2 | 21 | 94 |
| **A Rioxa** | 3 | 42 | 54 | - | - | 42 | 54 |
| **Total** | 403 | 3.835 | 6.827 | 2.466 | 9.324 | 6.301 | 16.151 |

**(1) Agás as de cultivo de mexilón en bateas e os parques de cultivo de Galicia**
**(2) UTA: unidades de traballo anual**
**(3) O número de empresas está a 2014**
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

## 3.1.14.

**Valor da produción acuícola en Galicia 2016-17: distribución segundo destino xeográfico**

| | 2016 | | | 2017 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Fases 1,2,3,5 | Fase 4 | Total | Fases 1,2,3,5 | Fase 4 |
| | | (en miles de euros) | | | (en miles de euros) | |
| **Total** | 214.454,3 | 14.583,7 | 199.870,6 | 223.472,2 | 12.369,6 | 211.102,6 |
| **Mesma Comunidade Autónoma** | 144.672,0 | 7.722,3 | 136.949,7 | 134.454,4 | 6.912,8 | 127.541,6 |
| **Distinta Comunidade Autónoma** | 29.105,2 | 551,3 | 28.553,9 | 37.448,0 | 558,7 | 36.889,3 |
| **Outro país da Unión Europea** | 33.497,0 | 3.066,7 | 30.430,3 | 44.507,1 | 1.478,3 | 43.028,8 |
| **Terceiros países** | 7.180,0 | 3.243,4 | 3.936,6 | 7.062,7 | 3.419,7 | 3.643,0 |

**(1) Fase 1: Posta; Fase 2: Incubación e/ou cría; fase 3: Preengorde de semilleiro; Fase 4: Engorde talla comercial; talla 5: Engorde a madurez sexual**
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Estadísticas pesqueras: producción de acuicultura*

## 3.1.15.

**Axudas da Política Agraria Común e Política Pesqueira Común en Galicia e España 2018**

| | | Galicia | España | Galicia/España |
|---|---|---|---|---|
| **Pago de fondos UE** | | | | (%) |
| **FEAGA Exercicio 2018 (acumulado outubro)** (1) | (en millóns de euros) | 174,1 | 5.469,3 | 3,2 |
| **FEADER gasto público total, exercicio 2018 (2014-2020) (acumulado outubro)** (2) | | 146,9 | 1.040,8 | 14,1 |
| **FEMP** (3) | | 26,1 | 119,8 | 21,8 |
| **Gasto Público (FEMP + Constribucion nacional)** | | 34,0 | 161,9 | 21,0 |
| **Dereitos de pago básico** | | | | |
| **Nº beneficiarios Rexime Pequenos Agricultores (RPA)** | | 6.154 | 167.072 | 3,7 |
| **Nª de dereitos de Pequenos** | | 18.123 | 471.818 | 3,8 |
| **Importes RPA** | (en euros) | 3.889.426 | 99.410.790 | 3,9 |
| **Nº beneficiarios Rexime Pago Básico (RPB)** | | 21.351 | 536.457 | 4,0 |
| **Nº de dereitos de Pago Básico** | | 373.303 | 19.096.583 | 2,0 |
| **Importes Pago Básico** | (en euros) | 71.165.343 | 2.760.937.022 | 2,6 |
| **Importes Pago Verde** | (en euros) | 36.737.417 | 1.425.268.110 | 2,6 |

**(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía**
**(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural**
**(3) FEMP: Fondo Europeo Marítimo e de Pesca**
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

## 3.1.16.

No que respecta á ocupación no sector, en 2017 rexístranse de 11.686 empregos (3.728 UTA), o que representa, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o 72,4% do emprego do sector a nivel estatal e o 59,2% do total de UTAs. Como se aprecia no **cadro 3.1.14.**, a segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Andalucía, con 1.162 persoas empregadas. En relación ao ano anterior, o número de persoas empregadas no sector descende un 16%, sendo esta caída do 9,5% se se mide en termos de unidades de traballo anual.

Finalmente, cómpre facer referencia á actividade de marisqueo a pé. O número total de permisos a 31 de decembro de 2018 ascende a 3.792, cifra practicamente igual á do ano anterior (3.797 permisos), dos que o 2.157 pertencen á provincia de Pontevedra, 1.579 á Coruña e 43 a Lugo. Atendendo ao perfil da persoa que se dedica ao marisqueo a pé, esta é o dunha muller (72%, 2.722 permisos) das que o 37% teñen unha idade comprendida entre os 51 e os 60 anos, e que traballan maioritariamente, nun 51% dos casos, na Zona III- Arousa.

**• Axudas comunitarias: Política Agraria Común e Política Pesqueira Común**

*(Pte datos ponencias CES)*

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2018 (acumulado outubro

2017-2018), foron de 174,1 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), 146,9 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e 26,05 millóns de euros do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).


En relación ao importe total en España, estes pagos representan o 3,2% do total estatal para o FEAGA, o 14,1% no caso do FEADER e o 21,7% do FEMP (**cadro 3.1.16.**).

Tal como se sinalou anteriormente a Reforma da PAC (2015-2020) introduce cambios significativos no modelo de pagos directos dos dereitos de axuda, pasándose dos dereitos de pago único a unha realidade distinta chamada dereitos de pagos básico. O proceso de asignación de dereitos de pago básico baséase en distintos parámetros establecidos polo Fondo Español de Garantía Agraria.

O número total de beneficiarios de dereitos correspondente ao Réxime de Pequenos Agricultores (RPA) ascende a 6.154 persoas (3,7% dos beneficiarios en España), e o valor medio dos dereitos por beneficiario a 214,6 euros. No que ao Réxime de pagos básicos se refire, o número de beneficiarios ascende a 21.351 persoas, o 4% do conxunto do Estado, situándose o importe total en 71,2 millóns de euros, o 2,6% do Estado.


En canto aos pagos certificados e remitidos á Comisión no ano 2018 correspondentes ao Fondo Europeo de Pesca, o gasto público total (Fondo Europeo de Pesca, contribución nacional) acada un valor de 34 millóns de euros (162 millóns no conxunto do Estado).

## Sector industrial




**Distribución porcentual do VEB do sector industrial por comarcas. 2016**

**VEB e emprego na industria** (1) (2)




(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 13-03-2019)
(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo (ano 2016 son datos provisionais e 2017 e 2018 son avance)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

## 3.1.17.


O sector industrial en Galicia no ano 2018 incrementou o VEB nun 3,8%, unha taxa de variación superior á rexistrada no exercicio anterior (3,2%). Esta tendencia do sector industrial no seu conxunto non é homoxénea a todas as ramas que o integran, neste senso, a industria manufactureira ralentiza de xeito notable o seu crecemento no ano 2018, con taxas de variación do 2,8% fronte ao crecemento case do 5% que mantivo no período 2014-2018.

O conxunto das ramas industriais ao longo do ano 2018 ralentizan o seu crecemento, pasando de taxas de variación interanual do 7% no primeiro trimestre do ano ata o 2,4% no cuarto trimestre. Do mesmo xeito, a industria manufactureira presenta taxas de variación interanual do VEB positivas, descendendo dende o 5,1% no primeiro trimestre ata o 1,1% no cuarto [**cadro 1.2.3.** *PIB 2017-188: distribución segundo as súas compoñentes*].

En termos absolutos, o valor engadido bruto xerado polas ramas industriais ascendeu no ano 2018 ata os 11.481 millóns de euros segundo os datos publicados polo INE na Contabilidade rexional de España, o que representa o 6% do total estatal. Esta porcentaxe mantén a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con maior peso, por detrás de Cataluña (23,4%), Madrid (11,2%), Comunidade Valenciana e País Vasco (10,2%), Andalucía (9,4%), e Castela e León (6,2%).

O sector industrial achega o 18,9% do PIB total a prezos de mercado da economía galega, sendo esta porcentaxe do 14,6% no caso da industria manufactureira (20,8% e 16,1% se se considera o valor engadido bruto xerado). Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no conxunto do Estado tanto para o sector industrial (incluída a enerxía), que representa o 16,4% do PIB, como no caso da industria manufactureira, que en España representa o 13,1% do PIB a prezos correntes.

No que respecta ao emprego no sector industrial, os datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de decembro de 2018 mostran un novo incremento da ocupación nas actividades industriais en Galicia, tal como ven acontecendo ininterrompidamente dende o ano 2014. No último ano Galicia conta con 144.364 afiliacións no sector (4.168 máis que na mesma data do ano anterior), das que 133.954 afiliacións corresponden ás ramas de actividade da industria manufactureira (4.209 máis que en 2017). En termos cuantitativos, os aumentos máis importantes rexístranse nos subsectores da fabricación de vehículos e




## 3.1.18.

motor, remolques e semirremolques (829 afiliados máis), na fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento (670 afiliados máis) na industria da alimentación (552 afiliacións máis), e no das ramas de reparación e instalación de maquinaria e equipamento (552 afiliacións máis). Por contra, a única actividade da industria manufactureira que reduce a súa afiliación é a da confección de roupa de vestir, con 90 afiliacións menos.

O índice de produción industrial (IPI) é un indicador de carácter conxuntural que mide a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial. Este indicador presenta no ano 2018 unha medra media anual do 4,9%, unha variación moi superior á rexistrada no conxunto do Estado (0,7%), así como superior á taxa de variación interanual do ano anterior, que se situou no 1,8%.


**Índice de produción industrial de Galicia e España 2018**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | índice | variacións 2018 (1) (%) | variacións Interanual decembro (2) (%) | índice | variacións 2018 (1) (%) | variacións Interanual decembro (2) (%) |
| **Xeral** | 109,2 | 4,9 | -1,2 | 105,2 | 0,7 | -4,2 |
| **Bens de consumo** | 112,3 | 0,9 | -2,6 | 102,0 | -0,1 | -0,4 |
| **B. consumo duradeiro** | 131,3 | -17,7 | -35,4 | 104,6 | -1,9 | -10,3 |
| **B. consumo non duradeiro** | 111,3 | 2,4 | 0,6 | 101,8 | 0,0 | 0,5 |
| **Bens de equipamento** | 98,2 | 1,9 | 0,0 | 110,3 | 2,7 | -3,4 |
| **Bens intermedios** | 121,0 | 5,6 | -11,3 | 108,6 | 1,7 | -2,4 |
| **Enerxía** | 106,2 | 11,1 | 7,9 | 99,4 | -1,7 | -10,6 |

**Consulta: 13-03-2019. Base 2015**
**(1) variación da media no que vai de ano**
**(2) taxa de variación anual**
Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

## 3.1.19.

**Índice de produción industrial en Galicia e España 2011-18(1). Taxa de variación media anual**




**(1) Base 2015**
Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

## 3.1.20.

Atendendo ao destino económico dos bens, no último ano todos os subsectores rexistraron en Galicia un incremento agás nos bens de consumo duradeiro (–17,7%). Dunha banda, os produtos enerxéticos presentaron a medra máis acusada, cun 11,1% en relación ao ano anterior, seguido polos bens intermedios cun 5,6%, e polos bens de consumo non duradeiro, cun incremento do 2,4%. No conxunto do Estado todos os destinos económicos presentan taxas de variación positivas, agás as actividades enerxéticas e os bens de consumo duradeiro. O IPI correspondente ao conxunto das ramas da industria manufactureira galega presenta no último ano unha medra do 3,4% respecto ao ano anterior (1,5% no conxunto do Estado).

O indicador de confianza empresarial amosa a percep-

**Índice de produción industrial 2018: distribución segundo ramas de actividade**

| | Variacions media anual 18/13 (1) | | Variacións 18/17 (2) | |
|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España |
| | (%) | | (%) | |
| **Total** | 1,8 | 2,0 | 4,9 | 0,7 |
| **B Industrias extractivas** | -2,4 | -3,6 | 7,5 | -5,4 |
| 08 Outras industrias extractivas | -2,4 | -1,3 | 7,5 | 0,4 |
| **C Industria manufactureira** | 2,7 | 2,6 | 3,4 | 1,5 |
| 10 Industria da alimentación | 3,5 | 1,6 | 3,6 | 0,8 |
| 11 Fabricación de bebidas | 9,1 | 0,4 | 4,2 | -2,1 |
| 13 Industria téxtil | -0,7 | 2,0 | -14,7 | -1,9 |
| 14 Confección de roupa de vestir | -3,5 | 0,9 | -4,3 | -4,4 |
| 15 Industria do coiro e do calzado | | -1,7 | * | -1,6 |
| 16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría | 8,1 | 4,7 | 4,5 | 4,2 |
| 17 Industria do papel | 1,4 | 0,8 | -0,6 | -0,4 |
| 18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | | -2,3 | * | -3,0 |
| 19 Coquerías e refinación de petróleo | | 3,5 | * | 3,0 |
| 20 Industria química | 7,4 | 3,0 | 7,0 | 1,1 |
| 21 Fabricación de produtos farmacéuticos | | 2,1 | * | 1,8 |
| 22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 3,9 | 3,9 | -3,8 | 0,2 |
| 23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | 7,7 | 2,7 | 4,7 | 1,6 |
| 24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes | 0,8 | 2,2 | 6,7 | 1,0 |
| 25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | 3,8 | 2,7 | 5,0 | 2,1 |
| 26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | | 6,0 | * | 8,8 |
| 27 Fabricación de material e equipamento eléctrico | 5,7 | 3,1 | 7,8 | 4,9 |
| 28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | 13,3 | 3,3 | 4,1 | 3,9 |
| 29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | -2,0 | 4,9 | -7,0 | -0,8 |
| 30 Fabricación doutro material de transporte | -2,0 | 1,9 | 77,4 | 6,4 |
| 31 Fabricación de mobles | 5,8 | 2,8 | -18,5 | 0,7 |
| 32 Outras industrias manufactureiras | 3,8 | 4,3 | 19,8 | 3,8 |
| 33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | 0,8 | 4,9 | 2,9 | 5,9 |
| **D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado** | -1,7 | -0,9 | 11,1 | -1,9 |
| 35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | -1,7 | -0,9 | 11,1 | -1,9 |
| 36 Captación, depuración e distribución de auga | | 0,6 | * | -4,0 |

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe
(1) Taxa de variación media anual acumulativa
(2) Taxa de variación da media do que vai do ano
Fonte: IGE, *Índice de produción industrial*

## 3.1.21.

ción subxectiva do empresariado sobre a evolución futura das súas actividades. Neste senso, o Índice Galego de Confianza Empresarial (**cadro 3.1.22.**) amosa como empeoran as expectativas dos empresarios sobre o trimestre entrante, acadando valores negativos en todos os trimestres salvo no terceiro. Este pesimismo contrasta coas expectativas positivas nos catros trimestres do ano que se rexistran no conxunto do Estado.

O índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) reflicte, tanto a nivel galego como estatal, a tendencia positiva experimentada ao longo da serie considerada, acadando os valores máis elevados no ano 2017. Como se mostra no **cadro 3.1.23.**, Galicia mantén un ICEH inferior ao de España ao longo de todo o período 2013-2018 (agás no cuarto trimestre de 2013).

Outra variable que permite observar a evolución do sector industrial son ás vendas da produción da industria manufactureira galega, resumidas no **cadro 3.1.24.** Estas vendas aumentaron no ano 2017 (último dispoñible) un 10,8% respecto ao ano anterior, acadando un valor de 28.731,7 millóns de euros, o 6,9% do total estatal. As agrupacións que presentan unha maior achega ao valor total das vendas en Galicia corresponden ás actividades de alimentación, bebidas e tabaco (24,5% do total), material de transporte (22,6%) e coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos (9,7%).

**Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2015-18 (1)**


| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Situación do trimestre anterior | Expectativas do trimestre entrante | ICEH | Situación do trimestre anterior | Expectativas do trimestre entrante | ICEH |
| **2015** | | | | | | |
| I | -22,7 | -24,9 | 114,3 | -11,7 | -14,9 | 123,2 |
| II | -19,0 | -7,9 | 120,9 | -11,6 | 0,1 | 128,1 |
| III | -2,7 | -0,8 | 128,6 | -1,9 | -0,4 | 131,2 |
| IV | -1,9 | -6,2 | 127,1 | -0,3 | -1,3 | 131,4 |
| **2016** | | | | | | |
| I | -7,2 | -13,5 | 123,0 | -0,1 | -6,5 | 129,7 |
| II | -11,7 | -3,8 | 124,6 | -6,2 | 1,9 | 130,5 |
| III | -7,0 | -4,0 | 126,1 | -1,2 | -1,1 | 131,2 |
| IV | 2,7 | -8,4 | 127,8 | 0,1 | -1,7 | 131,4 |
| **2017** | | | | | | |
| I | 3,7 | -4,2 | 129,5 | 2,7 | -3,1 | 131,8 |
| II | -8,3 | 7,1 | 129,2 | -2,3 | 9,3 | 134,2 |
| III | 1,9 | 6,6 | 132,4 | 7,5 | 7,7 | 136,9 |
| IV | 3,4 | 1,1 | 131,2 | 5,3 | 5,2 | 135,4 |
| **2018** | | | | | | |
| I | 2,1 | -2,6 | 129,5 | 7,1 | 1,9 | 134,9 |
| II | -12,6 | -0,2 | 125,5 | 0,4 | 10,7 | 135,5 |
| III | -5,6 | 4,2 | 129,2 | 5,9 | 7,1 | 136,2 |
| IV | 3,8 | -1,1 | 130,6 | 3,1 | 2,9 | 133,9 |

**(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100); expectativas = indicador de expectativas harmonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas); ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas**

Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

## 3.1.22.

**Índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) 2013-18**




**ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas**

Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

## 3.1.23.

**Vendas de produtos da industria manufactureira 2017: distribución segundo agrupacións de actividade**

| | Valor | | |
|---|---|---|---|
| | *(en miles de euros)* | *(% / total)* | *(Galicia/España)* |
| **Alimentación, bebidas e tabaco** | 7.036.771 | 24,5 | 7,6 |
| **Textil e confección** | 1.391.403 | 4,8 | 18,7 |
| **Coiro e calzado** | 161.951 | 0,6 | 4,7 |
| **Madeira e cortiza** | 926.591 | 3,2 | 19,9 |
| **Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados** | 650.907 | 2,3 | 4,1 |
| **Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos** | 2.793.934 | 9,7 | 4,0 |
| **Manufacturas de caucho e plástico** | 876.428 | 3,1 | 5,1 |
| **Produtos minerais non metálicos** | 594.433 | 2,1 | 4,5 |
| **Produción, 1º transformación e fundición de metais** | 2.098.713 | 7,3 | 7,7 |
| **Produtos metálicos** | 1.425.282 | 5,0 | 5,3 |
| **Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos** | 454.030 | 1,6 | 3,1 |
| **Maquinaria e equipo** | 798.066 | 2,8 | 4,7 |
| **Material de transporte** | 6.489.096 | 22,6 | 9,6 |
| **Mobles e outras industrias manufactureiras** | 551.060 | 1,9 | 7,3 |
| **Reparación e instalación de maquinaria e equipo** | 795.901 | 2,8 | 7,3 |
| **Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor** | 1.687.164 | 5,9 | 8,8 |
| **Total** | 28.731.728 | 100 | 6,9 |

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Productos*

## 3.1.24.

Tendo en conta o seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades da madeira e cortiza e o téxtil, que representan un 19,9% e 18,7% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente.

Por último, unha variable que repercute directamente sobre o conxunto da industria é a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais. Ao longo dos últimos anos, o prezo da electricidade en España sitúase por riba da media europea, pagando en España os consumidores industriais, con consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh, un 22% máis por KWh consumido que na UE-28. Comparado o primeiro semestre de 2018 cos datos correspondentes ao primeiro semestre de 2008, fronte ao descenso do 9,7% do prezo no conxunto da UE-28, en España o prezo da electricidade para consumidores industriais aumenta un 10,2%. Se a comparación se fai co primeiro semestre de 2014 o descenso en ambos os dous casos está en torno ao 14%.

**• Subsector enerxético**


No ano 2018 a xeración neta de enerxía eléctrica en Galicia, segundo datos de Red Eléctrica Española acadou os 31.307 GWh, o 12% do total estatal; correspondéndolle o terceiro posto entre as Comunidades con maior porcentaxe de xeración eléctrica, por detrás de Cataluña e Andalucía.

A demanda de enerxía en Galicia é de 19.913 GWh, o 7,4% da enerxía inxectada na rede a nivel nacional, polo que no ano 2018 o saldo de intercambios segue a ser excedentario, rexistrándose un saldo exportador de 11.160 GWh .

En relación ao tipo de xeración, o 33% da xeración neta total en Galicia procede do carbón, seguido da produción de enerxía hidráulica (27,2%) e da eólica (26,7%). O forte aumento da xeración eléctrica procedente da hidráulica explica que o peso da xeración de electricidade procede de fontes renovables aumente en Galicia ata o 55,4% (40,5% no ano anterior).

No concernente á produción de enerxía eléctrica a partir de enerxías renovables, coxeneración e residuos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan un aumento


**Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-28 e España 2008-18**




(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh. Excluído impostos e gravames
Fonte: EUROSTAT

## 3.1.25.

**Xeración eléctrica de fontes renovables e non renovables en Galicia 2013-18** (1)




| | 2015 | | | 2016 | | | 2017 | | | 2018 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xeración total neta | Xeración renovables | Potencia instalada | Xeración total neta | Xeración renovables | Potencia instalada | Xeración total neta | Xeración renovables | Potencia instalada | Xeración total neta | Xeración renovables | Potencia instalada |
| | *(GWh)* | *(GWh)* | *(MW)* | *(GWh)* | *(GWh)* | *(MW)* | *(GWh)* | *(GWh)* | *(MW)* | *(GWh)* | *(GWh)* | *(MW)* |
| **Galicia** | 29.350 | 15.139 | 10.937 | 30.303 | 17.208 | 10.908 | 26.201 | 10.619 | 10.901 | 31.307 | 17.354 | 10.988 |
| **España** | 267.454 | 93.270 | 105.754 | 261.836 | 101.089 | 104.664 | 262.306 | 84.611 | 104.114 | 260.906 | 100.251 | 104.053 |

**(1) Renovables inclúe: hidráulica, hidroeólica, eólica, solar fotovoltaica, solar térmica, outras renovables e o 50% dos residuos sólidos urbanos.**
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de *Red Eléctrica de España*

## 3.1.26.

**Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2017-18**

**2017**

| | Total | Gasolinas | Gasóleos | Fuelóleo BIA |
|---|---|---|---|---|
| | | *(en tm.)* | | |
| **Galicia** | 2.494.191 | 248.985 | 1.889.084 | 356.123 |
| **A Coruña** | 1.124.788 | 103.106 | 725.057 | 296.625 |
| **Lugo** | 368.655 | 28.091 | 322.099 | 18.465 |
| **Ourense** | 309.991 | 28.246 | 255.307 | 26.439 |
| **Pontevedra** | 690.758 | 89.542 | 586.621 | 14.594 |
| **España** | 36.024.929 | 4.864.382 | 28.924.561 | 2.235.987 |
| **Galicia/España** *(%)* | 6,9 | 5,1 | 6,5 | 15,9 |

**2018**

| | Total | Gasolinas | Gasóleos | Fuelóleo BIA |
|---|---|---|---|---|
| | | *(en tm.)* | | |
| **Galicia** | 2.560.788 | 251.839 | 1.951.964 | 356.985 |
| **A Coruña** | 1.134.601 | 102.940 | 736.560 | 295.101 |
| **Lugo** | 379.337 | 28.797 | 330.742 | 19.798 |
| **Ourense** | 339.501 | 29.159 | 283.335 | 27.007 |
| **Pontevedra** | 707.350 | 90.944 | 601.327 | 15.079 |
| **España** | 36.790.387 | 5.087.622 | 29.606.732 | 2.096.033 |
| **Galicia/España** *(%)* | 7,0 | 5,0 | 6,6 | 17,0 |

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

## 3.1.27.

da enerxía vendida manténdose estable a potencia instalada. No ano 2018 vendéronse un total de 13.385 xigavatios, un 18,5% máis que no exercicio precedente, un incremento moi superior ao do conxunto do Estado (2,9%). Tras esta evolución, Galicia sitúase como a terceira Comunidade con maior enerxía vendida (12,9% do total estatal) por detrás de Andalucía (16%) e Castela e León (15,3%).

A potencia instalada é de 4.527 megavatios, o que representa o 11,3% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia ocuparía o cuarto lugar, por detrás de Castela e León, Andalucía e Castela–A Mancha.


Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, o 62% da enerxía vendida en Galicia en 2018 (8.269 xigavatios) corresponde á eólica seguida da coxeneración que representa o 19,6% (2.625 xigavatios). Estas dúas fontes enerxéticas tamén son as máis relevantes no conxunto do Estado, se ben a súa importancia relativa é do 47,3% no caso da eólica e do 25,5% no da coxeneración.

No que atinxe ao consumo de produtos petrolíferos na Comunidade Autónoma, no ano 2018 aumenta o consumo produtos petrolíferos nun 2,7% (2,1% en España). Tras esta evolución, o consumo destes produtos ascende en Galicia a 2.561 miles de toneladas métricas, o que representa o 7% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.1.27.**, o devandito incremento prodúcese tanto no consumo de fuel óleos 17%) como no de gasóleos (6,6%) e de gasolinas (5%). O produto máis consumido son os gasóleos, representando un 76,2% do consumo total en Galicia (80,5% en España), sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo do 13,9%, 8,2 puntos porcentuais superior ao do Estado, e do 9,8% no caso das gasolinas (13,8% no conxunto do Estado).

**• Industria da automoción**

Neste apartado analízanse os principais datos dispoñibles da industria da automoción en Galicia. As Contas económicas anuais publicadas polo IGE, sinalan a rama de actividade da fabricación de vehículos e compoñentes como sector característico da economía galega. Este sector xerou un VEB no ano 2016 (último dispoñible)

**Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2008-18** (1)




**(1) facturación en millóns de euros**
Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

## 3.1.28.

de 1.266,6 millóns de euros e 16.372 postos de traballo. Esta rama de actividade representa o 2,1% do produto interior bruto xerado na economía galega nese ano.

O sector da automoción tamén pode valorarse en base aos datos facilitados por Fundación Clúster da Automoción de Galicia (CEAGA). As 125 empresas que compoñen o clúster de automoción mantiveron o ritmo de facturación do ano anterior, acadando os 8.650 millóns de euros, o que representa un leve descenso do 0,3% con respecto ao ano anterior. Esta facturación equivale ao 13,5% do PIB total de Galicia.

Un dos datos salientables é o emprego do sector en 2018, que ascende a un total de 22.300 traballadores directos, o que supón un incremento do 7% con respecto a 2017 e 1.500 novos empregos xerados. Actualmente, o emprego no sector da automoción representa un 13% do emprego industrial de Galicia.

En relación ao investimento realizado polas empresas do sector, esta aumenta no último ano acadando os 270 millóns de euros.


Finalmente, os datos da Dirección General de Tráfico (DGT) mostran un novo incremento nas matriculacións de vehículos no último ano acadando os 64.794 vehículos, o que representa o 3,5% do total estatal en 2018. En relación ao ano anterior, as matriculacións en Galicia increméntanse un 5% (3.095 vehículos matriculados máis), salientando en termos relativos o incremento experimentado no caso das matriculacións de camións de máis de 3.500 kg cun 26% máis así como os integrados na categoría de outros vehículos cun 26,6% máis, por contra redúcense nun 23% as matriculacións de ciclomotores e nun 10% as de tractores industriais.

A nivel provincial, a DGT amosa que o devandito aumento das matriculacións prodúcese en todas as provincias agás en Ourense, sendo o aumento máis acusado, tanto en termos absolutos o de a provincia da Coruña, con 1.642 vehículos matriculados máis que no ano anterior, en termos relativos salienta o aumento das matriculación do 9,3% na provincia de Lugo. No ano 2018 A Coruña concentra o 44% do total das matriculación galegas e Pontevedra o 30% do total.

- **Industria naval**

No ano 2018 na industria naval (CNAE 30.1) o número de afiliacións á Seguridade Social mantívose practicamente estable cun aumento do 0,2%, acadando as 6.005 afiliacións (14 máis que no ano anterior), a cifra máis alta dende decembro de 2011, cando o naval contaba con 6.264 afiliacións. A evolución da afiliación no sector naval a nivel provincial non é homoxénea, con descensos do 3,2% e 0,9% no número de afiliados nas provincias da Coruña e Lugo respectivamente, compensados polo aumento da afiliación nun 3,8% na provincia de Pontevedra. No ano 2018 Pontevedra pasa a ser a

**Construción naval nos estaleiros galegos 2009-18: actividade contractual e actividade produtiva**




Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, *Construcción naval. Boletín informativo trimestral*

## 3.1.29.

provincia galega con maior número de afiliados no naval con 3.027 persoas, seguida da Coruña con 2.867 afiliacións.

No concernente á actividade contractual, no ano 2018 asináronse 15 novos contratos nos estaleiros galegos, catro máis que no ano anterior. Galicia sitúase en primeiro lugar por diante o Pais Vasco (5 novos contratos) e Asturias (3 contratos). Considerando a equivalencia dos ditos novos contratos en arqueo bruto compensado (CGT), Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma con maior arqueo, con 141.811 CGT, o 72% do total estatal, fronte ao 15% e 13% do País Vasco e Asturias.

A carteira de pedidos dos estaleiros galegos a 31 de decembro de 2018 era de 27 buques, seis máis que na mesma data do ano anterior, que equivale a 251.880 CGT, o 256% do total estatal. No último ano Galicia é a C.A. con maior número de buques en carteira, seguida de Asturias (14 buques) e o País Vasco con 12 buques.


O carácter exportador da industria naval queda reflectido no feito de que dos devanditos 27 novos contratos, só catro se corresponden con clientes españoles, e os restantes 23 son contratos con terceiros países, destacando en canto a número Arxentina con tres contratos, Groenlandia con dous, Kuwait dous, Alxeria dous, así

como, entre outros, Francia, Portugal, Dinamarca, Marrocos, cun contrato.

En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probas oficiais), reflicte que o arqueo bruto compensado dos estaleiros galegos superou no último ano as 82.054 CGT, o que a sitúa como a Comunidade con maior actividade, moi por diante de Andalucía (45.521 CGT), do País Vasco (41.494 CGT) e de Asturias (32.230 CGT).


Comparando a situación da construción naval nos estaleiros galegos entre os anos 2008 e 2018, **cadro 3.1.29.**, obsérvase un notable descenso do índice de actividade ponderada, que acada o seu valor mínimo en 2014, con 26.488 CGT. O arqueo dos barcos construídos nos estaleiros galegos pasou das 172.878 CGT de 2008 ata as 82.054 CGT no ano 2018, o terceiro valor máis elevado da serie histórica e o maior dende o ano 2010.

## Construción





**Distribución porcentual do VEB da construción por comarcas. 2016**

**VEB e emprego na construcción 2009-2018** (1) (2)




(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 13-03-2019)
(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo (ano 2016 son datos provisionais e 2017 e 2018 son avance)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

## 3.1.30.




## 3.1.31.

No ano 2018 mantense a tendencia positiva no sector, cun aumento no valor engadido bruto da construción a unha taxa de variación interanual positiva do 6,1%, aínda que perdendo intensidade fronte á taxa do ano anterior que foi do 6,7%.

Comparado co total estatal, os datos de primeira estimación da Contabilidade Rexional do INE indican que o valor engadido xerado por esta rama de actividade ascende a 3.760,5 millóns de euros, o que representa o 6,2% do total estatal, dúas décimas menos que en 2016. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no PIB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (6,2% en Galicia e 5,2% de media en España).

No que respecta ao emprego no sector, o avance de resultados para o ano 2018 dos postos de traballo equivalentes a tempo completo mostran un incremento do 4,5%, ata acadar os 72.537 postos de traballo no sector da construción, o que supón o 7,2% do total galego. Así mesmo, a ocupación estimada pola EPA reflicte un aumento do 1% en relación ao ano precedente, acadando as 67.300 persoas (700 persoas ocupadas máis). As persoas ocupadas na construción estimadas pola EPA supoñen o 6,2% da ocupación total en Galicia.

En canto aos datos de visados de obra nova proporcionados polo Ministerio de Fomento, que se poden tomar como un indicador adiantado da actividade no sector,

**Visados de dirección de obra en Galicia e España 2017-18: distribución segundo tipo de obra**

**Obra nova**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 |
| | | | (%) | | | (%) |
| **Total edificios** | 1.482 | 1.513 | 2,1 | 27.502 | 30.543 | 11,1 |
| **Uso residencial** | 1.222 | 1.282 | 4,9 | 23.046 | 25.751 | 11,7 |
| **Servizos comerciais** | 58 | 58 | 0,0 | 1.440 | 1.557 | 8,1 |
| **Uso industrial** | 52 | 41 | -21,2 | 434 | 403 | -7,1 |
| **Outros** | 150 | 132 | -12,0 | 2.582 | 2.832 | 9,7 |

**Obras de ampliación**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 |
| **Total edificios** | 156 | 146 | -6,4 | 3.156 | 3.055 | -3,2 |
| **Vivendas** | 102 | 88 | -13,7 | 2.221 | 2.007 | -9,6 |
| **Outros** | 54 | 58 | 7,4 | 935 | 1.048 | 12,1 |

**Obras de reforma e/ou restauración**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 |
| **Total edificios** | 1.476 | 1.642 | 11,2 | 32.313 | 32.962 | 2,0 |
| **Vivendas** | 1.161 | 1.298 | 11,8 | 25.996 | 25.963 | -0,1 |
| **Outros** | 315 | 344 | 9,2 | 6.317 | 6.999 | 10,8 |

Fonte: Ministerio de Fomento, *Obras en edificación*

## 3.1.32.

en 2018 visáronse 1.513 edificios novos, un 2% máis que no ano anterior, cunha superficie total de 951 mil metros cadrados, un 28% superior á de 2017. O incremento na superficie a construír é consecuencia, fundamentalmente, do aumento da superficie destinada a bloques de vivendas familiares de uso residencial.

A superficie a construír de visados de obra nova supera os 951 mil metros cadrados, dos que o 82% (777.631 metros cadrados) corresponden a edificios de uso residencial.

No que respecta ás obras de reforma e/ou restauración, no ano 2018 reformáronse en Galicia un total de 1.298 vivendas, un 11,8% máis que no ano anterior, o que representa o 5% do total estatal. Estas reformas contaron cun orzamento de 81 millóns de euros, o que supón un incremento do 7,7% en relación ao ano anterior.

Unha porcentaxe moi elevada da produción do sector da construción está representada pola obra pública. A licitación de obra pública no ano 2018 caracterizouse por un aumento no seu importe total do 79,4%, fronte ao incremento do 30% rexistrado no conxunto do Estado.

En termos nominais, a licitación pública acadou os 1.067 millóns de euros, en torno a 472 millóns de euros máis que no ano anterior.

Atendendo aos distintos niveis administrativos, o aumento nas contías licitadas rexístrase nos tres niveis administrativos. A licitación pública por parte da Administración Xeral do Estado (AXE), creceu un 79% respecto ao ano anterior, acadando os 328 millóns de euros (30,6% da licitación total en Galicia). Como mostra o **cadro 3.1.33.**, esta aumento rexístrase no investimento do Ministerio de Fomento, que en 2018 sitúase en 292 millóns de euros (166 millóns de euros máis que en 2017), diminuíndo a licitación pública en Galicia dos Ministerios de Transición Ecolóxica (92% menos que no ano anterior), así como do resto a Administración Xeral (8,4% menos que en 2017).

**Licitación pública en Galicia e España 2017-18: distribución segundo administracións**

| | 2017 | | 2018 | | 18/17 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| | *(en millóns de euros)* | | | | *(%)* | |
| **Administración Xeral do Estado** | 182,6 | 3.827,4 | 328,2 | 5.414,6 | 79,74 | 41,47 |
| **Mº Fomento** | 126,1 | 3.022,4 | 292,0 | 4.805,4 | 131,62 | 58,99 |
| **Mº para a Transición Ecolóxica** | 18,7 | 339,3 | 1,6 | 93,4 | -91,56 | -72,46 |
| **Resto Admón. Xeral** | 37,8 | 465,8 | 34,6 | 515,7 | -8,44 | 10,73 |
| **Administración Autonómica** | 212,3 | 3.936,6 | 336,7 | 4.206,0 | 58,58 | 6,84 |
| **Administración Local** | 200,8 | 5.111,0 | 403,9 | 7.129,1 | 101,15 | 39,49 |
| **Concellos** | 133,7 | 3.842,7 | 332,2 | 5.404,1 | 148,43 | 40,63 |
| **Outras Administracións** | 67,1 | 1.268,3 | 71,8 | 1.724,9 | 6,96 | 36,01 |

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

## 3.1.33.

**Licitación pública 2017-18: distribución segundo administración e tipo de obra**

**2017**

| | Administracións públicas | | | Tipo de obra | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Central | Autonómica | Local | Edificación | Obra civil | |
| | *(en millóns de euros)* | | | | | |
| **Total** | 182,23 | 212,33 | 200,82 | 210,00 | 385,38 | 595,38 |
| **A Coruña** | 50,78 | 84,58 | 79,62 | 76,52 | 138,47 | 214,99 |
| **Lugo** | 41,24 | 11,24 | 33,45 | 22,42 | 63,50 | 85,92 |
| **Ourense** | 38,13 | 34,72 | 14,78 | 15,39 | 72,24 | 87,63 |
| **Pontevedra** | 52,08 | 81,79 | 72,97 | 95,67 | 111,17 | 206,84 |

**2018**

| | Administracións públicas | | | Tipo de obra | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Central | Autonómica | Local | Edificación | Obra civil | |
| | *(en millóns de euros)* | | | | | |
| **Total** | 326,80 | 336,48 | 403,94 | 371,33 | 695,89 | 1.067,22 |
| **A Coruña** | 78,53 | 241,55 | 166,26 | 200,71 | 285,64 | 486,35 |
| **Lugo** | 4,28 | 20,74 | 59,17 | 24,10 | 60,09 | 84,19 |
| **Ourense** | 213,18 | 17,82 | 25,28 | 56,10 | 200,18 | 256,28 |
| **Pontevedra** | 30,81 | 56,37 | 153,23 | 90,42 | 149,98 | 240,40 |


Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

## 3.1.34.

A licitación pública da Administración Autonómica aumenta no último ano en torno ao 58,5% para acadar os 327 millóns de euros, o que representa o 31,5% da licitación pública total en Galicia. Ao mesmo tempo, a licitación da Administración Local aumenta por riba do 100% no último ano para situarse nos 404 millóns de euros, o 38% do total.

A provincia con maior volume de licitación de obra pública no ano 2018 volve a ser A Coruña, con 486 millóns de euros, o 45,6% da licitación total de Galicia, seguida de Ourense, con 256 millóns, e Pontevedra con 240 millóns de euros. Lugo con 85 millóns de euros é a que menos licitación pública recibe e a única que non incrementa a licitación en relación ao ano anterior. Neste senso, a provincia da Coruña aumenta nun 126% o valor da licitación total en relación ao ano anterior; Ourense, un 192%; e Pontevedra, un 16,2%; finalmente, en Lugo descende un 2%.

**Licitación oficial de Galicia por tipo de obra 2009-17**




Fonte: Ministerio de Fomento. Licitación oficial en construcción.

Pendente 2018, sen publica

## 3.1.35.

Atendendo á súa desagregación segundo nivel administrativo, do **cadro 3.1.34.** despréndese que tan só A Coruña presenta un incremento da licitación realizada polas tres administracións. Por contra, a licitación da AXE descende en Lugo e Pontevedra (37 e 21 millóns de euros menos, respectivamente), reducíndose a realizada pola Administración autonómica en Ourense e Pontevedra (16,9 e 25,4 millóns de euros respectivamente); finalmente todas as provincias incrementan a licitación realizada pola Administración local.

No concernente á desagregación da licitación segundo tipos de obra, no ano 2018 aumenta de maneira significativa a licitación tanto en edificación como en obra civil; esta última se sitúa en 696 millóns de euros, 310 millóns máis que no ano anterior, o que supón o 65% do total galego. A licitación en edificación aumenta tamén en relación ao ano anterior, acadando os 371 millóns de euros (161 millóns máis que en 2017).

**• Datos de vivenda**

Ademais dos datos analizados no apartado anterior relacionados coa construción residencial, un indicador importante de demanda no ámbito da vivenda, é o número de hipotecas constituídas. Os datos do INE amosan que, seguindo a tendencia iniciada no ano anterior, en 2018 aumenta o número de hipotecas aínda que diminúe o seu importe medio.

O **cadro 3.1.36.** reflicte que en 2018, tras unha medra do 4,1% (10,8% a nivel estatal), constituíronse un total de 16.781 hipotecas sobre fincas urbanas, reducíndose en tres décimas o peso relativo no total estatal, ata o 3,6%. Un ano máis, a provincia da Coruña é a que presenta o maior número de hipotecas constituídas, con 7.483, un 4,2% máis que no ano anterior, por diante de Pontevedra, con 6.164 hipotecas (5,5% máis que en 2017). Lugo volve a rexistrar un descenso do número de hipotecas sobre fincas urbanas, cun 3,9% menos que no ano anterior, constituíndose un total de 1.656 hipotecas.

Tal como se sinalou anteriormente, o importe medio das hipotecas constituídas sobre vivendas urbanas en Galicia, redúcese en 2018 un 5,7%, fronte ao incremento do 1,1% de media no Estado. O importe medio das hipotecas ascende en Galicia en 2018 a 95.900 euros, en tanto que no Estado o valor medio sitúase en 142.600 euros.

Os datos facilitados polo INE reflicten un descenso xeneralizado no importe medio das hipotecas nas catro provincias galegas, destacando Lugo que rexistra un importe medio de 69.200 euros, un 19,2% menos que no ano anterior. A provincia da Coruña, tras unha caída do 6,8%, presenta o importe medio máis elevado de Galicia con 105.300 euros, seguida de Pontevedra e Ourense con 96.300 euros e 76.300 euros respectivamente.

**Hipotecas de fincas urbanas en Galicia e España 2017-18**

| | Hipotecas constituidas | | | Importe medio | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 |
| | | | | *(en miles de euros)* | | |
| **Galicia** | 16.114 | 16.781 | 4,1 | 101,6 | 95,9 | -5,7 |
| **A Coruña** | 7.178 | 7.483 | 4,2 | 113,0 | 105,3 | -6,8 |
| **Lugo** | 1.723 | 1.656 | -3,9 | 85,6 | 69,2 | -19,2 |
| **Ourense** | 1.371 | 1.478 | 7,8 | 81,7 | 76,3 | -6,7 |
| **Pontevedra** | 5.842 | 6.164 | 5,5 | 97,1 | 96,3 | -0,8 |
| **España** | 416.288 | 461.353 | 10,8 | 141,0 | 142,6 | 1,1 |
| **Galicia / España** *(%)* | 3,9 | 3,6 | | 72,1 | 67,2 | |

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

## 3.1.36.

**Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2010-18**

| | Interbancarios | | Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición de vivenda libre | |
|---|---|---|---|---|
| | Mibor a un ano | Euribor a un ano | A máis de 3 anos Entid. de crédito España | Entre 1 e 5 anos Entid. de crédito Zona euro |
| | *(medias anuais)* | | | |
| **2010** | 1,350 | 1,350 | 2,770 | - |
| **2011** | 2,029 | 2,006 | 3,383 | - |
| **2012** | 1,111 | 1,111 | 3,416 | - |
| **2013** | 0,536 | 0,536 | 3,353 | 3,093 |
| **2014** | 0,477 | 0,476 | 3,004 | 2,818 |
| **2015** | 0,168 | 0,169 | 2,212 | 2,374 |
| **2016** | -0,034 | -0,034 | 1,952 | 2,053 |
| **2017** | -0,145 | -0,145 | 1,910 | 1,910 |
| **2018** | -0,173 | -0,173 | 1,921 | 1,844 |

Fonte: Banco de España, *Boletín estadistico*

## 3.1.37.

**Compravenda de vivendas en Galicia e España 2009-18** (1)

| | Galicia | | | | | España |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | |
| **2009** | 21.292 | 9.380 | 2.955 | 2.361 | 6.596 | 413.393 |
| **2010** | 22.570 | 10.344 | 3.119 | 2.728 | 6.379 | 439.591 |
| **2011** | 16.437 | 7.295 | 2.299 | 1.944 | 4.899 | 359.824 |
| **2012** | 14.534 | 6.597 | 1.820 | 1.634 | 4.483 | 318.534 |
| **2013** | 12.568 | 5.286 | 2.047 | 1.365 | 3.870 | 312.593 |
| **2014** | 11.966 | 5.126 | 1.914 | 1.163 | 3.763 | 318.830 |
| **2015** | 12.537 | 5.383 | 1.929 | 1.235 | 3.990 | 355.556 |
| **2016** | 13.431 | 6.022 | 1.802 | 1.408 | 4.199 | 405.385 |
| **2017** | 14.672 | 6.364 | 1.769 | 1.535 | 5.004 | 467.644 |
| **2018** | 16.449 | 7.262 | 1.874 | 1.776 | 5.537 | 515.051 |
| **18/17** | 1.777 | 898 | 105 | 241 | 533 | 47.407 |
| **18/09** | -4.843 | -2.118 | -1.081 | -585 | -1.059 | 101.658 |

**(1) datos 2018 son provisionais**
Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*


## 3.1.38.

No ano 2018 increméntanse novamente as compravendas de vivendas, cunha  taxas de variación interanual do 12% fronte ao 10% de media no conxunto do Estado. Segundo os datos publicados polo INE en Galicia rexistráronse no último ano un total de 16.449 transaccións, o que supón o 3,2% do total estatal. Todas as provincias galegas, presentan un aumento  nas compravendas de vivendas que en 2017, rexistrándose o incremento máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, na provincia da Coruña (898 transaccións máis, un 14% de aumento) (**cadro 3.1.38.**).

No que respecta ao prezo medio da vivenda, en 2018 o valor medio do Índice de prezos da vivenda tanto para vivenda nova como para vivenda de segunda man aumenta en todas as Comunidades Autónomas.


Na media do Estado no último ano o índice de prezos da vivenda aumenta un 6,7% en relación ao ano anterior para situarse en 118,6 puntos (2015=100), en Galicia o seu incremento é do 3,8%, situándose o seu valor medio en 107,7 puntos. Este crecemento máis moderado apréciase no caso da vivenda de segunda man, pero non así no prezo da vivenda nova, que en Galicia aumenta un 7,7% mentres que no conxunto do Estado, o índice aumenta un 6,7%.

## Sector servizos




**Distribución porcentual do VEB do sector servizos por comarcas. 2016**

**VEB e emprego nos servizos 2009-2018** (1) (2)




(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 13-03-2019)
(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo (ano 2016 son datos provisionais e 2017 e 2018 son avance)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

## 3.1.39.

O VEB do sector servizos aumentou no ano 2018 un 2,5% de media en termos reais, seis décimas menos que no ano anterior. As distintas ramas de actividade do sector servizos evolucionan favorablemente con crecementos relativos que van dende o 6% das actividades financeiras e de seguros ata o 1% das actividades artísticas e recreativas; sen embargo o aumento máis importante en termos cuantitativos é o do comercio, transporte e hostalería con case 500 millóns de euros máis de VEB que en 2017.


A evolución trimestral reflicte unha ralentización das súas taxas de variación interanual medrando un 7,8% no primeiro trimestre fronte ao 4,6% do último trimestre do ano.

En termos monetarios, segundo datos da Contabilidade rexional de España do INE, o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 36.787,3 millóns de euros, o que representa o 60,5% do PIB galego (66,7% no caso do VEB). No conxunto do Estado, estas porcentaxes ascenden ata o 66,4% e 73,3%, respectivamente. Os datos da Contabilidade Rexional de España indican que Galicia xera o 4,8% do valor engadido bruto total do sector no conxunto do Estado, o que a mantén como a sexta Comunidade con maior peso relativo, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e País Vasco.


Os indicadores de actividade do sector servizos proporcionan información da evolución no curto prazo la actividade das empresas do sector servizos, neste senso, (**cadro 3.1.41.**) en 2018 a cifra de negocios dos servizos de mercado aumentou de media un 5%, case tres puntos porcentuais menos que no ano anterior, o que indica que os importes facturados polas empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresas do sector, incluídos os realizados por subcontratación, frean o ritmo de crecemento no último ano.

Dunha banda, as vendas da rama de comercio experimentaron unha ralentización no seu crecemento, ao incrementarse a cifra de negocio un 5,5%, máis de tres puntos menos que en 2017. Esta diminución da taxa de variación interanual prodúcese a pesar do significativo aumento nos importes facturados na venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas que non consegue paliar os descensos tanto no comercio ao retallo como no comercio por xunto e intermediarios do comercio, que frean o seu ritmo de crecemento.

Doutra banda, no que respecta a "outros servizos", a cifra de negocios tamén reduce o seu ritmo de crece-




Fonte: IGE




## 3.1.40.

**Índice de cifra de negocios por sectores de actividade 2012-18**

| | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | (%) | | | |
| **Xeral** | -2,9 | -2,6 | 2,6 | 5,0 | 8,9 | 7,9 | 5,0 |
| **Comercio** | -3,1 | -2,4 | 2,6 | 5,1 | 10,3 | 8,8 | 5,5 |
| **Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas** | -16,0 | -0,3 | 7,9 | 8,6 | 5,2 | -6,1 | 8,5 |
| **Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas** | -2,5 | -2,2 | 3,4 | 5,8 | 14,6 | 11,7 | 6,5 |
| **Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas** | -1,6 | -3,4 | -0,2 | 2,8 | 1,9 | 3,7 | 2,4 |
| **Outros servizos** | -3,4 | -3,0 | 2,6 | 5,1 | 4,6 | 4,9 | 3,5 |
| **Transporte e almacenamento** | -0,2 | -1,2 | 4,9 | 2,4 | 1,9 | 3,4 | 3,2 |
| **Hostalería** | -5,6 | -3,8 | 0,3 | 8,5 | 8,1 | 5,9 | -1,5 |
| **Información e comunicacións** | -6,2 | -8,8 | -2,0 | 2,8 | 4,0 | 4,2 | 0,0 |
| **Actividades profesionais, científicas e técnicas** | 0,4 | -4,8 | 4,6 | 5,0 | 1,8 | 5,4 | 6,3 |
| **Actividades administrativas e servizos auxiliares** | -5,4 | 4,5 | 2,9 | 12,6 | 12,1 | 8,6 | 12,5 |

**(1) Base 2015. Tasas de variación da media do que vai de ano**

Fonte: IGE, Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos.

## 3.1.41.

mento ata o 3,5%. Cómpre mencionar o comportamento das actividades profesionais, científicas e técnicas, e das actividades administrativas e servizos auxiliares que melloran o seu comportamento con aumentos no índice de cifra de negocios en relación ao ano anterior. Pola contra hai actividades con comportamentos menos favorables, en concreto as actividades de hostalería (con un índice negativo do 1,5%); os servizos de información e comunicación, que non aumentan a cifra de negocios no ano 2018; ou o transporte e almacenamento, que incrementa a súa facturación, medida a través do índice de cifra de negocios, nun 3,2%, dúas décimas menos que no ano precedente.

O incremento da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do emprego. As contas económicas indican que o traballo equivalente a tempo completo no sector servizos medra en Galicia un 2,1% no último ano, rexistrándose esta mesma tendencia positiva en todas as ramas de actividade, agás nas actividades financeiras e de seguros e as actividades artísticas, recreativas e outros servizos que perden respectivamente 260 e 594 empregos equivalentes a tempo completo menos. En termos relativos, os maiores incrementos estímanse nas "actividades inmobiliarias" e nas "actividades profesionais" cun 7,8% e 3,4%, respectivamente.

A EPA estima un aumento da ocupación no sector servizos de 33.600 persoas, fronte aos 4.200 ocupados máis no ano anterior. Por ramas de actividade, destaca o incremento de 13.400 ocupados nas actividades de información, financeiras, inmobiliarias y profesionais (CNAE 58-82), ou de 7.300 ocupados nas actividades sanitarias e de servizos sociais (CNAE 86-88), fronte ao descenso de 3.700 ocupados na Educación (CNAE 85), ou de 2.300 ocupados no "resto de servizos" (CNAE 90-99).

Tras unha medra do 4,5% na poboación ocupada no sector servizos segundo a EPA, o dobre do estimado para o conxunto de Galicia (2,4%), no ano 2018 había un total de 773.300 ocupados estimados no sector servizos, o que representa o 71,8% do emprego en Galicia, sendo especialmente importante a ocupación feminina xa que o 85% das mulleres ocupadas en Galicia traballan no sector terciario (60% entre os homes).

Por ramas de actividade salienta o subsector do comercio e reparación de vehículos de motor, con 180.200 persoas, o 23,3% do emprego no sector, o das actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais con 146.200 ocupados (18,9%), ou as actividades sanitarias e servizos sociais, con 97.900 persoas (12,7%) entre outros.

**• Comercio**

O consumo final dos fogares medrou no ano 2018 un 2,2% en relación ao ano anterior, un aumento seis décimas superior ao de 2017. Este incremento no gasto en consumo final debería favorecer á actividade comercial, sen embargo, as vendas do comercio ao retallo, sen incluír as vendas de vehículos de motor e motocicletas, presentan no ano 2018 unha ralentización no seu crecemento. O índice xeral de vendas ao retallo, medido en prezos constantes, presenta no último ano unha taxa de variación interanual do 0,6%, seis décimas menos que no ano anterior, sendo esta medra do 0,8% no conxunto do Estado. Tal como se aprecia no **cadro 3.1.42.**, o índice de ocupación mantén a súa tendencia positiva de xeito que a ocupación aumenta un 1% respecto ao ano anterior, tanto en Galicia como no conxunto do Estado.


O número de establecementos de comercio ao retallo, contabilizados a partir do Directorio central de empresas do INE, a 1 de xaneiro de 2018 descendía en Galicia ata os 36.289, o que supón unha redución de 635 establecementos en relación á mesma data do ano anterior.

O número de empresas de comercio ao retallo existentes ao comezo do ano 2018 cae ata as 28.820 empresas, 547 menos que ano anterior. Nos últimos dez anos (2008-2018) perdéronse case 6.000 empresas de comercio polo miúdo, excepto de motor e motocicletas, rexistrándose o descenso máis pronunciado na categoría de comercio ao retallo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados (1.992 empresas menos), seguido polos establecementos de comercio ao retallo doutros artigos en establecementos especializados (1.417 empresas menos).


En termos de emprego, tal como recolle o **cadro 2.1.5.**

**Comercio interior minorista 2008-18: índices de vendas e ocupación (1)**

**índice xeral de vendas** *(prezos constantes)*




**índice de ocupación**




**(1) Empresas incluídas na división 47 da CNAE-2009** ***Comercio ao retallo, excepto de vehículos de motor e motocicletas***
Fonte: INE, *Índice de comercio al por menor*

## 3.1.42.

**Comercio minorista en Galicia e España 2017-18: principais indicadores**

| | Empresas (1) | | | Locais (1) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 |
| **Galicia** | 29.367 | 28.820 | -547 | 36.924 | 36.289 | -635 |
| **España** | 458.169 | 451.471 | -6.698 | 573.676 | 566.822 | -6.854 |

**(1) datos a partir de INE,** ***Directorio central de empresas*** **(datos a 1 de xaneiro de cada ano)**
Fonte: INE, Explotación estadística do directorio central de emresas. DIRCE

## 3.1.43.

**Viaxeiros, pernoitas e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2017-18** (1)

**2017**

| | Viaxeiros | | | Pernoitas | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | residentes en España | residentes no estranxeiro | Total | residentes en España | residentes no estranxeiro | |
| **Galicia** | 4.495.652 | 3.196.478 | 1.299.174 | 8.807.923 | 6.703.142 | 2.104.781 | 1,96 |
| **A Coruña** | 2.062.855 | 1.316.713 | 746.142 | 3.684.424 | 2.487.772 | 1.196.652 | 1,79 |
| **Lugo** | 676.572 | 472.951 | 203.621 | 1.089.815 | 852.391 | 237.424 | 1,61 |
| **Ourense** | 317.020 | 282.251 | 34.769 | 620.505 | 545.990 | 74.515 | 1,96 |
| **Pontevedra** | 1.439.205 | 1.124.563 | 314.642 | 3.413.179 | 2.816.989 | 596.190 | 2,37 |
| **España** | 103.804.066 | 50.463.169 | 53.340.897 | 340.582.713 | 115.834.589 | 224.748.124 | 3,28 |

**2018**

| | Viaxeiros | | | Pernoitas | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | residentes en España | residentes no estranxeiro | Total | residentes en España | residentes no estranxeiro | |
| **Galicia** | 4.163.997 | 3.034.080 | 1.129.917 | 8.438.630 | 6.458.187 | 1.980.443 | 2,03 |
| **A Coruña** | 1.852.552 | 1.232.284 | 620.269 | 3.454.345 | 2.369.228 | 1.085.117 | 1,86 |
| **Lugo** | 577.541 | 443.647 | 133.894 | 1.038.677 | 863.799 | 174.879 | 1,80 |
| **Ourense** | 335.986 | 292.943 | 43.043 | 629.476 | 548.203 | 81.273 | 1,87 |
| **Pontevedra** | 1.397.918 | 1.065.207 | 332.711 | 3.316.131 | 2.676.957 | 639.174 | 2,37 |
| **España** | 105.259.817 | 51.112.894 | 54.146.923 | 340.251.479 | 116.484.087 | 223.767.392 | 3,23 |

**(1) datos 2018 son provisionais**
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

## 3.1.44.

*[Afiliacións á Seguridade Social 2017-18: distribución segundo principais ramas de actividade]*, no ano 2018 a actividade de comercio ao retallo, agás vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), segue a ser con diferencia a que acolle un maior número de afiliacións á S.S., con 106.948 persoas afiliadas, o 10,7% do total, un 0,5% menos que as rexistradas no ano anterior. En sexto lugar en termos de afiliacións atópase a actividade de Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46), con 48.207 afiliacións, o 4,8% do total de Galicia. O 30% do total de afiliados na actividade de comercio ao retallo pertencen ao réxime especial de autónomos, sendo esta porcentaxe do 25,7% no caso do comercio por xunto (21,3% no conxunto de Galicia).


**• Turismo**

Segundo os datos proporcionados pola *Enquisa de ocupación hotelera* do INE, o número de turistas rexistrados nos establecementos hoteleiros de Galicia ascendeu no ano 2018 a 4,2 millóns de persoas (**cadro 3.1.44.**), un 7,4% menos que no ano anterior, o que representa o 4% do número de turistas a nivel estatal. Fronte ao aumento do número de turistas a nivel estatal, en Galicia descende o número de viaxeiros por primeira vez dende o ano 2012.

O descenso no número de turistas prodúcese tanto nos viaxeiros residentes en España como nos non residentes. En termos absolutos, no último ano rexistráronse en Galicia 331.656 turistas menos, dos que 162.398 son residentes en España (5,1% menos que no ano anterior) e 169.258 persoas, residentes no estranxeiro (13,1% menos). Galicia segue caracterizándose polo elevado peso relativo do turismo de persoas residentes en España en comparación co que acontece no conxunto do Estado, onde os residentes representan o 48,6% dos turistas, fronte ao 72,9% en Galicia.

Todas as provincias, agás Ourense, perden viaxeiros. A provincia da Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 1,8 millóns, superando a Pontevedra, con 1,4 millóns de viaxeiros. A redución no nú-

**Viaxeiros e pernoctacións 2009-18: taxa de variación e distribución segundo orixe**




(1) datos 2018 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

## 3.1.45.

mero de viaxeiros que se rexistra no ano 2018 é consecuencia, especialmente, da caída de 210.000 turistas na provincia da Coruña, o que supón un 10,2% menos que no ano anterior; a provincia de Pontevedra presenta unha caída moito menor, de 41.000 viaxeiros o que supón un 2,9% menos que en 2017.

Xunto á redución no número de viaxeiros tamén se rexistra en 2018 en Galicia unha caída no número de pernoitas en establecementos hoteleiros. As pernoitas rexistradas en establecementos hoteleiros experimentaron en Galicia unha caída do 4,2% respecto aos datos do ano precedente, acadando os 8,4 millóns, fronte ao estancamento no conxunto do Estado.

O maior descenso do número de viaxeiros que de pernoitas explica a lixeira mellora da estadía media nos establecementos hoteleiros galegos, que se sitúa en 2,03 días (3,23 días no conxunto do Estado). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros estranxeiros é de 1,75 días, cifra sensiblemente inferior á rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España (2,13 días). A estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 4,13 días e a dos viaxeiros españois, de 2,28 días. As catro provincias galegas presentan estadías medias inferiores á media estatal, tanto para non residentes como para residentes, agás na provincia de Pontevedra onde se rexistra unha estadía para residentes superior á estatal (2,51 fronte a 2,28 en España).

A estacionalidade, aínda que menos no último exercicio, segue sendo unha das debilidades do sector, así, tal como se reflicte no **cadro 3.1.46.**, o grao máximo de ocupación hoteleira por praza en Galicia é do 65% e o mínimo, do 21%. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 76,3% e o 45,9% respectivamente. No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza mantense practicamente estable, cunha décima máis respecto ao ano anterior, para situarse no 38,7%, porcentaxe aínda moi lonxe da media estatal, que foi do 60,4%.

O lixeiro incremento do grao de ocupación en xaneiro e a diminución en agosto repercuten en que o diferencial entre ocupación mínima e máxima caía ata os 44 puntos en Galicia, igual que sucede no conxunto do Estado onde o diferencial descende ata os 30,4 puntos.

A evolución dos prezos recibidos polas empresas estúdase a partir do índice de prezos hoteleiros (IPH), que ten en conta as tarifas que aplican a todos os seus clientes, isto é, a fogares, empresas, touroperadores e axencias de viaxes. Por cuarto ano consecutivo a taxa media ponderada do IPH en Galicia presenta unha taxa de va-


**Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2017-18** (1)


**Galicia**

| | Grao de ocupación por praza | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|
| | Total | Valor máximo | Valor mínimo | Total |
| **2017** | 38,6 | 66,8 | 19,1 | 1,96 |
| **2018** | 38,7 | 65,0 | 21,0 | 2,03 |

**España**

| | Grao de ocupación por praza | | | Estadía media |
|---|---|---|---|---|
| | Total | Valor máximo | Valor mínimo | Total |
| **2017** | 61,0 | 77,2 | 45,2 | 3,28 |
| **2018** | 60,4 | 76,3 | 45,9 | 3,23 |




(1) datos 2018 son provisionais

Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

## 3.1.46.

riación interanual positiva, aumentando no ano 2018 un 1,3%, 1,7 puntos porcentuais menos que no ano precedente. Todas as CC.AA., agás Cataluña, presentan unha medra deste índice de prezos, sendo o incremento medio no conxunto do Estado do 1,5%, seis puntos menos que no ano anterior.

A rendibilidade das actividades hoteleiras valórase a partir da análise de dous indicadores de rendibilidade do sector, como son a tarifa media diaria e os ingresos por habitación dispoñible.

Dunha banda, a tarifa media diaria mide os ingresos medios diarios obtidos por habitación ocupada. Tanto en Galicia como en España, este indicador presenta un mellor comportamento que no ano anterior, medrando en 2018 un 2,3% en Galicia (2,7% no ano anterior) fronte á mellora nun 2% na tarifa media no conxunto do Estado (6,2% en 2017).

Doutra banda, os ingresos medios por habitación dispoñible aumentaron ata os 25,2 euros nominais en Galicia en 2018, un 2,8% máis que no anterior. O ingreso medio por habitación dispoñible no Estado foi de 59,4

**Turismo rural en Galicia e España 2017-18 (1): principais indicadores**

| | 2017 | | 2018 | | 18/17 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| **Viaxeiros** | 216.519 | 4.049.975 | 217.733 | 4.250.768 | 1.214 | 200.793 |
| **residentes en España** | 159.164 | 3.265.243 | 154.920 | 3.377.784 | -4.244 | 112.541 |
| **residentes no estranxeiro** | 57.355 | 784.732 | 62.813 | 872.984 | 5.458 | 88.252 |
| **Pernoitas** | 449.038 | 11.033.771 | 416.423 | 11.407.883 | -32.615 | 374.112 |
| **residentes en España** | 340.057 | 8.075.821 | 310.859 | 8.184.068 | -29.198 | 108.247 |
| **residentes no estranxeiro** | 108.981 | 2.957.950 | 105.564 | 3.223.815 | -3.417 | 265.865 |
| **Grao de ocupación por praza** | | | (%) | | | |
| **media** | 20,2 | 19,2 | 18,6 | 19,3 | | |
| **fin de semana** | 31,2 | 33,5 | 28,2 | 33,1 | | |
| **Estadía media** *(en días)* | 2,07 | 2,72 | 1,91 | 2,68 | | |

**(1) datos 2018 son provisionais**
Fonte: INE, *Encuesta de ocupacion en alojamientos de turismo rural*

## 3.1.47.

euros, un 1,6% máis que en 2017.
Dentro do chamado turismo extrahotelereiro analízanse o turismo rural e as vivendas de uso turístico (VUT), ás que se presta especial atención pola novidade e o impacto que imprimen no panorama turístico en Galicia.

No concernente ao **turismo rural**, a súa evolución segue sendo positiva atendendo ao número de viaxeiros, se ben este incremento é inferior ao rexistrado no ano anterior, aínda eu non seguen a mesma tendencia o número de pernoitas. Segundo se reflicte no **cadro 3.1.47.**, no conxunto do ano 2018 o número de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural presenta unha medra do 0,6% en relación ao ano anterior, con case 218 mil persoas, en tanto que o número de pernoitas descende acadando as 416mil, un 7,3% menos ás rexistradas en 2017. No conxunto do Estado o número de viaxeiros de turismo rural aumenta nun 5% e as pernoitas nun 3,4%, este mellor comportamento a nivel estatal, conduce a que o peso relativo da actividade en Galicia en comparación coa media española descende ata o 5,1% no caso dos viaxeiros, situándose no 3,4% no das pernoitas.

A meirande parte dos viaxeiros que acoden a establecementos de turismo rural en Galicia son de nacionalidade española, máis no último ano estes viaxeiros reducíronse fronte ao aumento dos viaxeiros residentes no estranxeiro, polo que no aumenta a importancia relativa do turista residente no estranxeiro en detrimento do residente en España, con porcentaxes do 28,8% e 71,2% respectivamente, fronte ao 26,5% e 73,5% do ano 2017.

O 47,9% dos viaxeiros residentes en España proceden de dentro da Comunidade, seguidos polos procedentes de Madrid (15,9% do total) e Cataluña (6,4% do total).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural caeu no ano 2018 ata situarse en Galicia no 18,6%, fronte ao 20,2% do ano anterior, sendo inferior á rexistrada de media en España (19,3%). Na fin de semana o grao de ocupación por praza ascende ata o 28,2% na Comunidade Autónoma e ata o 33,1% no conxunto do Estado. A estadía media nos establecementos galegos situouse en 1,9 días, inferior aos 2,7 días da media estatal.

Tal como se sinalou anteriormente as **vivendas de uso turístico** (VUT) son unha novidade dentro do oferta de aloxamento regulado en Galicia. Estas vivendas correspóndense con vivendas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración (inferior a

**Establecementos e prazas en VUT (1) segundo xeodestino**

| | Prazas | | Establecementos | | Prazas / Establ. |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(número)* | *(% sobre o total)* | *(número)* | *(% sobre o total)* | |
| **Ría de Arousa** | 10.199 | 33,6 | 1.866 | 33,3 | 5,5 |
| **Costa da Morte** | 3.727 | 12,3 | 675 | 12,1 | 5,5 |
| **Ría e Terras de Pontevedra** | 3.537 | 11,6 | 634 | 11,3 | 5,6 |
| **Mariña Lucense** | 2.913 | 9,6 | 589 | 10,5 | 4,9 |
| **Ría de Vigo e Baixo Miño** | 2.364 | 7,8 | 456 | 8,1 | 5,2 |
| **Terras de Santiago** | 2.284 | 7,5 | 447 | 8,0 | 5,1 |
| **A Coruña e As Mariñas** | 1.731 | 5,7 | 318 | 5,7 | 5,4 |
| **Ferrolterra** | 1.136 | 3,7 | 201 | 3,6 | 5,7 |
| **Ría de Muros e Noia** | 804 | 2,6 | 140 | 2,5 | 5,7 |
| **Lugo e a Terra Chá** | 405 | 1,3 | 71 | 1,3 | 5,7 |
| **Terras de Ourense e Allariz** | 392 | 1,3 | 66 | 1,2 | 5,9 |
| **Ribeira Sacra** | 284 | 0,9 | 49 | 0,9 | 5,8 |
| **O Ribeiro** | 191 | 0,6 | 30 | 0,5 | 6,4 |
| **Deza - Tabeirós** | 165 | 0,5 | 20 | 0,4 | 8,3 |
| **Celanova - Limia** | 115 | 0,4 | 16 | 0,3 | 7,2 |
| **Ancares - Courel** | 61 | 0,2 | 11 | 0,2 | 5,5 |
| **Manzaneda - Trevinca** | 31 | 0,1 | 4 | 0,1 | 7,8 |
| **Verín - Viana** | 25 | 0,1 | 3 | 0,1 | 8,3 |
| **Galicia** | 30.365 | 100 | 5.596 | 100 | 5,4 |

**(1) datos a maio de 2017**
Fonte: Turismo de Galicia

## 3.1.48.

trinta días consecutivos), amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria, coa peculiaridade de que poida ser ofertado por particulares na súa propia vivenda.


Segundo os datos que se presentaron no informe sobre o aloxamento turístico en Galicia 2018, o número de VUT a maio de 2017 era de 5.596, con 30.365 prazas. A distribución por xeodestinos destas VUT (**cadro 3.1.48.**) mostra a importante concentración nos xeodestinos que lindan co mar, sendo 9 dos xeodestinos interiores, coa excepción de Terras de Santiago, os que dispoñen de menos establecementos e prazas. A Ría de Arousa e Salnés acumulan dúas de cada cinco prazas e unha de cada tres VUT. No extremo oposto, apenas se localizan VUT nos xeodestinos máis rurais do interior da Comunidade, onde ningún supera o 1% das prazas nin acada o 1% dos establecementos.

Dende a súa aparición, as VUT supoñen un gran impacto no aloxamento turístico. Así, tal como se observa nos **gráficos 3.1.49.** e **3.1.50.**, en abril de 2018 as VUT supoñen o 60,1% dos establecementos turísticos en Galicia, tres de cada cinco, e o 17,7% das prazas totais. Así mesmo o número de VUT dende maio de 2017 a abril de 2018 increméntase progresivamente ata acadar as 5.570 altas no dito período.

Finalmente, cómpre facer referencia aos principais datos relativos á **peregrinación a Santiago** de Compostela. Como reflicte o **cadro 3.1.51.,** ao longo do ano 2018 a Oficina de Peregrinacións recibiu un total de 327.378 peregrinos, 26.342 persoas máis que no ano anterior, dos que un 56,9% percorreron o camiño francés (186.199 persoas), e case un 21% o camiño portugués (67.822 peregrinos). Comparado co ano anterior, salienta o forte incremento rexistrado no caso do camiño portugués, e do camiño portugués da costa, con 8.587 e 7.511 peregrinos máis respectivamente, así como o experimentado no caso do camiño francés con 5.491 persoas máis.

Atendendo ás nacionalidades dos peregrinos, o 56% das persoas que chegaron a Santiago no último ano (183.237 peregrinos) son de nacionalidade estranxeira, entre os que destacan os italianos (27.009 persoas), alemáns (25.296 persoas) e americanos (18.582 peregrinos). Entre os peregrinos de nacionalidade española, 30.833 persoas chegan de Andalucía, 28.680 da Comunidade de Madrid e 17.243 peregrinos da Comunidade Valenciana.


**VUT: evolución maio 2017 ata abril 2018**




Fonte: Turismo de Galicia

## 3.1.49.

**VUT: evolución maio 2017 ata abril 2018**




Fonte: Turismo de Galicia

## 3.1.50.

**• Transporte**

A estrada prevalece como a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros.

Case o 70% das mercadorías que se moveron en Galicia no ano 2018 utilizaron o trasporte por estrada. A pesar desta prevalencia, as mercadorías transportadas por estrada reducíronse un 2,8% no último ano, acadando os 106,1 millóns de toneladas, evolución que contrasta co incremento medio do 4,1% a nivel estatal; polo tanto o peso relativo sobre o total do Estado do transporte de mercadorías por estrada en Galicia, diminúe dende o 6,3% do ano 2017 ata o 5,9% no ano 2018.

No que respecta ao trasporte por estrada dentro do territorio nacional, **cadro 3.1.53.**, o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego é do 25,9%, moi inferior á media estatal que é do 37,4%, a diferencia do que acontece no caso do comercio intrarrexional, o segundo máis elevado, por detrás de Andalucía, co

**Peregrinación a Santiago de Compostela 2017-18**

| | 2017 | | 2018 | | 18/17 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | (persoas) | (%) | (persoas) | (%) | | (persoas) |
| **Peregrinos** | 301.036 | 92 | 327.378 | 100 | 8,8% | 26.342 |
| **Homes** | 153169 | 50,9 | 164836 | 50,4 | 7,6% | 11.667 |
| **Mulleres** | 147867 | 49,1 | 162542 | 49,6 | 9,9% | 14.675 |
| **Segundo camiño** | | | | | | |
| **Camiño Francés** | 180.738 | 55,2 | 186.199 | 56,9 | 3,0% | 5.461 |
| **Camiño Portugués** | 59.235 | 18,1 | 67.822 | 20,7 | 14,5% | 8.587 |
| **Camiño do Norte** | 17.836 | 5,4 | 19.040 | 5,8 | 6,8% | 1.204 |
| **Camiño Primitivo** | 13.684 | 4,2 | 15.038 | 4,6 | 9,9% | 1.354 |
| **Camiño Inglés** | 11.321 | 3,5 | 14.150 | 4,3 | 25,0% | 2.829 |
| **Vía da Prata** | 9.138 | 2,8 | 9.127 | 2,8 | -0,1% | -11 |
| **Camiño Portugués da costa** | 6.630 | 2,0 | 13.841 | 4,2 | 108,8% | 7.211 |
| **Resto camiños** | 2.454 | 0,7 | 2.161 | 0,7 | -11,9% | -293 |
| **Nacionalidades** | | | | | | |
| **Española** | 132.478 | 40,5 | 144.141 | 44,0 | 8,8% | 11.663 |
| **Andalucía** | 27.472 | 8,4 | 30.833 | 9,4 | 12,2% | 3.361 |
| **Madrid** | 24.983 | 7,6 | 28.680 | 8,8 | 14,8% | 3.697 |
| **C. Valenciana** | 15.926 | 4,9 | 17.243 | 5,3 | 8,3% | 1.317 |
| **Cataluña** | 13.604 | 4,2 | 13.626 | 4,2 | 0,2% | 22 |
| **Galicia** | 9.166 | 2,8 | 8.780 | 2,7 | -4,2% | -386 |
| **Estranxeira** | 168.558 | 51,5 | 183.237 | 56,0 | 8,7% | 14.679 |
| **Italia** | 27.073 | 8,3 | 27.009 | 8,3 | -0,2% | -64 |
| **Alemaña** | 23.227 | 7,1 | 25.296 | 7,7 | 8,9% | 2.069 |
| **EE.UU.** | 17.522 | 5,4 | 18.582 | 5,7 | 6,0% | 1.060 |
| **Portugal** | 12.940 | 4,0 | 14.413 | 4,4 | 11,4% | 1.473 |
| **Francia** | 8.835 | 2,7 | 8.775 | 2,7 | -0,7% | -60 |

Fonte: Oficina de Acogida al Peregrino

## 3.1.51.

**Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2017-18**

| | Mercadorías | | | Pasaxeiros | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 17/16 | 2017 | 2018 | 17/16 |
| | (en miles de tm.) | | (%) | (en miles de persoas) | | (%) |
| **Estrada** (1) | 109.168,0 | 106.128,8 | -2,8 | 60.932,0 | 62.247,0 | 2,2 |
| **Ferrocarril** (2) | 2.058,2 | 2.327,4 | 13,1 | 686,0 | 693,2 | 1,0 |
| **Marítimo** (3) | 36.871,7 | 37.628,5 | 2,1 | 346,4 | 356,1 | 2,8 |
| **Marítimo** (4) | 1.716,9 | 1.772,7 | 3,3 | 1.449.726,0 | 1.486.558,0 | 2,5 |
| **Aéreo** | 3.621,7 | 4.244,2 | 17,2 | 4.852,3 | 5.080,2 | 4,7 |

**(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús**

**(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia**

**(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros**

**(4) tráfico nos portos de Portos Galicia**

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

## 3.1.52.

**Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2017-18 (1)**

| | 2017 | | | | 2018 | | | | 18/17 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | intrarrexional | interrexional | internacional | Total | intrarrexional | interrexional | internacional | |
| | (en miles de tm.) | (%) | | | (en miles de tm.) | (%) | | | |
| Andalucía | 233.185 | 74,0 | 22,9 | 3,1 | 234.008 | 73,4 | 23,2 | 3,4 | 0,4 |
| Aragón | 94.870 | 43,2 | 52,0 | 4,8 | 101.559 | 44,4 | 50,4 | 5,2 | 7,1 |
| Asturias | 44.925 | 61,1 | 36,9 | 2,0 | 43.319 | 53,6 | 44,2 | 2,3 | -3,6 |
| Baleares | 22.279 | 81,2 | 18,7 | 0,1 | 24.059 | 86,9 | 13,0 | 0,1 | 8,0 |
| Canarias | 40.664 | 100,0 | 0,0 | - | 47.516 | 100,0 | 0,0 | - | 16,9 |
| Cantabria | 27.796 | 42,8 | 53,2 | 4,0 | 32.010 | 42,7 | 53,7 | 3,6 | 15,2 |
| Castela-A Mancha | 116.853 | 35,4 | 62,6 | 2,0 | 126.897 | 40,3 | 57,9 | 1,9 | 8,6 |
| Castela e León | 142.785 | 53,0 | 44,4 | 2,6 | 141.130 | 53,4 | 43,8 | 2,9 | -1,2 |
| Cataluña | 256.038 | 66,9 | 26,0 | 7,1 | 274.677 | 69,1 | 24,5 | 6,4 | 7,3 |
| C. Valenciana | 239.089 | 61,4 | 35,4 | 3,2 | 250.947 | 62,0 | 34,6 | 3,4 | 5,0 |
| Estremadura | 33.758 | 50,3 | 45,3 | 4,4 | 36.111 | 51,4 | 43,6 | 5,0 | 7,0 |
| Galicia | 109.168 | 73,5 | 22,7 | 3,7 | 106.129 | 70,3 | 25,9 | 3,9 | -2,8 |
| Madrid | 133.519 | 43,0 | 54,3 | 2,6 | 141.442 | 44,1 | 53,3 | 2,6 | 5,9 |
| Murcia | 73.672 | 45,7 | 49,9 | 4,4 | 80.181 | 50,7 | 44,7 | 4,6 | 8,8 |
| Navarra | 44.824 | 35,9 | 57,1 | 7,0 | 45.642 | 32,9 | 58,7 | 8,4 | 1,8 |
| País Vasco | 97.157 | 45,1 | 48,3 | 6,6 | 95.738 | 46,5 | 47,2 | 6,4 | -1,5 |
| A Rioxa | 17.596 | 28,9 | 66,8 | 4,4 | 18.137 | 31,5 | 64,4 | 4,2 | 3,1 |
| Ceuta e Melilla | 1.095 | 63,4 | 35,4 | 1,2 | 882 | 81,8 | 18,2 | - | -19,5 |
| Total | 1.729.273 | 57,9 | 38,2 | 3,9 | 1.800.384 | 58,6 | 37,4 | 4,0 | 4,1 |

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camións con capacidade de carga útil superior a 3,5 tm. e con peso superior a 6 tm., matriculados en España
Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte de mercancías por carretera*

## 3.1.53.

70,3% do total. Finalmente o 3,9% do total do transporte interior por estrada en Galicia ten unha orixe internacional, só unha décima porcentual menos que na media do Estado.

O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo (**cadro 3.1.54.**), que move aproximadamente a cuarta parte do total de mercadorías transportadas en Galicia, o 25,9%. Tras unha medra do 2,1% en relación ao ano anterior, os portos de interese xeral moveron un total de 37.628,5 miles de toneladas (o 6,7% do total estatal), situándose, un ano máis, a autoridade portuaria da Coruña como a de maior movemento, ao acoller o 41,7% do tráfico total de mercadorías (15.703,8 miles de toneladas), seguido por Ferrol-San Cibrao, cun 36,4% (13.707,5 miles de toneladas) do total de mercadorías transportadas en Galicia nos portos de interese xeral.

No ano 2018 todos os portos rexistran incrementos no movemento de mercadorías, salientando o comportamento da autoridade portuaria da Coruña e Vilagarcía, con incrementos do 3,3% e do 2,6%, respectivamente. Todos os portos galegos presentan incrementos interanuais do tráfico de mercadorías inferiores á media estatal, que foi do 3,3,5%.

Distinguindo por tipo de mercadoría transportada, e en termos de volume, o movemento máis importante corresponde aos graneis sólidos, con 17.260,3 miles de toneladas, un 0,9% superior ao rexistrado no ano anterior, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 62,3% (10.757 miles de toneladas) e o da Coruña, un 28,1% (4.853 miles de toneladas). Como reflicte o citado **cadro 3.1.54.**, o transporte de graneis líquidos é o segundo en importancia en canto a volume, que, tras un incremento do 3,2%, acada os 11.857 miles de toneladas, das que o 78,7% corresponden ao porto da Coruña (9.337 miles de toneladas).

O tráfico de pesca fresca en Galicia representa o 54,7% do total realizado nos portos de interese xeral no conxunto do Estado, acadando as 122,6 miles de toneladas no ano 2018, un 13,9% menos que no exercicio prece-

**Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2017-18**

| | Graneis líquidos | | Graneis sólidos | | Mercadoría xeral | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 2017 | 2018 | 2017 | 2018 |
| | | | (en tm.) | | | |
| **Total** | 11.489.284 | 11.856.772 | 17.111.359 | 17.260.292 | 7.504.061 | 7.808.278 |
| **A Coruña** | 8.788.868 | 9.337.317 | 5.057.024 | 4.853.062 | 914.720 | 1.101.679 |
| **Ferrol-San Cibrao** | 2.313.028 | 2.157.943 | 10.455.812 | 10.756.985 | 779.423 | 761.137 |
| **Marín-Ría de Pontevedra** | - | 4 | 915.812 | 930.205 | 1.585.107 | 1.584.131 |
| **Vigo** | 193.687 | 167.808 | 261.610 | 271.820 | 3.637.840 | 3.769.929 |
| **Vilagarcía** | 193.700 | 193.700 | 421.101 | 448.220 | 586.971 | 591.402 |
| **Total Portos do Estado** | 178.242.826 | 180.905.398 | 101.428.716 | 102.358.977 | 252.466.016 | 267.488.694 |
| **Galicia / España** (%) | 6,4 | 6,6 | 16,9 | 16,9 | 3,0 | 2,9 |

| | Pesca fresca | | Avituallamento e tráfico local | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 2017 | 2018 | 2017 | 2018 |
| | | | (en tm.) | | | |
| **Total** | 142.393 | 122.587 | 624.571 | 580.537 | 36.871.668 | 37.628.466 |
| **A Coruña** | 51.102 | 42.418 | 387.215 | 369.357 | 15.198.929 | 15.703.833 |
| **Ferrol-San Cibrao** | 219 | 256 | 35.619 | 31.214 | 13.584.102 | 13.707.535 |
| **Marín-Ría de Pontevedra** | 1.945 | 1.744 | 20.190 | 27.788 | 2.523.054 | 2.543.872 |
| **Vigo** | 89.127 | 78.169 | 177.340 | 148.448 | 4.359.604 | 4.436.174 |
| **Vilagarcía** | - | - | 4.207 | 3.730 | 1.205.979 | 1.237.052 |
| **Total Portos do Estado** | 243.073 | 224.008 | 12.841.733 | 12.498.119 | 545.222.364 | 563.475.196 |
| **Galicia / España** (%) | 58,6 | 54,7 | 4,9 | 4,6 | 6,8 | 6,7 |

Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte marítimo*

## 3.1.54.

**Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2017-18**

| | 2017 | | 2018 | | 18/17 |
|---|---|---|---|---|---|
| | (en tm.) | (% / total) | (en tm.) | (% / total) | (%) |
| **Total** | 1.716.883,5 | | 1.772.717,1 | | 3,3 |
| **Cariño** | 549.162,2 | 32,0 | 602.864,8 | 34,0 | 9,8 |
| **Ribadeo** | 506.773,9 | 29,5 | 542.450,1 | 30,6 | 7,0 |
| **Brens-Cee** | 354.538,0 | 20,7 | 333.779,7 | 18,8 | -5,9 |
| **Pobra do Caramiñal** | 115.281,9 | 6,7 | 96.557,0 | 5,4 | -16,2 |
| **Viveiro-Celeiro** | 153.459,9 | 8,9 | 132.835,9 | 7,5 | -13,4 |
| **Ribeira** | 23.206,0 | 1,4 | 32.101,0 | 1,8 | 38,3 |
| **Burela** | 13.946,5 | 0,8 | 31.539,6 | 1,8 | 126,1 |
| **Outros (1)** | 515,1 | 0,0 | 589,0 | 0,0 | 14,3 |

**(1) Outros portos con tráfico comercial esporádico: Aldán, Canido, Cobre e Muros**
Fonte: Portos de Galicia

## 3.1.55.

dente (7,2% menos no conxunto de España). Entre os portos galegos destaca o porto de Vigo ao mover en torno ao 64% das descargas de pesca fresca, a pesar do descenso do 12% en relación ao ano anterior. As descargas de pesca fresca descenden en todos os portos de interese xeral de Galicia.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, no último ano o volume de mercadorías movidas neses porto medra un 3,3% respecto ao ano anterior, movéndose un total de 1.772,7 miles de toneladas, sendo o porto de Cariño, tras un incremento do 9,8%, o porto máis importante en termos de volume, con

**Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2017-18**

| | Liña regular (augas interiores) | | | Cruceiros | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 |
| | | | (%) | | | (%) |
| **Total** | 1.677.118 | 1.303.486 | -22,3 | 346.375 | 356.106 | 2,8 |
| **A Coruña** | 10.871 | 10.022 | -7,8 | 184.069 | 178.965 | -2,8 |
| **Ferrol-San Cibrao** | 9.670 | 10.174 | 5,2 | 20.379 | 17.534 | -14,0 |
| **Marín e Ría de Pontevedra** | 101.735 | 114.821 | 12,9 | 143 | - | - |
| **Vigo** | 1.552.276 | 1.168.469 | -24,7 | 140.188 | 158.449 | 13,0 |
| **Vilagarcía** | 2.566 | | -100,0 | 1.596 | 1.158 | -27,4 |
| **Total Portos do Estado** | 24.743.923 | | -100,0 | 9.281.923 | 10.178.169 | 9,7 |
| **Galicia / España** *(%)* | 6,8 | #¡DIV/0! | | 3,7 | 3,5 | |

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

## 3.1.56.

602,8 miles de toneladas, Séguenlle en importancia os portos de Ribadeo, con 542,4 miles de toneladas, e Brens-Cee, con 333,8 mil toneladas. Estes tres portos concentran o 83,4% do volume total de mercadoría en 2018 (**cadro 3.1.55.**).

No que respecta ao transporte marítimo de pasaxeiros nos portos de interese xeral, Galicia presenta no ano 2018 un incremento dun 2,8% no caso dos cruceiros para situarse nas 356.106 persoas, o 3,5% do total estatal. A Autoridade portuaria da Coruña é a que acolle un maior número de cruceiristas acadando os 178.965, o que supón un descenso do 2,8% en relación ao ano anterior; Todos os portos de interese xeral de Galicia reducen o número de cruceiristas recibidos agás Vigo que incrementa nun 13% o número de pasaxeiros acadando os 158.449. No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, o forte descenso rexistrado na ría de Vigo de case 384.000 viaxeiros, xunto co aumento en especial, na autoridade portuaria de Marín-Pontevedra, explican a caída no 22% nos portos de interese xeral de Galicia (**cadro 3.1.56.**).

De acordo coas cifras ofrecidas polo Ministerio de Fomento, a cota modal do ferrocarril en Galicia acada menos do 2% do total de mercadorías transportadas (toneladas), mentres que en España é do 4%, acadando cotas en torno ao 20% en Alemaña ou Francia. O trafico ferroviario de mercadorías en Galicia foi de 2,3 millóns de toneladas, o que representa o 11,9% do total do Estado.

A nivel provincial, A Coruña, con 1,6 millóns de toneladas, representa o 66,7% do tráfico ferroviario de mercadorías total galego e o 7,9% do total estatal (cadro 3.1.57.). O transporte de pasaxeiros en ferrocarril medra un 6,6% en relación ao ano anterior ascendendo o número de persoas subidas nas estacións galegas ata os 4,5 millóns. O número de viaxeiros de media distancia convencional aumenta en Galicia un 7,6%, acadando os 3,8 millóns de persoas, mentres que os de longa o fan nun 1%, situándose en 693.000 viaxeiros.

A provincia da Coruña acolle o 56,7% dos viaxeiros de media distancia convencional (2.176.301 persoas), seguida pola provincia de Pontevedra, co 34,5% do total (1.324.274 viaxeiros). No que respecta á longa distancia, as que presentan un maior número de viaxeiros subidos nas súas estacións son a provincia de Ourense, con 254.176 persoas (36,7%), e a da Coruña, con 251.963 viaxeiros (36,6%).

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, o volume transportado ao longo de 2018 no sistema aeroportuario galego aumenta respecto ao ano anterior, acadando un total de 4.244,2 toneladas transportadas (17,2% máis que en 2017). A pesar deste incremento, supón tan só o 0,4% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.1.58.**, o aeroporto de Santiago de Compostela move un total de 3.019,6 toneladas, o 71,1% do total, sendo Peinador o aeroporto que experimenta o maior incremento, cun 37,5% máis que no ano anterior.

### Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2016-17 (1)

| | 2016 | | | 2017 | | | 17/16 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Viaxeiros | | Mercadorías | Viaxeiros | | Mercadorías | Viaxeiros | | Mercadorías |
| | Media distancia | Longa distancia | (en tm.) | Media distancia | Longa distancia | (en tm.) | Media distancia | Longa distancia (%) | |
| **Galicia** | 3.566.623 | 685.977 | 2.058.179 | 3.838.299 | 693.171 | 2.327.368 | 7,6 | 1,0 | 13,1 |
| **A Coruña** | 2.048.845 | 256.320 | 1.274.992 | 2.176.301 | 251.963 | 1.552.104 | 6,2 | -1,7 | 21,7 |
| **Lugo** | 46.295 | 56.548 | 117.791 | 54.151 | 54.460 | 124.343 | 17,0 | -3,7 | 5,6 |
| **Ourense** | 259.242 | 239.318 | 102.701 | 283.573 | 254.176 | 107.606 | 9,4 | 6,2 | 4,8 |
| **Pontevedra** | 1.212.241 | 133.791 | 562.695 | 1.324.274 | 132.572 | 543.315 | 9,2 | -0,9 | -3,4 |
| **España** | 30.350.157 | 31.792.128 | 16.674.144 | 31.092.671 | 32.873.812 | 19.633.237 | 2,4 | 3,4 | 17,7 |

**(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe**
Fonte: Renfe Operadora

## 3.1.57.

### Tráfico comercial aéreo 2017-18 (1)

**Operacións**

| | 2017 | 2018 | 18/17 |
|---|---|---|---|
| **Aeroportos galegos** | 50.073 | 51.923 | 3,7 |
| **A Coruña** | 16.075 | 17.558 | 9,2 |
| **Santiago** | 21.519 | 21.839 | 1,5 |
| **Vigo** | 12.479 | 12.526 | 0,4 |
| **Total España** | 2.174.424 | 2.300.189 | 5,8 |
| **Galicia / España** (%) | 2,3 | 2,3 | |

**Pasaxeiros**

| | 2017 | 2018 | 18/17 |
|---|---|---|---|
| **Aeroportos galegos** | 4.852.346 | 5.080.202 | 4,7 |
| **A Coruña** | 1.141.389 | 1.225.763 | 7,4 |
| **Santiago** | 2.645.362 | 2.724.750 | 3,0 |
| **Vigo** | 1.065.595 | 1.129.689 | 6,0 |
| **Total España** | 249.218.316 | 263.753.406 | 5,8 |
| **Galicia / España** (%) | 1,9 | 1,9 | |

**Mercadorías**

| | 2017 | 2018 | 18/17 (%) |
|---|---|---|---|
| **Aeroportos galegos** | 3.621.735 | 4.244.194 | 17,2 |
| **A Coruña** | 157.169 | 163.907 | 4,3 |
| **Santiago** | 2.693.251 | 3.019.642 | 12,1 |
| **Vigo** | 771.315 | 1.060.645 | 37,5 |
| **Total España** | 919.913.456 | 1.010.873.428 | 9,9 |
| **Galicia / España** (%) | 0,4 | 0,4 | |

**(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)**
Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

## 3.1.58.

**Entidades de crédito en Galicia e España 2010-18 (1): oficinas, depósitos do sector privado e créditos**

| | Oficinas | | | Depósitos (2) | | | | Créditos | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | | | | | | | | | | |
| | Entidades de depósito | Establecementos financeiros de crédito | Banco de España | Totais | Depósitos á vista | Depósitos de aforro | Depósitos a prazo | Totais | AA.PP. | Outros sectores residentes |
| | | | | | | | *(en millóns de euros)* | | | |
| **2010** | 2.357 | 15 | 1 | 53.035,0 | 8.821,8 | 14.199,7 | 30.013,5 | 70.509,1 | 2.612,0 | 67.897,2 |
| **2011** | 2.136 | 15 | 1 | 51.377,6 | 7.655,0 | 14.275,8 | 29.446,9 | 64.075,9 | 2.584,4 | 61.491,6 |
| **2012** | 2.005 | 14 | 1 | 50.851,4 | 7.347,6 | 14.352,0 | 29.151,7 | 55.021,1 | 3.060,9 | 51.960,2 |
| **2013** | 1.834 | 9 | 1 | 52.763,7 | 7.973,6 | 15.417,4 | 29.372,7 | 50.104,3 | 2.710,0 | 47.394,3 |
| **2014** | 1.727 | 9 | 1 | 55.342,4 | 9.566,5 | 16.939,2 | 28.836,8 | 44.911,7 | 3.008,5 | 41.903,2 |
| **2015** | 1.703 | 8 | 1 | 55.550,7 | 30.178,7 | .. | 25.372,0 | 43.020,2 | 2.805,4 | 40.214,8 |
| **2016** | 1.591 | 8 | 1 | 57.069,2 | 35.220,3 | .. | 21.848,9 | 42.562,8 | 2.443,3 | 40.119,5 |
| **2017** | 1.553 | 8 | 1 | 58.228,0 | 40.887,7 | .. | 17.340,3 | 40.042,4 | 1.964,6 | 38.077,8 |
| **2018** | 1.491 | 8 | 1 | 60.794,4 | 45.416,8 | .. | 15.343,6 | 40.892,7 | 2.198,2 | 38.694,5 |
| **España** | | | | | | | | | | |
| | Entidades de depósito | Establecementos financeiros de crédito | Banco de España | Totais | Depósitos á vista | Depósitos de aforro | Depósitos a prazo | Totais | AA.PP. | Outros sectores residentes |
| | | | | | | | *(en millóns de euros)* | | | |
| **2010** | 42.894 | 270 | 23 | 1.148.252,9 | 263.438,8 | 211.346,0 | 673.468,0 | 1.856.783,3 | 74.492,0 | 1.782.291,3 |
| **2011** | 39.843 | 260 | 16 | 1.109.656,0 | 267.600,5 | 203.004,2 | 639.051,2 | 1.798.025,7 | 82.989,2 | 1.715.036,6 |
| **2012** | 37.903 | 239 | 16 | 1.100.443,7 | 264.840,6 | 199.112,4 | 636.490,7 | 1.634.654,9 | 96.890,4 | 1.537.764,5 |
| **2013** | 33.527 | 186 | 16 | 1.134.914,5 | 290.344,4 | 206.530,4 | 638.039,7 | 1.469.010,4 | 76.626,6 | 1.392.383,8 |
| **2014** | 31.817 | 182 | 16 | 1.139.756,4 | 337.486,4 | 221.985,3 | 580.284,6 | 1.422.890,3 | 94.697,0 | 1.328.193,3 |
| **2015** | 30.921 | 166 | 16 | 1.135.872,1 | 649.875,8 | .. | 485.996,3 | 1.360.361,1 | 85.708,6 | 1.274.652,5 |
| **2016** | 28.643 | 164 | 16 | 1.140.814,4 | 753.539,6 | .. | 387.274,8 | 1.306.395,9 | 83.866,3 | 1.222.529,5 |
| **2017** | 27.320 | 160 | 16 | 1.146.916,9 | 857.075,0 | .. | 261.973,1 | 1.273.446,0 | 74.339,5 | 1.199.106,5 |
| **2018** | 26.011 | 155 | 16 | 1.165.029,6 | 931.179,6 | .. | 210.956,8 | 1.215.967,7 | 65.739,9 | 1.150.227,8 |

**(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro**

**(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade**

**depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos**

**depósito a prazo: os contratatados por un prazo de tempo determinado.Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociables**

Fonte: IGE


## 3.1.59.

Finalmente, no concernente á evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, no ano 2018, igual que no ano anterior, o conxunto do sistema aeroportuario galego experimenta un incremento inferior ao do total dos aeroportos españois tanto no caso do número total de operacións como do número de pasaxeiros.

O movemento de aeronaves nos aeroportos galegos aumenta un 3,7% respecto ao ano precedente, rexistrándose esta medra nos tres aeroportos galegos, salientando o incremento de 1.483 operacións no aeroporto da Coruña (9,2% respecto ao ano anterior). Este incremento tradúcese nunha medra do número de pasaxeiros no sistema aeroportuario galego do 4,7%, superando deste xeito os 5 millóns de persoas en 2018 (1,9% do total estatal). Este incremento rexístrase nos tres aeroportos galegos aínda que con distinta intensidade, sendo A Coruña o de maior crecemento en termos porcentuais e absolutos, cun 7,4% e 84.374 pasaxeiros máis, en tanto que Lavacolla é o principal aeroporto por número de pasaxeiros, con 2.724.750 de persoas (o 53,6% do total de Galicia), seguido do aeroporto de Alvedro, con 1.225.763 pasaxeiros (24,1%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con 1.129.689 pasaxeiros (22,2% do total galego).

**• Sector financeiro**

No ano 2018 continúa o proceso de redución no número de oficinas das entidades de crédito tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Neste último ano rexístranse en Galicia un total de 1.500 oficinas de entidades de crédito, 62 menos das rexistradas en 2017.




**(1) Exclúense as oficinas no estranxeiro. Datos a decembro de cada ano**
Fonte: IGE

## 3.1.60.

**Oficinas das entidades de crédito (1)**

| | 2008 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 995 | 747 | 705 | 694 | 648 | 631 | 608 |
| **A Coruña** | 306 | 210 | 196 | 193 | 174 | 172 | |
| **Ferrol** | 60 | 42 | 41 | 40 | 35 | 32 | |
| **Santiago de Compostela** | 113 | 85 | 80 | 82 | 72 | 70 | |
| **resto de concellos** | 516 | 410 | 388 | 379 | 367 | 357 | |
| **Lugo** | 336 | 273 | 261 | 257 | 248 | 244 | 236 |
| **Lugo** | 89 | 65 | 62 | 60 | 57 | 57 | |
| **resto de concellos** | 247 | 208 | 199 | 197 | 191 | 187 | |
| **Ourense** | 375 | 242 | 224 | 219 | 204 | 201 | 195 |
| **Ourense** | 123 | 84 | 78 | 76 | 67 | 67 | |
| **resto de concellos** | 252 | 158 | 146 | 143 | 137 | 134 | |
| **Pontevedra** | 829 | 582 | 547 | 542 | 500 | 486 | 461 |
| **Pontevedra** | 89 | 60 | 56 | 55 | 49 | 47 | |
| **Vigo** | 317 | 219 | 205 | 206 | 181 | 177 | |
| **resto de concellos** | 423 | 303 | 286 | 281 | 270 | 262 | |
| **Total** | 2.535 | 1.844 | 1.737 | 1.712 | 1.600 | 1.562 | 1.500 |


**(1) datos a 31 de decembro de cada ano**
Fonte: IGE

## 3.1.61.

Nos últimos dez anos, o número de entidades de depósito reduciuse un 40,1% en Galicia e un 43% de media no Estado.

O descenso no número de oficinas das entidades de crédito prodúcese nas catro provincias galegas e en gran parte dos concellos galegos. No ano 2017 hai en Galicia 41 concellos que non contan con ningunha oficina (24 en 2008) e outros 89 que tan só dispoñen dunha sucursal (56 en 2008). É importante mencionar a evolución experimentada na provincia de Ourense, onde 25 dos 92 concellos non contan con oficinas das entidades de crédito e 41 so teñen unha (10 e 18, respectivamente).

No concernente ao emprego, o número de afiliacións




Fonte: IGE

## 3.1.62.

nos servizos financeiros (CNAE 64) a 31 de decembro de 2018 ascende en Galicia a 9.600 afiliacións, cifra lixeiramente superior á do ano anterior (9.512) e case cinco mil menos que no ano 2009 (14.370 afiliacións).

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 4,4%, fronte ao incremento do 1,6% no conxunto do Estado. O incremento no volume de depósitos, tanto en Galicia como en España, afecta aos depósitos á vista, diminuíndo o volume dos depósitos a prazo, directamente afectados polos baixos tipos de xuro oficiais. O montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende en 2018 a 60.794,4 millóns de euros, o 5,2% do total estatal.

O valor dos créditos concedidos polas entidades en Galicia racha coa súa tendencia descendente iniciada en 2011 e no ano 2018 aumenta levemente, situándose nos 40.892,7 millóns de euros, un 2,1% superior ao rexistrado no ano 2017, o que contrasta coa caída do 4,5% no conxunto do Estado. No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia aumentan tanto os créditos concedidos ás Administracións públicas (11,9% máis que no ano anterior) e tamén os concedidos aos restantes sectores residentes, aínda que en moita menor medida (1,6%). tes sectores residentes, aínda que en moita menor medida (1,6%). ❑

## 3.2.

# Demografía empresarial

A finais de decembro de 2018 o número de empresas con traballadores, inscritas na Seguridade Social en Galicia foi de 82.878, o que supón un incremento do 0,7% respecto ao mesmo período do ano anterior, 605 empresas máis. Este incremento contrasta coa caída no número de sociedades mercantís constituídas, cunha caída do 1%, fronte ao aumento do 0,8% de media no Estado. A constitución en Galicia no último ano de 4.028 sociedades mercantís, supón, en termos relativos, 15,1 sociedades por cada 10.000 habitantes, moi inferior ás 20,6 de media en España.

Xunto á redución do número de sociedades constituídas, en 2018, por primeira vez dende 2014, extínguense máis sociedades que no ano anterior. Neste senso no último ano en Galicia extínguense 1.438 sociedades mercantís, sete máis que en 2017, o que representa o 6,4% do total estatal. O índice de rotación, entendido como o número de sociedades disoltas por cada cen constituídas, volve a aumentar no último ano en Galicia para situarse nas 35,7 empresas, sendo esta rateo de 23,5 empresas en España.

O número de "traballadores autónomos propiamente ditos" descende por cuarto ano consecutivo, situándose no último ano en 138.378 persoas, o que representa o 6,9% do total estatal. Comparado co ano anterior, esta caída foi do 0,8%, fronte ao incremento do 1,6% en España.

### Empresas inscritas na Seguridade Social

Da explotación estatística das contas de cotización á Seguridade Social, obtense información do número de empresas con asalariados, derívase que, no ano 2018 en Galicia, o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social medra un 0,7%, dúas décimas máis que no ano anterior. A 31 de decembro de 2018, o número de empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia era de 82.878 sociedades (605 máis que na mesma data do ano anterior), o que representa o 6,1% do total estatal. O peso de Galicia sobre o total estatal descende dende o 6,5% das empresas españolas inscritas á Seguridade Social en 2012 ata o xa citado 6,1% en 2018.

Dende o comezo da recuperación económica no ano 2014, a taxa de variación media anual acumulada en

**Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2012-2018** (1) (2)

| | Galicia | España | Galicia / España (%) | Galicia (taxa de variación interanual) | España (taxa de variación interanual) |
|---|---|---|---|---|---|
| **2012** | 81.616 | 1.248.381 | 6,54 | | |
| **2013** | 80.118 | 1.246.167 | 6,43 | -1,8 | -0,2 |
| **2014** | 80.300 | 1.255.613 | 6,40 | 0,2 | 0,8 |
| **2015** | 81.054 | 1.286.565 | 6,30 | 0,9 | 2,5 |
| **2016** | 81.858 | 1.312.345 | 6,24 | 1,0 | 2,0 |
| **2017** | 82.273 | 1.326.161 | 6,20 | 0,5 | 1,1 |
| **2018** | 82.878 | 1.346.629 | 6,15 | 0,7 | 1,5 |


| | | 2017 | 2018 | 18/17 | (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| **Galicia** | | 82.273 | 82.878 | 605 | 0,7 |
| | **A Coruña** | 34.106 | 34.466 | 360 | 1,1 |
| | **Lugo** | 11.673 | 11.689 | 16 | 0,1 |
| | **Ourense** | 9.845 | 9.810 | -35 | -0,4 |
| | **Pontevedra** | 30.173 | 30.465 | 292 | 1,0 |

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período;
unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.
(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empregados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio Trabajo, Migraciones y Seguridad Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad S(

## 3.2.1.

**Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2017-18: evolución mensual** (1)




**(1) Variacións sobre igual periodo ano anterior**
Fonte: Ministerio Trabajo, Migraciones y Seguridad Social. Estadística de Empresas Insjcritas en la Seguridad Social.

## 3.2.2.

**Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2017-18: distribución sectorial e segundo titularidade**

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 |
| **Total** | 82.273 | 82.878 | 0,7 | 1.326.161 | 1.346.629 | 1,5 |
| **Primario** | 5.647 | 5.803 | 2,8 | 112.924 | 120.356 | 6,6 |
| **Industria** | 7.304 | 7.292 | -0,2 | 109.174 | 109.241 | 0,1 |
| **Construción** | 8.053 | 8.221 | 2,1 | 119.103 | 124.484 | 4,5 |
| **Servizos** | 61.269 | 61.562 | 0,5 | 984.960 | 992.548 | 0,8 |
| **Total** | 82.273 | 82.878 | 0,7 | 1.326.161 | 1.346.629 | 1,5 |
| **Persoa física** | 33.834 | 33.913 | 0,2 | 511.183 | 521.024 | 1,9 |
| **Persoa xurídica** | 48.439 | 48.965 | 1,1 | 814.978 | 825.605 | 1,3 |

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Soc

## 3.2.3.

Galicia foi do 0,7%, case un punto porcentual menos que en España (1,6%). En termos absolutos, entre o 31 de decembro de 2013 e 2018 as empresas inscritas aumentaron en Galicia en 2.760 sociedades, o que representa tan só o 2,7% do incremento total en España (100.462 empresas).

Dende o ano 2015 o número de empresas inscritas na S.S aumentou en todas as Comunidades Autónomas, salvo Castela León en 2018, salientando os incrementos no último ano de Andalucía (3,5%), Estremadura (2,3%) ou Madrid (1,7%). A evolución mensual das taxas de crecemento do número de empresas (**cadro 3.2.2.**) son positivas ao longo de todo o ano, pero cun menor ritmo que a media de crecemento estatal, salvo no mes de marzo que se igualan.

A nivel provincial, tal como aconteceu no ano anterior, en 2018 Ourense continúa como a única provincia galega que perde empresas (35 menos), e Lugo mantén incrementos anuais de menos de 20 empresas. Tanto en termos absolutos como relativos, os maiores incrementos rexístranse na Coruña e Pontevedra, con 360 e 292 empresas máis, respectivamente (1,1% e ,1%). O 78% das empresas en Galicia están localizadas nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

A nivel sectorial o 74% das empresas pertencen ao sector servizos (61.562), seguido da construción 9,9% (8.221), da industria 8,8% (7.292) e do sector primario 7% (5.803). No ano 2018, o maior incremento en termos absolutos dáse no sector servizos (293 empresas máis respecto ao ano anterior, un 0,5%), por diante do sector da construción e primario (168 e 156 empresas máis respectivamente, un2,1% e 2,8% de incremento). Por contra, cabe salientar o descenso do sector industrial que presentan unha redución do 02%, 12 empresas menos.

En relación ao ano anterior, o sector primario incrementa o número de empresas nas catro provincias galegas, o sector servizos en todas agás en Lugo e a construción en todas agás en Ourense; no que respecta ao sector industrial perde empresas na Coruña e Lugo e medra en Lugo e Pontevedra.

A explotación do ficheiro estatístico das contas de cotización á Seguridade Social, desagregando a súa información por seccións CNAE para Galicia, mostra como a perda de contas no sector industrial estendese tanto ás industrias extractivas como manufactureiras ou de fornecemento de enerxía ou auga. No sector servizos salienta o forte descenso das contas na sección de comercio por xunto e ao retallo, caída compensada polo aumento na gran maioría das restantes seccións que integran o sector.

No que respecta á titularidade das empresas, diferenciando entre “persoa física” e “persoa xurídica”, realizándose a asignación a través da estrutura do NIF, a 31 de decembro de 2018, 59 de cada 100 empresas corresponden a persoas xurídicas e 41 son persoas físicas, situándose estas porcentaxes en España no 61,3% no

**Traballadores autónomos propiamente ditos en Galicia e España 2018: principais características**
(1)

| | 2018 | | | | | 18/17 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | | España | | Galicia / España | Galicia | España |
| | | (%) | | (%) | (%) | (%) | |
| **Total** | 138.378 | 100 | 1.993.900 | 100 | 6,9 | -0,8 | 1,6 |
| **sector de actividade** | | | | | | | |
| agricultura | 29.831 | 21,6 | 229.494 | 11,5 | 13,0 | -4,5 | -0,8 |
| industria | 6.163 | 4,5 | 87.380 | 4,4 | 7,1 | -0,5 | 0,6 |
| construción | 16.112 | 11,6 | 217.515 | 10,9 | 7,4 | -1,9 | 2,8 |
| servizos | 86.272 | 62,3 | 1.459.511 | 73,2 | 5,9 | 0,7 | 1,9 |
| **situación profesional** | | | | | | | |
| sen asalariados | 109.464 | 79,1 | 1.559.796 | 78,2 | 7,0 | -1,0 | 1,6 |
| con asalariados | 28.914 | 20,9 | 434.104 | 21,8 | 6,7 | -0,2 | 1,6 |
| sen pluriactividade | 131.119 | 94,8 | 1.872.248 | 93,9 | 7,0 | -1,4 | 1,0 |
| con pluriactividade | 7.259 | 5,2 | 121.652 | 6,1 | 6,0 | 10,2 | 12,2 |
| **sexo** | | | | | | | |
| homes | 80.040 | 57,8 | 1.289.361 | 64,7 | 6,2 | -1,0 | 0,9 |
| mulleres | 58.338 | 42,2 | 704.539 | 35,3 | 8,3 | -0,6 | 2,8 |
| **idade** | | | | | | | |
| < 25 anos | 1.695 | 1,2 | 38.015 | 1,9 | 4,5 | -3,9 | 5,1 |
| 25-39 anos | 30.906 | 22,3 | 507.090 | 25,4 | 6,1 | -4,2 | -0,3 |
| 40-54 anos | 63.389 | 45,8 | 914.414 | 45,9 | 6,9 | 0,1 | 1,4 |
| 55 ou máis anos | 42.389 | 30,6 | 534.381 | 26,8 | 7,9 | 0,4 | 3,5 |
| **nacionalidade** | | | | | | | |
| españois | 134.257 | 97,0 | 1.783.914 | 89,5 | 7,5 | -1,0 | 0,6 |
| estranxeiros | 4.121 | 3,0 | 209.986 | 10,5 | 2,0 | 5,5 | 10,4 |
| **antiguidade no negocio** | | | | | | | |
| < 6 meses | 9.033 | 6,5 | 171.962 | 8,6 | 5,3 | 21,9 | 22,1 |
| 6-11 meses | 8.881 | 6,4 | 161.660 | 8,1 | 5,5 | 12,6 | 18,5 |
| 1-3 anos | 19.529 | 14,1 | 330.075 | 16,6 | 5,9 | -12,2 | -7,9 |
| 3-5 anos | 16.074 | 11,6 | 238.725 | 12,0 | 6,7 | 0,0 | -0,5 |
| 5 ou máis anos | 84.861 | 61,3 | 1.091.478 | 54,7 | 7,8 | -1,3 | 0,4 |
| **base de cotización** | | | | | | | |
| mínima | 106.018 | 76,6 | 1.714.628 | 86,0 | 6,2 | -2,1 | 1,2 |
| entre mínima e 1,5 veces mínima | 15.987 | 11,6 | 122.159 | 6,1 | 13,1 | 4,9 | 11,8 |
| 1,5-2 veces mínima | 9.687 | 7,0 | 63.062 | 3,2 | 15,4 | 3,3 | 3,3 |
| 2-3 veces mínima | 5.986 | 4,3 | 79.789 | 4,0 | 7,5 | 0,1 | -4,2 |
| máis de 3 veces mínima | 700 | 0,5 | 14.262 | 0,7 | 4,9 | 0,9 | -4,4 |

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 3.2.4.


caso das persoas xurídicas e no 38,7% no das persoas físicas.

**• Perfil do traballador autónomo**

Un ano máis, en 2018 o número de traballadores afiliados por conta propia na Seguridade Social en Galicia descende acadando as 220.846 persoas (211.223 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 138.378 persoas son "autónomos propiamente ditos", é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores.

Tal como ven acontecendo en anos anteriores, en 2018 descende o número de autónomos propiamente ditos (0,8% menos), que contrasta co incremento no conxunto do Estado (1,6%). Esta evolución incide no descenso do peso relativo que se sitúa no 6,9%, dúas décimas menos que no pasado exercicio.

**Traballadores autónomos afiliados 2009-18: taxa variación interanual**




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 3.2.5.

A caída no número de traballadores autónomos (**cadro 3.2.4.**) rexístrase tanto en homes como en mulleres, e afecta a todos os sectores produtivos agás os servizos, e aos traballadores de menos de 39 anos, incrementándose o número de autónomos de máis de 40 anos. Afectando este descenso tanto á categoría "sen asalariados" (1% menos), como á de "autónomos con asalariados" (0,2% menos). O aumento no número de asalariados en 2018 en Galicia prodúcese tamén no caso das persoas estranxeiras e entre os autónomos que levan no seu negocio menos de 11 meses.

Aínda que as fontes non se poden equiparar completamente, a *Enquisa de Poboación Activa* mostra que, a diferenza do acontecido no ano anterior, en 2018 redúcese 3,8% o número de empresarios con asalariados (1.700 persoas menos) xunto a unha redución do 3,8% dos traballadores independentes ou empresarios sen asalariados (3.300 menos).

Un ano máis, tal e como sinala o Ministerio de Empleo y Seguridad Social, o perfil maioritario dos empresarios autónomos en Galicia segue sendo o dunha persoa que traballa no sector servizos, sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón, cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, cómpre resaltar tanto a elevada presenza relativa dos autónomos galegos no sector agrícola, que representan o 13% do total estatal neste sector, como o maior peso das mulleres (8,3% do total estatal) e a presenza de maiores de 55 anos (7,9%). No que respecta ás bases de cotización, os autónomos que en Galicia teñen unha base de cotización entre a mínima e dúas veces a mínima supoñen o 13,9% do total estatal, fronte aos autónomos cunha base de cotización de máis de dúas veces a base mínima, que representan o 7,1% do total estatal.

### Dinámica empresarial

A análise da evolución do tecido produtivo realízase a través da análise da información proporcionada polo Rexistro Mercantil Central, baseada en memorias estatísticas que se refiren aos actos societarios de constitución, extinción, transformación, fusión, aumento e reducións de capital, situación concursais e sistemas de administración societaria.

En relación ás actas de constitución de sociedades descenderon ao longo do ano 2018 en Galicia (1,5% menos) fronte ao crecemento no conxunto de España (1,2% máis). O número de sociedades mercantís creadas en Galicia en 2018 foi de 4.077, o 4,2% do total de

**Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2018**

| | Galicia | | | | | España |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | |
| **Constituidas** | 4.077 | 1.738 | 432 | 393 | 1.514 | 96.467 |
| **Anónimas** | 13 | 5 | 1 | 2 | 5 | 410 |
| **Limitadas** | 3.936 | 1.688 | 419 | 379 | 1.450 | 93.560 |
| **Outras** | 128 | 45 | 12 | 12 | 59 | 2.497 |
| **Amplían capital** | 1.340 | 544 | 136 | 148 | 512 | 30.704 |
| **Anónimas** | 54 | 21 | 4 | 7 | 22 | 1.637 |
| **Limitadas** | 1.260 | 509 | 132 | 140 | 479 | 28.494 |
| **Outras** | 26 | 14 | - | 1 | 11 | 573 |
| **Extinción** | 1.456 | 618 | 184 | 123 | 531 | 29.949 |
| **Anónimas** | 54 | 21 | 5 | 5 | 23 | 2.022 |
| **Limitadas** | 1.314 | 558 | 170 | 113 | 473 | 26.260 |
| **Outras** | 88 | 39 | 9 | 5 | 35 | 1.667 |
| **Capital subscrito** | | | | | | |
| | | | *(en miles de euros)* | | | |
| **Sociedades** | 274.724,6 | 86.900,3 | 26.979,3 | 18.126,7 | 142.718,3 | 5.327.415,9 |
| **Anónimas** | 912,1 | 300,0 | 165,0 | 120,1 | 327,0 | 323.708,2 |
| **Limitadas** | 238.920,0 | 86.114,2 | 26.355,0 | 17.903,3 | 108.547,4 | 4.802.343,1 |
| **Outras** | 34.892,5 | 486,1 | 459,3 | 103,3 | 33.843,9 | 201.364,5 |
| **Capital desembolsado** | | | | | | |
| | | | *(en miles de euros)* | | | |
| **Sociedades** | 274.498,1 | 86.810,3 | 26.979,3 | 18.081,7 | 142.626,8 | 5.267.070,3 |
| **Anónimas** | 685,6 | 210,0 | 165,0 | 75,1 | 235,5 | 263.725,1 |
| **Limitadas** | 238.920,0 | 86.114,2 | 26.355,0 | 17.903,3 | 108.547,4 | 4.802.343,1 |
| **Outras** | 34.892,5 | 486,1 | 459,3 | 103,3 | 33.843,9 | 201.002,1 |
| **Capital desembolsado das que amplían capital** | | | | | | |
| | | | *(en miles de euros)* | | | |
| **Sociedades** | 1.064.874,6 | 433.671,5 | 58.033,0 | 67.365,0 | 505.805,1 | 25.473.295,9 |
| **Anónimas** | 415.678,1 | 40.743,4 | 1.087,7 | 10189,85480*, | 373.847,0 | 6.511.467,8 |
| **Limitadas** | 647.366,2 | 391.959,7 | 56.945,3 | 67.364,0 | 131.097,2 | 18.763.746,9 |
| **Outras** | 1.830,3 | 968,4 | - | 1,0 | 860,9 | 198.081,2 |

Fonte: Registro Mercantil Central

## 3.2.6.


sociedades constituídas en España en 2018. Tres de cada catro sociedades mercantís constituídas en 2018 en Galicia pertencen ao sector servizos, das que o 30% son actividades de comercio.

No que respecta á evolución nos últimos anos, como se aprecia no **cadro 3.2.7.**, no conxunto do Estado o número de empresas constituídas descende en 2017, mentres que en Galicia dende a recuperación económica descende a constitución de sociedades todos os anos agás en 2016.

Os datos do Rexistro Mercantil reflicten que o descenso do número de sociedades mercantís constituídas en Galicia entre os anos 2018 e 2017 prodúcese nas provincias de A Coruña (3,4% menos) e Ourense (10,1% menos), fronte ao incremento nas provincias de Pontevedra (0,2% máis) e Lugo (11,9% máis). Tras esta evolución, na provincia da Coruña constituíronse un total de 1.738 sociedades mercantís e en Pontevedra, 1.514 sociedades mercantís, o que supón o 80% das sociedades constituídas na Comunidade Autónoma.

Considerando a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como indicador da taxa de creación de empresas, Galicia creou no

**Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-18**




Fonte: Registro Mercantil Central


## 3.2.7.

último ano 15,1 sociedades por cada 10.000 habitantes, fronte ás 20,6 no conxunto do Estado. Este indicador de creación de empresas ten unha evolución dispar a nivel provincial, mantense en Pontevedra, aumenta en Lugo e descende na Coruña e Ourense. Pontevedra segue a ser a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 16,1 sociedades creadas en 2018 por cada 10.000 habitantes (mesma taxa que en 2017), Ourense pasa a situarse como a que presenta o índice máis reducido, con 12,2 empresas por cada 10.000 habitantes (11,6 no ano anterior). Na provincia da Coruña esta taxa sitúase en 15,5 sociedades por cada 10.000 habitantes e en Lugo, nas 13 sociedades.


A caída do número de sociedades mercantís constituídas, está acompañado dun descenso no capital subscrito para a súa constitución dun 13,6% respecto ao ano anterior, acadando os 275 millóns de euros. Deste xeito, o capital medio subscrito cae un 12,3%, pasando de 76.810 euros no ano 2017 a 67.384 euros en 2018 (55.225 euros no conxunto do Estado). O descenso no volume de capital subscrito é consecuencia da menor subscrición de capital das empresas constituídas na provincia de Ourense, con 162 millóns de euros menos que no ano anterior. Pola contra, a subscrición de capital increméntanse de forma moi significativa nas restantes provincias, un 63% en Pon-

**Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-18** (1)

**Taxa de creación de empresas** (1)




**Índice de rotación empresarial** (2)




**(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes**

**(2) índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constitucións**

Fonte: Registro Mercantil Central

## 3.2.8.

tevedra, un 54% en Lugo e un 16% na provincia da Coruña.

No que respecta ás sociedades mercantís que ampliaron o seu capital tanto en Galicia como no conxunto de España, en 2018 aumentou levemente o seu número. Tras un aumento do 2,1% na Comunidade Autónoma (1,2% no conxunto do Estado), no último ano rexistráronse 1.340 ampliacións, o que supón o 4,4% do total estatal. A pesar do leve aumento do número de sociedades que amplían o seu capital, o capital subscrito nestas ampliacións rexistrou en Galicia un incremento do 81%, fronte ao descenso do 37% en España. Tras esta evolución, o capital subscrito nas ampliacións das sociedades galegas ascende a 1.065 millóns de euros, o 4,2% do total estatal.

A nivel provincial, mentres que o número de sociedades que amplían capital aumenta en todas as provincias agás na Coruña, o capital subscrito aumenta máis dun 80% en relación ao ano anterior nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra e un 35% na provincia de Ourense. En termos absolutos estes incrementos supoñen 238 millóns de euros máis na provincia de Pontevedra, 195 máis na Coruña e 26 e 17 millóns de euros máis en Lugo e Ourense, respectivamente.

O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia medra lixeiramente en 2018, para situarse nas 1.456 empresas, 12 máis que no ano anterior (0,8%). No conxunto do Estado, este incremento foi do 4,1%, polo que o peso relativo das extincións de sociedades en Galicia no total do Estado se reduce ata o 4,9%, a

**Empresas concursadas en Galicia e España 2017-18: distribución segundo actividade económica principal (1)**

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 2017 | 2018 |
| **Total** | 237 | 189 | 4.261 | 4.131 |
| **Agricultura e pesca** | 5 | - | 54 | 59 |
| **Industria e enerxía** | 39 | 33 | 559 | 537 |
| **Bens intermedios** | 17 | 11 | 207 | 172 |
| **Bens de capital** | 7 | 9 | 113 | 119 |
| **Bens de consumo** | - | 1 | 41 | 41 |
| **Bens de consumo non duradeiro** | 15 | 12 | 171 | 186 |
| **Enerxía** | - | - | 27 | 19 |
| **Construción** | 58 | 41 | 656 | 628 |
| **Edificios e promoción inmobiliaria** | 42 | 28 | 433 | 421 |
| **Resto** | 16 | 13 | 223 | 207 |
| **Servizos** | 117 | 105 | 2.572 | 2.499 |
| **Comercio maiorista** | 23 | 22 | 485 | 499 |
| **Comercio polo miúdo e vehículos** | 27 | 21 | 452 | 437 |
| **Transporte e almacenamento** | 7 | 11 | 172 | 201 |
| **Hostelería** | 16 | 12 | 235 | 256 |
| **Información e comunicacións** | 3 | 6 | 170 | 150 |
| **Inmobiliarias, finaceiras e seguros** | 10 | 6 | 155 | 124 |
| **Actividades profesionais e técnicas** | 10 | 11 | 350 | 291 |
| **Actividades administrativas e servizos auxiliares** | 10 | 8 | 211 | 224 |
| **Resto de servizos** | 11 | 8 | 342 | 317 |
| **Sen clasificar** | 18 | 10 | 420 | 408 |

**(1) actividade económica principal segundo a CNAE-09; os datos 2018 son provisionais**
Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

## 3.2.9.


porcentaxe máis baixa dende o ano 2011. O número de sociedades extinguidas descende na provincia de Pontevedra (39 menos que en 2017) e aumenta nas restantes provincias, 30 máis en Lugo, 13 máis en Ourense e 8 máis na Coruña.

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia por cada cen constituídas (índice de rotación), volve a incrementarse no último ano para situarse nas 35,7 empresas extinguidas por cada cen sociedades constituídas, máis de 12 puntos por riba da media española (23,5 empresas extinguidas por cada cen constituídas). Como reflicte o **cadro 3.2.8.**, este indicador mantense por riba da media española desde o comezo da serie estatística.

A nivel provincial, os índices de rotación aumentan nas catro provincias agás na provincia de Pontevedra. As catro provincias presentan un índice de rotación superior á media española, acadando Lugo o valor máis elevado, cun total de 44,3 sociedades extinguidas por cada cen constituídas, seguido de A Coruña con 35,7, Pontevedra con 34,1 e Ourense con 32,1.

No que respecta ás empresas en concurso de acredores, entendidas, tal que rexistra o INE, como debedoras concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilas das persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial, no último ano mantense a tendencia descendente iniciada en 2014, cun descenso do 20,3% das empresas concursadas en Galicia en relación ao ano anterior, sendo esta redución moito máis acusada que no conxunto do Estado, que presenta unha taxa de variación interanual negativa do 3,1% (**cadro 3.2.9.**).

O número total de empresas concursadas descendeu en Galicia ata as 189, o que supón o 4,6% do total estatal (5,5% no ano anterior). Atendendo aos datos publicados polo INE, o perfil maioritario das empresas concursadas en Galicia é o dunha empresa que desenvolve actividades de construción de edificios e promo-




Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

## 3.2.10.

ción inmobiliaria ou comercio por xunto, de un a dous asalariados e cunha antigüidade superior aos vinte anos. Igualmente, no conxunto do Estado o predominio corresponde a unha empresa do subsector do comercio por xunto, de entre 1 e dous asalariados e cunha antigüidade de entre cinco e oito. Segundo a súa forma xurídica, o 81,5% desas empresas concursadas en Galicia no ano 2018 eran sociedades de responsabilidade limitada (154 empresas), seguidas a moita distancia polas empresas persoas físicas (9%) e polas sociedades anónimas cun peso relativo do 6,9% (13 empresas).

Case o 44% das empresas concursadas en Galicia no último ano localízanse no tramo máis baixo de volume de negocio (ata 250.000 euros), rexistrándose só 114 empresas concursadas no último ano en Galicia cun volume de negocio superior a 5 millóns de euros.

O descenso rexistrado nas empresas concursadas en Galicia, esténdese a todos os sectores produtivos, en especial ao sector da construción cunha caída do 29% no número de empresas concursadas.

Tal e como reflicte o **cadro 3.2.9.**, no ano 2018 un total de 105 empresas concursadas pertencen ao sector servizos (12 menos que no ano anterior), por diante da construción, con 41 empresas (17 menos que en 2017) e a industria, con 33 empresas (6 menos que no ano anterior), no sector primario no ano 2018 non se rexistrou ningún concurso de empresa. Atendendo a súa distribución segundo ramas de actividade económica, as que presentan un maior número de empresas concursadas son as empresas englobadas dentro da construción de edificios e promoción inmobiliaria, con 28 empresas, as de comercio por xunto, con 22 empresas concursadas, dentro do sector industrial destacan as empresas de bens de consumo non duradeiro con 12 empresas concursadas en 2018.

O 63% das empresas concursadas en Galicia no ano 2018 teñen menos de seis traballadores asalariados (57,3% en España) e, entre elas, salientan as de un ou dous asalariados, que acollen o 27,5% das empresas concursadas (22,4% en España). Asemade, cómpre mencionar que o número de empresas en concurso de 50 ou máis traballadores foi de 7 unha máis que no ano anterior, o 3,7% do total en Galicia (3,3% no conxunto do Estado).

Xunto á información sobre a demografía das sociedades proporcionada polo Rexistro Mercantil Central, a

**Empresas en Galicia e España 2018 (1): distribución segundo grandes ramas de actividade**

| | 2018 | | | 18 / 08 | | 18 / 17 | | Índice de especialización (3) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia / España (%) | Galicia | España | Galicia | España | Galicia |
| **Total** | 200.801 | 3.337.646 | 6,0 | -2.573 | -84.593 | 1.878 | 55.300 | 1,00 |
| **Industria e enerxía** | 12.970 | 206.711 | 6,3 | -2.383 | -39.740 | 446 | 7.906 | 1,04 |
| Industria extractiva | 267 | 2.334 | 11,4 | -140 | -640 | -7 | 52 | 1,90 |
| Industria manufactureira | 11.891 | 180.267 | 6,6 | -2.417 | -48.955 | 442 | 6.177 | 1,10 |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 577 | 16.903 | 3,4 | 203 | 8.215 | 21 | 1.392 | 0,57 |
| Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación | 235 | 7.207 | 3,3 | -29 | 1.640 | -10 | 285 | 0,54 |
| **Construción** | 29.686 | 412.523 | 7,2 | -8.021 | -209.573 | 137 | 9.600 | 1,20 |
| **Servizos** | 158.145 | 2.718.412 | 5,8 | 7.831 | 164.720 | 1.295 | 37.794 | 0,97 |
| Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas | 48.081 | 747.874 | 6,4 | -5.909 | -73.201 | -498 | -5.629 | 1,07 |
| Transporte e almacenamento | 11.829 | 197.444 | 6,0 | -2.298 | -41.882 | 54 | 2.981 | 1,00 |
| Hostalería | 19.382 | 283.332 | 6,8 | -2.055 | -5.886 | 134 | 3.719 | 1,14 |
| Información e comunicacións | 2.509 | 67.248 | 3,7 | 779 | 18.430 | 162 | 3.722 | 0,62 |
| Actividades financeiras e de seguros | 5.118 | 78.593 | 6,5 | 612 | 11.480 | 11 | 1.253 | 1,08 |
| Actividades inmobiliarias | 7.318 | 176.950 | 4,1 | 3.813 | 59.323 | 547 | 8.410 | 0,69 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 20.511 | 399.760 | 5,1 | 201 | -5.481 | 314 | 9.903 | 0,85 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 10.493 | 204.492 | 5,1 | 4.615 | 67.425 | -63 | -241 | 0,85 |
| Educación | 6.874 | 107.222 | 6,4 | 2.791 | 38.652 | 247 | 3.394 | 1,07 |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | 7.926 | 163.013 | 4,9 | 1.590 | 38.571 | 202 | 4.442 | 0,81 |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretenemento | 5.583 | 92.321 | 6,0 | 1.685 | 21.770 | -6 | 1.469 | 1,01 |
| Outros servizos | 12.521 | 200.163 | 6,3 | 2.007 | 35.519 | 191 | 4.371 | 1,04 |

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, *DIRCE*

## 3.2.11.

explotación do directorio de empresas e unidades locais (Dirce) elaborado polo INE a partir de fontes tributarias, xurídicas ou da S.S, entre outras, permite completar a análise empresarial aportando información sobre o tecido empresarial galego incluíndose todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto se as súas entidades locais, sen restrición de tipoloxía xurídica nin tamaño. O Dirce cubre todas as actividades económicas excepto a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central Autónoma e Local (incluída Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e do servizo doméstico.

O **cadro 3.2.11.** mostra as empresas existentes en Galicia a un de xaneiro de 2018 (último dato dispoñible), un número que volve a aumentar en Galicia no último ano, situándose nas 200.801 (1.878 máis que na mesma data do ano anterior), sendo o seu peso relativo no total estatal do 6%. O reducido tamaño das empresas en Galicia, obsérvase en que das ditas 200.801 empresas, o 54% (108.380) non teñen asalariados.

O incremento no número de empresas rexistradas no Dirce explícase na súa meirande parte pola evolución do sector servizos, onde todas as ramas de actividade, agás no comercio, nas actividades administrativas e servizos auxiliares e as actividades artísticas, recreativas e de entretemento, presentan un maior número de empresas. Asemade, experiméntase un notable aumento no sector industria, en especial no número de industrias manufactureiras.

O 78,7% das empresas galegas incluídas no Dirce per-

**Empresas en Galicia e España 2018 (1): distribución segundo número de asalariados**

| | Galicia | | | | | | | España |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2017 | 2018 | | | | | |
| | | | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | |
| **Total empresas** | 203.374 | 198.923 | 200.801 | 83.313 | 24.760 | 23.291 | 69.437 | 3.337.646 |
| **Sen asalariados** | 100.126 | 108.134 | 108.380 | 45.970 | 13.088 | 12.505 | 36.817 | 1.845.881 |
| **de 1 a 9 asalariados** | 92.629 | 83.434 | 84.789 | 34.135 | 10.866 | 10.029 | 29.759 | 1.339.433 |
| **de 10 a 49 asalariados** | 9.203 | 6.229 | 6.470 | 2.658 | 720 | 660 | 2.432 | 126.345 |
| **de 50 a 199 asalariados** | 1.161 | 909 | 947 | 421 | 76 | 82 | 368 | 20.149 |
| **de 200 a 449 asalariados** | 183 | 150 | 143 | 82 | 8 | 10 | 43 | 3.925 |
| **de 500 a 5.000 ou máis asalariados** | 72 | 67 | 72 | 47 | 2 | 5 | 18 | 1.913 |

**(1) datos a 1 de xaneiro**
Fonte: INE, *DIRCE*

## 3.2.12.

**Empresas en Galicia e España 2018 (1): principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa**

| | | Galicia | España | Galicia / España | Índice especialización |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | *(%)* | Galicia |
| **Total** | | 200.801 | 3.337.646 | 6,0 | 1,00 |
| **1** | **Fabricación doutro material de transporte** | 150 | 941 | 15,9 | 2,65 |
| **2** | **Outras industrias extractivas** | 254 | 2.091 | 12,1 | 2,02 |
| **3** | **Extracción de minerais metálicos** | 8 | 72 | 11,1 | 1,85 |
| **4** | **Industria da madeira e cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría** | 1.029 | 10.455 | 9,8 | 1,64 |
| **5** | **Fabricación de bebidas** | 545 | 5.594 | 9,7 | 1,62 |
| **6** | **Fabricación doutros produtos minerais non metálicos** | 758 | 8.674 | 8,7 | 1,45 |
| **7** | **Confección de prendas de vestir** | 780 | 9.025 | 8,6 | 1,44 |
| **8** | **Actividades veterinarias** | 906 | 10.602 | 8,5 | 1,42 |
| **9** | **Industria da alimentación** | 2.040 | 25.748 | 7,9 | 1,32 |
| **10** | **Actividades de construción especializada** | 13.341 | 181.739 | 7,3 | 1,22 |
| **11** | **Construción de edificios** | 15.543 | 217.276 | 7,2 | 1,19 |
| **12** | **Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas** | 5.296 | 75.385 | 7,0 | 1,17 |
| **13** | **Servizos de comidas e bebidas** | 17.702 | 254.496 | 7,0 | 1,16 |
| **14** | **Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico** | 2.035 | 29.319 | 6,9 | 1,15 |
| **15** | **Fabricación de mobles** | 830 | 12.237 | 6,8 | 1,13 |
| **16** | **Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros** | 4.954 | 73.794 | 6,7 | 1,12 |
| **17** | **Almacenamento e actividades anexas ao transporte** | 1.243 | 18.668 | 6,7 | 1,11 |
| **18** | **Actividades de xogos de azar e apostas** | 765 | 11.513 | 6,6 | 1,10 |
| **19** | **Actividades de servizos sociais sen aloxamento** | 393 | 6.017 | 6,5 | 1,09 |
| **20** | **Industria téxtil** | 425 | 6.518 | 6,5 | 1,08 |
| **21** | **Actividades postais e de correos** | 745 | 11.491 | 6,5 | 1,08 |
| **22** | **Educación** | 6.874 | 107.222 | 6,4 | 1,07 |
| **23** | **Outros servizos persoais** | 7.981 | 124.688 | 6,4 | 1,06 |
| **24** | **Comercio polo iúdo, agás vehículos de motor e motocicletas** | 28.820 | 451.471 | 6,4 | 1,06 |
| **25** | **Reparación e instalación de maquinaria e equipamento** | 866 | 13.636 | 6,4 | 1,06 |

**(1) datos a 1 de xaneiro**
Fonte: INE, *Directorio central de empresas*

## 3.2.13.

tencen ao sector servizos, onde salientan, por número de empresas, as actividades de "Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con 48.081 empresas, seguidas das "Actividades profesionais, científicas e técnicas", con 20.511 e das actividades de "Hostalería", con 19.382 empresas. O sector da construción acolle ao 14,8% das empresas (29.686 empresas) e a industria e enerxía, ao restante 6,5% (12.970 empresas).

No que respecta ao número de asalariados, o **cadro 3.2.12.** mostra que o 54% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, fronte ao 55,3% de media no conxunto do Estado. Asemade, o

**Sociedades cooperativas e laborais existentes en Galicia e España 2017-18** (1)

| | 2017 | | | 2018 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | Galicia / España (%) | Galicia | España | Galicia / España (%) |
| **Sociedades cooperativas** | | | | | | |
| **Sociedades** | 912 | 20.958 | 4,4 | 749 | 19.954 | 3,8 |
| **Traballadores** | 8.605 | 319.792 | 2,7 | 8.026 | 322.880 | 2,5 |
| **Sociedades laborais** | | | | | | |
| **Sociedades** | 481 | 9.234 | 5,2 | 473 | 8.725 | 5,4 |
| **Traballadores** | 2.658 | 63.471 | 4,2 | 2.597 | 62.175 | 4,2 |

**(1) datos a 31 de decembro de cada ano**
Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, Datos estadísticos de Economía Social

## 3.2.14.

**Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2016-17: distribución sectorial**

| | Galicia | | | | España | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2016 | | 2017 | | 2016 | | 2017 | |
| | sociedades | socios | sociedades | socios | sociedades | socios | sociedades | socios |
| **Total** | 29 | 106 | 29 | 96 | 417 | 1.398 | 331 | 1.079 |
| **Agrario** | - | - | - | - | 5 | 23 | 5 | 18 |
| **Non agrario** | 29 | 106 | 29 | 96 | 412 | 1.375 | 326 | 1.061 |
| **Industria** | 4 | 16 | 3 | 10 | 51 | 222 | 47 | 210 |
| **Construción** | 1 | 4 | 2 | 8 | 40 | 127 | 33 | 102 |
| **Servizos** | 24 | 86 | 24 | 78 | 321 | 1.026 | 246 | 749 |

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social, Datos estadísticos de Economía Social

## 3.2.15.

42,2% das empresas galegas teñen entre un e nove asalariados, fronte ao 40,1% do total rexistrado en España. Finalmente, só un 3,8% das empresas galegas teñen dez ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,6% no Estado. Comparado co rexistrado ao comezo da crise económica, aumenta o peso relativo das empresas sen asalariados, pasando do 49,2% aos devandito 54%, mentres que se reduce no caso das empresas de un a nove asalariados e nos de dez ou máis (45,5% e 5,2% en 2008, respectivamente).

Finalmente, o estudo da especialización das empresas galegas en relación á media estatal permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia. Neste senso, o índice de especialización relativa (IER) mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, as ramas de actividade co índice de especialización relativa máis elevado seguen sendo, **cadro 3.2.13.**, as de "Fabricación doutro material de transporte", e "Outras industrias extractivas", que presentan un índice de especialización superior a 2 (2,65 e 2,02, respectivamente).

### Empresas de economía social

O artigo 3 da Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, define o concepto de economía social como o conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que se rexen polos principios orientadores recollidos no artigo 5 da lei, e que perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Engloba, entre outras, ás sociedades cooperativas, mutualidades, fundacións e asociacións que leven a cabo

**Traballadores da economía social en Galicia e España 2018 (1): principais características**

| | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | España |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (%) | | | |
| **sexo** | | | | | | |
| varóns | 58,7 | 57,0 | 59,7 | 58,6 | 59,9 | 53,3 |
| mulleres | 41,3 | 43,0 | 40,3 | 41,4 | 40,1 | 46,7 |
| **idade** | | | | | | |
| menores de 25 anos | 3,7 | 3,7 | 3,7 | 4,4 | 3,2 | 5,9 |
| de 25 a 39 anos | 33,5 | 32,5 | 36,4 | 33,6 | 33,0 | 34,6 |
| de 40 a 54 anos | 45,5 | 46,2 | 43,7 | 43,9 | 46,9 | 44,4 |
| de 55 anos ou máis | 17,3 | 17,6 | 16,2 | 18,1 | 16,9 | 15,1 |
| **nacionalidade** | | | | | | |
| española | 97,0 | 98,1 | 97,1 | 96,3 | 96,4 | 89,6 |
| estranxeira | 3,0 | 1,9 | 2,9 | 3,7 | 3,6 | 10,4 |
| **tipo de relación** | | | | | | |
| indefinida | 78,8 | 77,5 | 85,4 | 78,8 | 77,0 | 75,0 |
| temporal | 21,2 | 22,5 | 14,6 | 21,2 | 23,0 | 25,0 |
| **tipo de xornada** | | | | | | |
| tempo completo | 83,4 | 78,9 | 87,3 | 90,2 | 80,5 | 79,4 |
| tempo parcial | 16,6 | 21,1 | 12,7 | 9,8 | 19,5 | 20,6 |
| **antigüidade no negocio** | | | | | | |
| ata 6 meses | 17,0 | 20,7 | 11,7 | 14,2 | 17,8 | 36,3 |
| de 6 meses a 1 ano | 9,9 | 10,7 | 21,9 | 4,8 | 8,1 | 7,7 |
| de 1 a 3 anos | 19,8 | 21,0 | 21,9 | 18,0 | 19,1 | 16,2 |
| de 3 a 5 anos | 9,9 | 9,5 | 8,2 | 9,9 | 11,1 | 7,8 |
| máis de 5 anos | 43,4 | 38,1 | 36,3 | 53,1 | 43,9 | 32,0 |
| **tamaño da sociedade** | | | | | | |
| 0-5 traballadores | 17,6 | 19,8 | 21,1 | 9,4 | 20,7 | |
| 6-10 traballadores | 12,0 | 16,5 | 12,9 | 4,2 | 13,6 | |
| 11-25 traballadores | 15,0 | 20,8 | 5,1 | 13,7 | 14,7 | |
| 26-50 traballadores | 12,1 | 15,5 | 12,9 | 6,3 | 13,1 | |
| 51-100 traballadores | 10,9 | 11,4 | 4,3 | 2,3 | 20,1 | |
| 101-250 traballadores | 10,6 | 1,0 | 26,3 | 6,1 | 17,1 | |
| máis de 250 traballadores | 21,8 | 15,0 | 17,4 | 58,0 | 0,7 | |
| **sector de actividade** | | | | | | |
| agricultura | 9,7 | 6,5 | 20,1 | 17,7 | 1,2 | |
| industria | 31,8 | 24,9 | 26,4 | 43,8 | 31,6 | |
| construción | 8,2 | 7,1 | 6,6 | 7,3 | 11,0 | |
| servizos | 50,3 | 61,5 | 46,9 | 31,2 | 56,2 | |

**(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro**
Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, Datos estadísticos de Economía Social

## 3.2.16.

actividade económica, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación, as comunidades e mancomunidades de montes veciñais de man común, e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na devandita lei.

En 2018 rexístrase, igual que nos dous ano anteriores, un descenso tanto no número de sociedades cooperativas como no de traballadores das mesmas. A 31 de decembro de 2018, o número de sociedades cooperativas situouse nas 749, con 8.502 traballadores nos centros de cotización. Neste último ano, 199 cooperativas en Galicia teñen unha plantilla integrada totalmente por traballadores autónomos (1.141 persoas), e as 550 cooperativas galegas restantes inclúen réximes da Seguridade Social diferentes ao de autónomos (6.885 traballadores). En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 3,8% das sociedades cooperativas e o 2,5% dos traballadores.

Ao longo do ano 2018 constituíronse en Galicia un total de 39 sociedades cooperativas (dez menos que no ano anterior), cun total de 191 socios iniciais, o que representou o 3,1% do total de cooperativas constituídas en España e o 4% dos socios.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de traballo asociado, con 32 sociedades e 140 socios iniciais, por diante das catro cooperativas agrarias, que rexistran 33 socios iniciais, e das tres cooperativas de vivenda, que rexistran 18 socias iniciais. No ámbito das cooperativas de traballo asociado constituídas en Galicia no último ano, 29 pertencen ao sector servizos, catro ao sector agrario e unha á industria e ao sector da construción.

No que respecta ás sociedades laborais, no ano 2018 descende novamente o seu número, tanto en Galicia como en España, sendo menos acusada a caída na Comunidade Autónoma. Tras un descenso do 1,7% en relación ao ano anterior (8 sociedades), o número de sociedades laborais (SA e SL) sitúase a 31 de decembro en Galicia en 473, o que supón o 5,4% das 8.725 sociedades do conxunto do Estado. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 2.597 traballadores, o que representa o 4,2% do total estatal (62.175) (**cadro 3.2.14.**).

No ano 2017 mantense o número de sociedades laborais rexistradas e redúcese o número de socios iniciais. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 29 sociedades laborais, que agruparon a 96 socios (10 menos que o ano anterior). No conxunto do Estado descende tanto o número de sociedades laborais como o de socios das mesmas, acollendo Galicia o 8,8% do total estatal de sociedades laborais rexistradas e o 8,9% dos socios iniciais.

O sector servizos acolle case o 83% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (24 sociedades) e o 81% dos socios (78 socios iniciais). No ano 2017, rexístrase unha sociedade laboral industrial menos e unha máis na construción.

No que respecta ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.2.16.**, case 6 de cada 10 persoas que traballan en Galicia nestas sociedades son homes; o 45,5% do total de traballadores teñen unha idade comprendida entre 40 e 54 anos, e 33,5%, entre 25 e 39 anos; e 83,4% traballadores realiza a súa actividade a tempo completo. Por outra banda, o 43,4% dos traballadores da economía social en Galicia –excluídos os autónomos– mantén unha antigüidade no negocio superior a cinco anos (32% de media no conxunto do Estado) e que un 17% dos traballadores mantén unha antigüidade inferior a seis meses (36,3% de media estatal).

O tamaño das sociedades de economía social galegas é reducido, de xeito que no 29,6% das sociedades traballan menos de 10 persoas (esta porcentaxe ascende ao 36,3% na provincia da Coruña), e no 32,4% das mesmas hai máis de cen traballadores (64,1% en Ourense).

O 50,3% do emprego total da economía social corresponde ao sector servizos, seguido da industria, con 32 de cada 100 traballadores, e a agricultura e construción, co 9,7% e o 8,2%, respectivamente. ❑

# 3.3. Sector exterior

O cadro macroeconómico de Galicia publicado polo IGE mostra no ano 2018 unha achega negativa da demanda externa ao crecemento agregado do PIB, o que non acontecía dende o ano 2006. No ano 2018 o sector exterior contribúe nunha décima negativa ao crecemento do PIB, fronte ao aporte de catro décimas negativas do sector exterior ao crecemento do PIB do conxunto do Estado.

Este capítulo céntrase na análise das relacións comerciais de Galicia con terceiros países a partir dos datos que ofrece o ICEX na súa base de datos ESTACOM. En termos absolutos, o valor total das vendas galegas ao conxunto do Estado e a terceiros países ascendeu a 33.879 millóns de euros e as importacións acadaron os 31.613 millóns. Deste xeito, o saldo positivo da balanza comercial da economía galega ascende a 2.266 millóns de euros, o que significa un descenso do 6,4% respecto ao ano anterior. A taxa de cobertura (Exportacións/Importacións x100) no ano 2018 ascendeu a 107,2%, un punto porcentual menos que no ano anterior, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) sitúase no 102,4%, dous puntos porcentuais máis que no ano anterior.

Esta evolución reflíctese no feito de que Pontevedra e A Coruña sitúanse no último ano como a cuarta e oitava provincia española con maior volume de exportacións. A base exportadora da economía galega no último ano aumenta, así o número de empresas exportadoras se sitúa en 7.259 empresas (545 máis que en 2017).

O investimento bruto estranxeiro en Galicia descende en maior medida do que o fai o investimento galego no exterior, sendo os destinos prioritarios no caso dos investimentos estranxeiros en Galicia o comercio ao por maior e a fabricación de maquinaria, e, no caso dos investimentos galegos no exterior,nun 71% teñen como destino as actividades inmobiliarias.

## Comercio exterior con terceiros países

As relacións comerciais de Galicia con terceiros países aumentan no ano 2018 un 7,4%, consecuencia tanto do incremento das importacións nun 10,6% como das

**Importacións e exportacións de Galicia e España 2017-18**

| | Importacións | | | Exportacións | | | Saldo comercial | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 | 2017 | 2018 | 18/17 |
| | *(en millóns de euros)* | | *(%)* | *(en millóns de euros)* | | *(%)* | *(en millóns de euros)* | | |
| **Galicia** | 17.199,7 | 19.022,0 | 10,6 | 21.798,4 | 22.857,4 | 4,9 | 4.598,6 | 3.835,5 | -763,2 |
| **A Coruña** | 6.929,9 | 7.818,2 | 12,8 | 11.089,1 | 11.714,6 | 5,6 | 4.159,2 | 3.896,5 | -262,7 |
| **Lugo** | 628,8 | 721,8 | 14,8 | 679,8 | 662,0 | -2,6 | 51,0 | -59,8 | -110,7 |
| **Ourense** | 555,3 | 562,7 | 1,3 | 816,0 | 890,0 | 9,1 | 260,7 | 327,2 | 66,5 |
| **Pontevedra** | 9.085,7 | 9.919,3 | 9,2 | 9.213,5 | 9.590,8 | 4,1 | 127,8 | -328,5 | -456,3 |
| **España** | 302.431,2 | 318.863,9 | 5,4 | 276.142,9 | 285.023,9 | 3,2 | -26.288,3 | -33.840,0 | -7.551,8 |
| **Galicia/España** *(%)* | 5,7 | 6,0 | | 7,9 | 8,0 | | | | |

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

## 3.3.1.

exportacións nun 4,9%. No conxunto do Estado o incremento da actividade comercial é notablemente inferior (4,4%) tras un crecemento do valor das exportacións do 3,2% e da medra das importacións nun 5,4%.

O valor total das compras e vendas galegas no exterior acadou no último ano os 41.879,4 millóns de euros, 2.881 millóns máis que no ano anterior, incrementando en dúas décimas o seu peso relativo no total estatal ata o 6,9%. O grado de apertura da economía galega a terceiros países, entendido este como o cociente entre a suma do valor das exportacións e importacións e o PIB, situouse no 65,5%, o valor máis elevado dende 1995, primeiro ano da serie estatística do ICEX.

Os sectores máis importantes en canto ao valor das súas actividades comerciais con terceiros países en Galicia, seguen sendo, un ano máis, o sector do automóbil e o de manufacturas de consumo, con 9.027 e 8.736 millóns de euros respectivamente, representando conxuntamente o 42,4% da actividade comercial galega con terceiros países (24,8% en España). Atendendo ao seu peso relativo no conxunto do Estado, salienta o sector das manufacturas de consumo, que representan o 13,4% da actividade comercial exterior deste sector en España, así como o sector da automoción, co 10,7%, situándose no 8,1% no caso dos alimentos.

En relación ao ano anterior, todos os sectores presentan unha medra da actividade comercial agás os bens de consumo duradeiro e as manufacturas de consumo que caen un 9% e un 0,5% respectivamente. En canto ás actividades que incrementan o valor do seu comercio exterior, destaca o crecemento do sector enerxético con 985 millóns de euros máis que no ano anterior (23,6% máis). Tamén é significativa a evolución no sector do automóbil e de bens de equipamento, con incrementos en torno ao 8% e de 681 e 351 millóns de euros respectivamente.

O **cadro 3.3.1.** mostra como as catro provincias presentan unha mellora da súa actividade comercial. Tras un incremento do 8,4% a provincia da Coruña pasa a situarse como de maior actividade comercial con 19.533 millóns de euros, só levemente por encima de Pontevedra que incrementa a súa actividade no último ano un 6,6% e acada os 19.510 millóns de euros. As provincias da Coruña e Pontevedra representan cada unha o 46,6% do comercio exterior galego; por tanto as dúas provincias restantes acollen en torno ao 3,5% Ourense e o 3,3% Lugo da actividade comercial galega.

A evolución do valor das exportacións e importacións, derivan na existencia dun saldo da balanza comercial en Galicia que reduce o seu superávit en 2018, que se sitúa en 3.835,5 millóns de euros, 763 millóns menos que no ano anterior. Este saldo comercial representa o 6% do PIB no ano 2018, un punto e medio menos que o rexistrado no ano anterior, acadando en 2018 o peso máis reducido dende o ano 2012.

A nivel provincial destaca a existencia dun saldo comercial negativo en Pontevedra (328,5 millóns de euros) e na provincia de Lugo (59,8 millóns de euros), saldos que

**Importacións e exportacións 2018: distribución segundo sectores de actividade**

| | Importacións | | | | Exportacións | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe | 18/17 | peso relativo | Galicia/ España | Importe | 18/17 | peso relativo | Galicia/ España |
| | (en millóns de euros) | | (%) | | (en millóns de euros) | | (%) | |
| **Total** | 19.022,0 | 10,6 | 100 | 6,0 | 22.857,4 | 4,9 | 100 | 8,0 |
| **Alimentos** | 3.656,1 | 3,4 | 19,2 | 10,4 | 2.933,5 | 1,6 | 12,8 | 6,4 |
| **Enerxéticos** | 3.260,1 | 24,7 | 17,1 | 6,8 | 1.897,1 | 21,7 | 8,3 | 8,4 |
| **Materias primas** | 537,9 | 14,6 | 2,8 | 4,7 | 845,4 | 16,2 | 3,7 | 11,0 |
| **Semimanufacturas** | 2.424,7 | 17,3 | 12,7 | 3,4 | 2.959,9 | 7,7 | 12,9 | 4,2 |
| **Bens de equipamento** | 1.732,3 | 19,5 | 9,1 | 2,6 | 3.231,3 | 2,2 | 14,1 | 5,7 |
| **Sector Automóbil** | 5.135,1 | 7,7 | 27,0 | 12,8 | 3.892,0 | 8,7 | 17,0 | 8,7 |
| **Bens de consumo duradeiro** | 206,9 | -5,5 | 1,1 | 2,5 | 245,6 | -11,7 | 1,1 | 5,4 |
| **Manufacturas de consumo** | 2.056,6 | -0,7 | 10,8 | 5,6 | 6.679,5 | -0,4 | 29,2 | 23,5 |
| **Outras mercadorías** | 12,2 | 77,5 | 0,1 | 1,0 | 173,1 | 14,3 | 0,8 | 4,4 |

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

## 3.3.2.

se compensan polo saldo positivo da provincia da Coruña (3.896,5 millóns de euros) e Ourense (327,2 millóns). Agás na provincia de Ourense, as restantes provincias galegas empeoran o seu saldo comercial en relación ao acadado en 2017.

O saldo comercial na provincia de A Coruña aínda que positivo, redúcese en relación ao ano anterior, como consecuencia dun aumento das exportacións do 6,4% e do 13,3% nas importacións. Esta evolución do saldo comercial na provincia da Coruña explícase fundamentalmente polo redución do 1% no valor da exportacións das manufacturas de consumo, principal capítulo exportador que supón o 54,2% do total de exportacións da provincia, así como do incremento do 25,4% no valor das importacións de produtos enerxéticos, sendo este tamén o principal capítulo importador na provincia, acollendo o 41% do valor total das importacións provinciais.

Finalmente, destacar que as provincias de Pontevedra e A Coruña están situadas no cuarto e oitavo posto, respectivamente, no ranking de provincias españolas con maior volume de exportacións, sendo tamén Pontevedra a novena provincia española por volume de importacións.

**• Importacións do exterior**

O valor total das importacións galegas no último ano acada os 19.022 millóns de euros (1.822,3 millóns superior ao rexistrado en 2017), o que representa o 6% do valor total das importacións españolas. O incremento do valor das exportacións en 2018 prodúcese nas catro provincias galegas, salientando o comportamento da Coruña cunha medra do 12,8% (888,2 millóns de euros), Pontevedra cun incremento de 833,6 millóns de euros (9,2%) é a segunda en importancia en termos absolutos. A continuación situaríase Lugo, co maior incremento porcentual de todas as provincias galegas, cun 14,8% máis (93 millóns de euros ) e, finalmente, Ourense con 7,4 millóns en importacións máis que no ano anterior (1,3% de incremento). Tras esta evolución, a provincia de Pontevedra mantense como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, acollendo o 52,1% do importe total das importacións galegas, seguida da Coruña, co 41,1%.

O sector da automoción, tras unha medra do 7,7% en relación ao ano precedente, sitúase como a actividade que presenta un maior importe ao acadar os 5.135,1 millóns de euros, que significa o 27% do valor total das importacións galegas e o 12,8% das compras españolas a terceiros países por parte das empresas englobadas neste sector (**cadro 3.3.2.**). O aumento no valor das importación so sector do automóbil, explícase tanto pola evolución das compras exteriores de automóbiles e motos, que tras un aumento do 12,4% acadan os 2.020,5 millóns de euros, como pola medra do 4,9% no

**Importacións 2017-18: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe**

| Nº | Cap. | Denominación | 2008 | 2017 | | 2018 | | 18/17 | 18/08 | 2018 Unión Europea | Francia | Portugal |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (% / total) | (en millóns de euros) | (% / total) | (en millóns de euros) | (% / total) | (%) | (%) | (en millóns de euros) | | |
| 1 | 87 | Vehículos automóbiles, tractores | 16,7 | 4.984,7 | 29,0 | 5.374,4 | 28,3 | 7,8 | 108,1 | 5.280,6 | 4.400,7 | 269,8 |
| 2 | 27 | Combustibles minerais, aceites minerais | 21,4 | 2.613,9 | 15,2 | 3.260,1 | 17,1 | 24,7 | -1,5 | 246,1 | 7,0 | 21,6 |
| 3 | 03 | Peixes e crustáceos, moluscos | 8,4 | 2.126,8 | 12,4 | 2.266,9 | 11,9 | 6,6 | 73,5 | 504,0 | 110,2 | 233,3 |
| 4 | 62 | Roupa e complementos de vestir, agás punto | 5,5 | 726,1 | 4,2 | 848,3 | 4,5 | 16,8 | -0,6 | 138,2 | 2,4 | 108,3 |
| 5 | 72 | Fundición, ferro e aceiro | 8,0 | 586,2 | 3,4 | 782,5 | 4,1 | 33,5 | -36,6 | 720,8 | 238,4 | 269,5 |
| 6 | 84 | Máquinas e aparatos mecánicos | 3,6 | 598,0 | 3,5 | 666,9 | 3,5 | 11,5 | 20,0 | 523,2 | 30,0 | 27,3 |
| 7 | 16 | Preparación carne, peixe ou crustáceos | 1,7 | 535,9 | 3,1 | 617,0 | 3,2 | 15,1 | 136,3 | 36,9 | 6,7 | 19,7 |
| 8 | 61 | Roupa e complementos de vestir, de punto | 3,3 | 578,3 | 3,4 | 475,4 | 2,5 | -17,8 | -6,2 | 156,7 | 2,0 | 133,9 |
| 9 | 85 | Aparellos e material eléctricos | 4,1 | 340,5 | 2,0 | 455,2 | 2,4 | 33,7 | -27,6 | 209,8 | 11,6 | 9,4 |
| 10 | 76 | Aluminio e manufacturas de aluminio | 1,9 | 387,8 | 2,3 | 448,3 | 2,4 | 15,6 | 53,9 | 228,2 | 54,1 | 45,1 |
| Total dos principais capítulos | | | 74,4 | 13.478,2 | 78,4 | 15.195,1 | 79,9 | 12,7 | 31,8 | 8.044,7 | 4.863,3 | 1.137,9 |
| Resto | | | 25,6 | 3.721,5 | 21,6 | 3.826,9 | 20,1 | 2,8 | -3,5 | 2.197,3 | 244,4 | 708,7 |
| Total | | | 100 | 17.199,7 | 100 | 19.022,0 | 100 | 10,6 | 22,8 | 10.242,0 | 5.107,7 | 1.846,6 |

**(consulta: 5-03-2019)**
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

## 3.3.3.

caso da fabricación de compoñentes, con importacións que ascenden a 3.114,6 millóns.

O segundo sector de actividade en importancia en canto a valor das importacións é o de alimentos, que experimentan unha medra do 3,4% respecto ao ano anterior, representando o 19,2% do valor total das importacións galegas (3.656,1 millóns de euros) e o 10,4% das importacións españolas. A continuación estaría o sector enerxético, que tras un forte incremento en 2018, acada importacións por valor dee 3.260,1 millóns de euros (un 24,7% máis que no ano anterior), o que representa o 17,1% do total de importacións galegas e o 6,8% das importacións españolas deste sector de actividade.

Descendendo a nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o correspondente a "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87) é o máis importante en termos de valor. Tras unha medra do 7,8% en relación ao ano anterior, as compras a terceiros países ascenden a 5.374,4 millóns de euros, o 28,3% das importacións galegas. O 98,2% das importacións galegas do capítulo 87 teñen a súa orixe na UE28, representado o 51,6% das importacións galegas da UE28.

A continuación sitúase o capítulo de "Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais" (27), con 3.260,1millóns, un 24,7% máis que no ano anterior, e en terceiro lugar, os "Peixes e crustáceos, moluscos" (03), que tras unha medra do 6,6% acada os 2.266,9 millóns de euros, o 11,9% do total galego. A concentración sectorial obsérvase en que estes tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 57,3% do valor total das importacións galegas (56,5% no ano anterior).

Segundo o país de orixe, as importacións galegas concéntranse principalmente nos países da Unión Europea. Os datos recollidos no **cadro 3.3.4.** amosan que o 53,8% do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (10.242 millóns de euros), sendo esta porcentaxe 2,7 puntos porcentuais inferior á rexistrada no ano anterior. Francia, consecuencia da localización da factoría do Grupo PSA Peugeot-Citroën en Vigo, segue a ser o principal subministrador de Galicia, con 5.107,7 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.846,6 millóns. Estes dous países concentran o 36,5% das importacións galegas, máis de dous puntos porcentuais por baixo do rexistrado no ano anterior. Fóra da Unión Europea, China, cun crecemento do 9% respecto ao ano anterior, sitúase como o cuarto país onde máis compras

**Importacións e exportacións 2017-18: distribución segundo áreas xeográficas**

| | Importacións | | Exportacións | | Saldo comercial | | Taxa de cobertura | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2017 | 2018 | 2017 | 2018 | 2017 | 2018 | 2017 | 2018 |
| | | | (en millóns de euros) | | | | (%) | |
| **Total** | 17.199,7 | 19.022,0 | 21.798,4 | 22.857,4 | 4.598,6 | 3.835,5 | 126,7 | 120,2 |
| **Europa** | 10.609,8 | 11.238,8 | 17.462,2 | 18.763,6 | 6.852,4 | 7.524,8 | 164,6 | 167,0 |
| **Unión Europea** | 9.725,2 | 10.242,0 | 16.412,2 | 17.864,9 | 6.687 | 7.623 | 168,8 | 174,4 |
| **EFTA** | 90,7 | 105,5 | 258,3 | 193,8 | 168 | 88 | 284,8 | 183,6 |
| **Europa oriental** | 339,7 | 364,4 | 180,3 | 181,4 | -159 | -183 | 53,1 | 49,8 |
| **Resto Europa** | 454,2 | 526,9 | 611,3 | 523,5 | 157 | -3 | 134,6 | 99,4 |
| **África** | 2.094,2 | 2.599,3 | 1.207,7 | 1.086,2 | -886,4 | -1.513,2 | 57,7 | 41,8 |
| **Africa do norte** | 1.387,0 | 1.656,3 | 973,9 | 896,6 | -413 | -760 | 70,2 | 54,1 |
| **África central** | 40,1 | 44,9 | 17,9 | 19,8 | -22 | -25 | 44,6 | 44,1 |
| **África occidental** | 275,1 | 445,2 | 89,1 | 60,0 | -186 | -385 | 32,4 | 13,5 |
| **África oriental** | 2,1 | 5,4 | 9,1 | 4,6 | 7 | -1 | 442,4 | 84,4 |
| **África austral** | 389,8 | 447,4 | 117,6 | 105,1 | -272 | -342 | 30,2 | 23,5 |
| **América** | 2.209,0 | 2.704,7 | 1.914,0 | 1.828,6 | -295,0 | -876,2 | 86,6 | 67,6 |
| **América do norte** | 311,9 | 585,8 | 654,4 | 645,9 | 343 | 60 | 209,8 | 110,3 |
| **América central** | 707,7 | 916,8 | 483,6 | 312,6 | -224 | -604 | 68,3 | 34,1 |
| **América do sur** | 1.162,5 | 1.148,3 | 711,8 | 773,8 | -451 | -374 | 61,2 | 67,4 |
| **Asia** | 2.205,2 | 2.363,4 | 1.079,1 | 1.046,7 | -1.126,1 | -1.316,7 | 48,9 | 44,3 |
| **Próximo Oriente** | 99,2 | 162,0 | 184,5 | 203,9 | 85 | 42 | 186,0 | 125,9 |
| **Península Arábiga** | 120,3 | 66,0 | 216,9 | 201,7 | 97 | 136 | 180,3 | 305,6 |
| **Asia central** | 0,4 | 0,5 | 7,6 | 9,2 | 7 | 9 | 2.105,7 | 1.678,5 |
| **Asia do sur** | 329,9 | 365,4 | 35,8 | 43,4 | -294 | -322 | 10,9 | 11,9 |
| **Lonxano oriente** | 985,7 | 1.097,4 | 433,6 | 463,9 | -552 | -633 | 44,0 | 42,3 |
| **Sudeste asiático** | 669,9 | 672,1 | 200,6 | 124,6 | -469 | -548 | 30,0 | 18,5 |
| **Oceanía** | 81,4 | 115,1 | 60,8 | 39,1 | -20,5 | -76,0 | 74,8 | 34,0 |
| **BRICs** | 1,2 | 1,3 | 400,8 | 516,3 | 399,7 | 515,0 | 34.393,4 | 39.067,9 |

**(consulta: 5-03-2019)**

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

## 3.3.4.

se realizan, manténdose México no sexto lugar tras unha aumento 45% (representan o 4,1% e 4% das importacións totais galegas, respectivamente).

Finalmente, destacar que Francia en 2018 mantén a elevada concentración das importacións correspondentes á automoción, no 86,2% das compras nese país, a continuación sitúanse as actividades de "Fundición, ferro e aceiro" (72) co 4,7%. En Portugal, a automoción continúa como principal capítulo importador, xunto coa fundición, ferro e aceiro, co 14,6% do total das importacións deste país en ámbolos dous casos.


**• Exportacións ao exterior**


As exportacións de produtos galegos a terceiros países aumentan no ano 2018 un 4,9% en relación ao ano precedente, ascendendo o importe total ata os 22.857,4 millóns de euros, aumentando nunha décima o seu peso relativo no conxunto do Estado ata o 8%.

A nivel provincial, no último ano increméntase o valor das exportacións en todas as provincias agás en Lugo. Tras unha medra do 5,6%, A Coruña consolídase como a provincia con maior valor de exportacións, ao acadar os 11.714,6 millóns de euros (625,5 millóns máis que en 2017), o que representa o 51,2% do total galego. Na provincia de Pontevedra o incremento foi de 377,3 millóns de euros (4,1%), ascendo o valor total das exportacións a 9.590,8 millóns, o 41,9% de Galicia. En conxunto, a concentración das exportacións nestas dúas provincias mantense estable entorno ao 93% do total das exportacións galegas.

Tendo en conta os grandes sectores de actividade, **cadro 3.3.2.**, o grupo de manufacturas de consumo é

**Evolución do peso relativo das exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2018.**




**(consulta: 6-03-2019)**

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

## 3.3.5.

o máis importante tanto en termos de valor, polo seu peso no total de exportacións galegas o 29,2%, como en relación á súa importancia relativa no conxunto do Estado, por mor do peso do subsector téxtil-confección. As exportacións destes produtos ascenderon en 2018 ata os 6.679,5 millóns de euros, un 0,4% menos que no ano anterior. Séguelle en importancia o sector do automóbil, cunhas vendas de 3.892 millóns de euros, un 8,7% máis que no ano anterior, o que supón o 17% das exportacións galegas e o 8,7% das exportacións españolas do sector. No **gráfico 3.3.5.**, obsérvase como o sector do automóbil e do téxtil-confección seguen unha evolución dispar, situándose o téxtil como principal sector exportador a partir do ano 2014.

O incremento máis acusado tanto en termos absolutos como relativos segue correspondendo, igual que no exercicio anterior, ás actividades enerxéticas, con 338,5 millóns de euros máis (21,7%), situándose en segundo lugar o sector do automóbil, cunha medra de 312,7 millóns de euros. Fronte aos incrementos xeneralizados, as únicas caídas no valor da vendas rexístranse no caso dos bens de consumo duradeiro e das manufacturas de consumo, cunha contracción do 11,7% e 0,4%, respectivamente (32,7 e 25,1 millóns de euros).

Desagregando a análise en nivel de capítulo arancelario (**cadro 3.3.6.**), atendendo ao seu importe o capítulo máis importante continúa a ser o de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87), que concentra o 23,1% das exportacións galegas, seguido por dous capítulos pertencentes á actividade téxtil, o de "Prendas de vestir, non de punto" (62), que acolle o 14,8% das vendas, e o da "Prendas de vestir, de punto" (61), que representa o 8,4%. En relación ao ano anterior, os capítulos relacionados co téxtil experimentaron en conxunto unha caída de 600 millóns de euros, mentres as exportacións de vehículos aumentaron en 366 millóns.

O 78% do total de vendas galegas ao exterior en 2018 tiveron como destino a UE28 (17.864,9 millóns de

### Exportacións 2017-18: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

| Nº | Cap. | Denominación | 2008 | 2017 | | 2018 | | 18/17 | 18/08 | 2018 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | Unión Europea | Francia | Portugal |
| | | | (% / total) | (en millóns de euros) | (% / total) | (en millóns de euros) | (% / total) | (%) | (%) | (en millóns de euros) | | |
| 1 | 87 | Vehículos automóbiles, tractores | 37,1 | 4.909,7 | 22,5 | 5.275,8 | 23,1 | 7,5 | -9,6 | 4.298,1 | 1.982,9 | 409,1 |
| 2 | 62 | Prendas de vestir, non de punto | 8,7 | 3.407,0 | 15,6 | 3.391,6 | 14,8 | -0,5 | 148,6 | 2.993,0 | 509,4 | 277,4 |
| 3 | 61 | Prendas de vestir, de punto | 5,6 | 1.915,4 | 8,8 | 1.930,2 | 8,4 | 0,8 | 119,2 | 1.635,5 | 263,0 | 157,9 |
| 4 | 27 | Combustibles, aceites minerais | 3,6 | 1.495,3 | 6,9 | 1.816,4 | 7,9 | 21,5 | 224,6 | 1.348,8 | 333,8 | 265,6 |
| 5 | 03 | Peixes, crustáceos, moluscos | 5,6 | 1.447,2 | 6,6 | 1.474,2 | 6,4 | 1,9 | 67,0 | 1.183,5 | 106,8 | 360,3 |
| 6 | 85 | Aparellos e materiais eléctricos | 4,4 | 495,2 | 2,3 | 853,2 | 3,7 | 72,3 | 22,1 | 489,0 | 116,8 | 58,2 |
| 7 | 16 | Conservas de carne ou peixe | 2,7 | 689,0 | 3,2 | 739,7 | 3,2 | 7,4 | 75,0 | 670,6 | 143,3 | 94,6 |
| 8 | 76 | Aluminio e manufacturas de aluminio | 2,0 | 588,6 | 2,7 | 612,2 | 2,7 | 4,0 | 92,9 | 557,6 | 154,5 | 158,8 |
| 9 | 72 | Fundición, ferro e aceiro | 3,3 | 538,0 | 2,5 | 593,7 | 2,6 | 10,4 | 14,8 | 506,8 | 58,6 | 167,5 |
| 10 | 84 | Máquinas e aparellos mecánicos | 2,1 | 537,2 | 2,5 | 588,1 | 2,6 | 9,5 | 78,7 | 372,5 | 38,5 | 97,6 |
| Total dos principais capítulos | | | 75,0 | 16.022,7 | 73,5 | 17.275,0 | 75,6 | 7,8 | 46,3 | 14.055,4 | 3.707,7 | 2.047,0 |
| Resto | | | 25,0 | 5.775,7 | 26,5 | 5.582,4 | 24,4 | -3,3 | 42,1 | 3.809,5 | 619,9 | 1.075,6 |
| Total | | | 100 | 21.798,4 | 100 | 22.857,4 | 100 | 4,9 | 45,2 | 17.864,9 | 4.327,6 | 3.122,6 |

**(consulta: 5-03-2019)**
Fonte: Ministerio Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

## 3.3.6.

### Exportacións galegas 2017-18: ránkings segundo países de destino

| | | 2008 | 2017 | | 2018 | | 18/17 | 18/08 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (%) | (en miles de euros) | (%) | (en miles de euros) | (%) | (%) | (%) |
| 1 | Francia | 34,9 | 4.164.966 | 19,1 | 4.327.556 | 18,9 | 3,9 | -21,3 |
| 2 | Portugal | 15,8 | 2.759.105 | 12,7 | 3.122.619 | 13,7 | 13,2 | 25,2 |
| 3 | Italia | 6,0 | 2.021.115 | 9,3 | 2.232.062 | 9,8 | 10,4 | 136,3 |
| 4 | Reino Unido | 3,3 | 1.430.483 | 6,6 | 1.610.457 | 7,0 | 12,6 | 205,8 |
| 5 | Alemaña | 3,3 | 1.322.183 | 6,1 | 1.290.975 | 5,6 | -2,4 | 150,5 |
| 6 | Países Baixos | 3,0 | 1.088.254 | 5,0 | 1.118.064 | 4,9 | 2,7 | 134,7 |
| 7 | Bélxica | 1,9 | 804.347 | 3,7 | 1.087.221 | 4,8 | 35,2 | 273,4 |
| 8 | Polonia | 1,2 | 674.802 | 3,1 | 768.832 | 3,4 | 13,9 | 291,0 |
| 9 | Marrocos | 3,4 | 779.547 | 3,6 | 693.377 | 3,0 | -11,1 | 29,6 |
| 10 | Estados Unidos | 4,1 | 580.010 | 2,7 | 550.656 | 2,4 | -5,1 | -15,0 |
| 11 | Turquía | 1,2 | 554.967 | 2,5 | 395.602 | 1,7 | -28,7 | 107,5 |
| 12 | Grecia | 1,7 | 329.445 | 1,5 | 353.580 | 1,5 | 7,3 | 29,5 |
| 13 | Romanía | 0,5 | 244.665 | 1,1 | 251.938 | 1,1 | 3,0 | 239,6 |
| 14 | México | 1,0 | 412.393 | 1,9 | 249.075 | 1,1 | -39,6 | 55,0 |
| 15 | Irlanda | 0,7 | 201.348 | 0,9 | 207.616 | 0,9 | 3,1 | 90,4 |
| 16 | China | 0,4 | 184.667 | 0,8 | 196.951 | 0,9 | 6,7 | 189,6 |
| 17 | Chile | 0,3 | 153.009 | 0,7 | 196.897 | 0,9 | 28,7 | 304,2 |
| 18 | Suecia | 0,7 | 201.941 | 0,9 | 182.912 | 0,8 | -9,4 | 74,9 |
| 19 | Brasil | 0,7 | 76.308 | 0,4 | 174.700 | 0,8 | 128,9 | 55,4 |
| 20 | Arxentina | 0,5 | 198.831 | 0,9 | 165.042 | 0,7 | -17,0 | 92,6 |
| 5 primeiros países | | 63,4 | 11.697.854 | 53,7 | 12.583.670 | 55,1 | 7,6 | 26,1 |
| 10 primeiros países | | 77,0 | 15.624.814 | 71,7 | 16.801.820 | 73,5 | 7,5 | 38,6 |
| 20 primeiros países | | 84,8 | 18.182.387 | 83,4 | 19.176.133 | 83,9 | 5,5 | 43,6 |
| Total | | 100,0 | 21.798.364 | 100,0 | 22.857.444 | 100,0 | 4,9 | 45,2 |

**(consulta: 6-03-2019)**
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

## 3.3.7.

**Empresas galegas exportadoras a terceiros países 2008 e 2018: distribución segundo grandes sectores**

| | 2008 | | 2018 (1) | | 18/17 | | 18/08 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | (%) | | | | (%) | | (%) |
| **Sectores económicos** (2) | 4.907 | 100 | 6.482 | 100 | -232 | -3,5 | 1.575 | 32,1 |
| **Alimentos** (3) | 1.022 | 20,8 | 1.274 | 19,7 | -204 | -13,8 | 252 | 24,7 |
| **Bebidas** | 271 | 5,5 | 412 | 6,4 | -96 | -18,9 | 141 | 52,0 |
| **Pesca** | 455 | 9,3 | 389 | 6,0 | -46 | -10,6 | -66 | -14,5 |
| **Carne** | 166 | 3,4 | 316 | 4,9 | -56 | -15,1 | 150 | 90,4 |
| **Preparados alimenticios** | 141 | 2,9 | 131 | 2,0 | -34 | -20,6 | -10 | -7,1 |
| **Froitas, hortalizas e legumes** | 110 | 2,2 | 110 | 1,7 | -24 | -17,9 | 0 | 0,0 |
| **Lácteos e ovos** | 65 | 1,3 | 85 | 1,3 | 2 | 2,4 | 20 | 30,8 |
| **Outros** | 167 | 3,4 | 188 | 2,9 | -23 | -10,9 | 21 | 12,6 |
| **Produtos enerxéticos** | 100 | 2,0 | 147 | 2,3 | 15 | 11,4 | 47 | 47,0 |
| **Materias primas** | 342 | 7,0 | 332 | 5,1 | -34 | -9,3 | -10 | -2,9 |
| **Semimanufacturas** | 1.130 | 23,0 | 1.393 | 21,5 | -188 | -11,9 | 263 | 23,3 |
| **Produtos químicos** | 633 | 12,9 | 806 | 12,4 | -134 | -14,3 | 173 | 27,3 |
| **Outras semimanufacturas** | 625 | 12,7 | 737 | 11,4 | -130 | -15,0 | 112 | 17,9 |
| **Ferro e aceiro** | 160 | 3,3 | 210 | 3,2 | -9 | -4,1 | 50 | 31,3 |
| **Metais non ferrosos** | 116 | 2,4 | 155 | 2,4 | -12 | -7,2 | 39 | 33,6 |
| **Bens de equipamento** | 1.748 | 35,6 | 1.931 | 29,8 | -259 | -11,8 | 183 | 10,5 |
| **Maq. Específica certas industrias** | 822 | 16,8 | 954 | 14,7 | -135 | -12,4 | 132 | 16,1 |
| **Equipamento oficina e telecomunicacións** | 195 | 4,0 | 311 | 4,8 | -25 | -7,4 | 116 | 59,5 |
| **Material transporte** | 404 | 8,2 | 284 | 4,4 | -19 | -6,3 | -120 | -29,7 |
| **Outros bens de equipamento** | 825 | 16,8 | 1.144 | 17,6 | -164 | -12,5 | 319 | 38,7 |
| **Sector do automóbil** | 535 | 10,9 | 581 | 9,0 | -74 | -11,3 | 46 | 8,6 |
| **Automóbiles e motos** | 109 | 2,2 | 213 | 3,3 | -15 | -6,6 | 104 | 95,4 |
| **Compoñentes do automóbil** | 444 | 9,0 | 400 | 6,2 | -64 | -13,8 | -44 | -9,9 |
| **Bens de consumo duradeiro** | 320 | 6,5 | 446 | 6,9 | -10 | -2,2 | 126 | 39,4 |
| **Manufacturas de consumo** | 859 | 17,5 | 1.161 | 17,9 | -239 | -17,1 | 302 | 35,2 |
| **Téxtil e confección** | 393 | 8,0 | 586 | 9,0 | -80 | -12,0 | 193 | 49,1 |
| **Calzado** | 90 | 1,8 | 110 | 1,7 | -27 | -19,7 | 20 | 22,2 |
| **Xoguetes** | 97 | 2,0 | 141 | 2,2 | -14 | -9,0 | 44 | 45,4 |
| **Alfarería** | 33 | 0,7 | 39 | 0,6 | -16 | -29,1 | 6 | 18,2 |
| **Xoiaría e reloxios** | 62 | 1,3 | 96 | 1,5 | -26 | -21,3 | 34 | 54,8 |
| **Coiro e manufacturas do coiro** | 31 | 0,6 | 32 | 0,5 | -5 | -13,5 | 1 | 3,2 |
| **Outras manufacturas** | 493 | 10,0 | 571 | 8,8 | -164 | -22,3 | 78 | 15,8 |
| **Outras mercadorías** | 1.105 | 22,5 | 2.852 | 44,0 | 1.084 | 61,3 | 1.747 | 158,1 |

**(1) datos 2018 son provisionais (13-3-19)**
**(2) O número total de empresas é inferior á suma de empresas desagregadas porque unha mesma empresa pode exportar en varios sectores**
**(3) Sectores con maior número de empresas, o resto está sumado en outros.**
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. Datacomex

## 3.3.8.

euros), dirixíndose un 8% ao continente americano (1.828,6 millóns), un 4,7% a África (1.086,2 millóns) ou un 4,6% a Asia (1.046,7 millóns de euros). Por países, Francia, por mor da importancia da factoría PSA Peugeot Citroën en Vigo, é o principal destino das vendas de Galicia, con 4.327,6 millóns de euros (18,9% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 3.122,6 millóns de euros (13,7%), e Italia, con 2.232,1 millóns (98%). En relación ao ano anterior cómpre resaltar o incremento dun 13,2% e máis de 360 millóns de euros das vendas a Portugal.

As vendas de produtos do capítulo 87 á UE28 (**cadro 3.3.6.**) aumentan ata os 4.298,1 millóns de euros, o que representa o 24,1% das exportacións a esta área económica. En segundo lugar sitúase o capítulo 62 ("Prendas, non de punto"), cun importe de 2.993 millóns de euros, que representa o 16,8% do total das vendas aos países comunitarios.

O valor das exportacións a Francia dos produtos de automoción descenden por cuarto ano consecutivo, sendo a caída no ano 2018 do 3,9%. A pesar desta redución, as vendas a Francia concéntranse fundamentalmente no capítulo 87, ao acoller o 45,8% das vendas totais a este país, case cinco puntos menos que no ano anterior, e que representan o 37,6% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo (42,3% no ano anterior). Séguelle en importancia o capitulo 62, que

**Actuacións do Plan FOEXGA 2017-18: áreas xeográficas e sectores**

**Área xeográfica**

| | 2017 | | 2018 | |
|---|---|---|---|---|
| | | *(% /total)* | | *(% /total)* |
| **Europa** | 9 | 23,68 | 16 | 30,19 |
| **Asia** | 5 | 13,16 | 10 | 18,87 |
| **África** | 4 | 10,53 | 9 | 16,98 |
| **Amércia do Sur** | 7 | 18,42 | 7 | 13,21 |
| **América do Norte** | 1 | 2,63 | 3 | 5,66 |
| **Centroamérica** | 7 | 18,42 | 6 | 11,32 |
| **Illas do Caribe** | 3 | 7,89 | 2 | 3,77 |
| **Oceanía (Pacífico)** | 2 | 5,26 | - | - |
| **Total países** | 38 | 100 | 53 | 100 |

**Empresas segundo sectores**

| | 2017 | | 2018 | |
|---|---|---|---|---|
| | | *(% /total)* | | *(% /total)* |
| **Agroalimentario** | 72 | 34,45 | 86 | 41,15 |
| **Fabricación Industrial** | 35 | 16,75 | 47 | 22,49 |
| **Enxeñería e Consultoría** | 15 | 7,18 | - | - |
| **Servizos** | 13 | 6,22 | - | - |
| **Servizos e Consultoría** | - | - | 35 | 16,75 |
| **Pedra Natural** | 7 | 3,35 | 5 | 2,39 |
| **Téxtil** | 7 | 3,35 | 8 | 3,83 |
| **Transporte e loxística** | - | - | 7 | 3,35 |
| **Enxeñería e investigación** | - | - | 6 | 2,87 |
| **Madeira e moble** | 7 | 3,35 | 6 | 2,87 |
| **Naval** | 6 | 2,87 | 6 | 2,87 |
| **Editorial** | 6 | 2,87 | 3 | 1,44 |
| **TIC** | 6 | 2,87 | - | - |
| **Maquinaria e transporte** | 3 | 1,44 | - | - |
| **Total** | 177 | 85 | 209 | 100 |

Fonte: IGAPE

## 3.3.9.

acolle o 11,8% das exportacións galegas a Francia. No caso portugués, no ano 2018 o capítulo exportador máis importante pasa a ser o capítulo 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios") que concentra o 13,1% das exportación a ese país, seguido do capítulo 03 ("Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos"), co 11,5% das vendas galegas a Portugal.

**• Base exportadora**

Entendendo por base exportadora o número de empresas que venderon os seus produtos no exterior de España, ao longo do ano 2018 un total 7.259 empresas galegas venderon parte dos seus produtos fóra de España, 545 empresas máis que no ano anterior (8,1% máis). Como reflicte o **cadro 3.3.8.**, os sectores cun maior número de empresas exportadoras perden base, destacando o sector de bens de equipamento con 95 empresas exportadoras menos e as semimanufacturas e as manufacturas de consumo con 91 e 123 empresas exportadoras menos.

O sector que segue concentrando o maior número de empresas exportadoras é o de bens de equipamento, con 2.095 empresas (28,9% do total galego), seguido polo de semimanufacturas, con 1.490 (20,5%) e a industria de alimentación e manufacturas de consumo, con 1.384 e 1.277 empresas, respectivamente.

Fronte ao incremento do 8,1% no número de empresas exportadoras en Galicia no último ano, o incremento a nivel estatal foi do 26,5%, polo que a cota exportadora galega no total estatal redúcese ata o 3,5%, seis décimas menos que no ano anterior.

En relación ao peso relativo por sectores das empresas exportadoras galegas no total estatal, cómpre destacar a importancia relativa do sector de alimentación, que

acolle o 8,2% das empresas exportadoras do sector en España, e de maneira especial, a pesca, que concentra o 29% do total estatal. Asemade, no ámbito do sector da alimentación salienta o peso relativo das empresas exportadoras cárnicas, que supoñen o 11,5%, e o sector de bebidas, co 10%.

Finalmente, no que respecta á promoción das exportacións, o Igape e as Cámaras de Comercio galegas colaboran na posta en marcha das accións Foexga, que teñen entre os seus obxectivos acadar a internacionalización real das empresas galegas, propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade (**cadro 3.3.9.**)

En 2018 rexístrase unha medra tanto do número de accións como de empresas participantes nas mesmas e os países obxecto das actuacións, leváronse a cabo neste ano, así, no marco do Plan Foexga, no ano 2018 as distintas cámaras de comercio de Galicia levaron a cabo 62 accións (54 misións comerciais e 8 participacións en feiras) en 53 países con 428 participacións de 209 empresas. A contribución da Xunta será dun máximo de 1.046.594,94 € (liña subvencionada ó 90%).

A subvención total liquidada correspondente ás accións do ano 2018 ascende a 1.162.883 euros, dos que a achega da Xunta de Galicia foi de 1.046.594 euros (90%) e por parte das empresas de 79.048,94 euros (10%). Deste xeito, a subvención media por empresa participante en misións directa ou feiras ascende a 5.008 euros.

Segundo os datos facilitados polo Igape, o principal destino das accións desenvolvidas segue a ser Europa, con 16 países, seguida de Asia, África e América do Sur, do Norte, Centro América e as Illas do Caribe.

Por último, no que á distribución sectorial se refire, en catro de cada dez accións participan empresas do sector agroalimentario (86 empresas), superando ás empresas de fabricación industrial, que supoñen dúas de cada dez actuacións (47 empresas). Estas dúas ramas de actividade concentran o 63,6% das empresas galegas.

## Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos que proporciona O Rexistro de Investimentos Exteriores desagregados territorialmente son exclusivamente os que fan referencia ao investimento bruto estranxeiro en Galicia que recolle as operación de non residentes que supoñan:

– Participación en sociedades galegas non cotizadas
– Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
– Constitución ou ampliación de dotación de sucursais de empresas estranxeiras.
– Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,25 €.

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, no último ano cae de xeito significativo o volume de investimento bruto estranxeiro en Galicia , ao rexistrarse un descenso do 88,5%, fronte ao incremento do 31,6% no conxunto do Estado. Doutra banda, o investimento estranxeiro bruto de Galicia no exterior descende tamén un 16,6% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe de caída do 48,1% en España.

O investimento bruto estranxeiro en Galicia en 2018 foi de 65,5 millóns de euros, o que supón tan só o 0,1% do investimento estranxeiro bruto en España, onde a Comunidade autónoma de Madrid concentra o 84,4% do investimento bruto estranxeiro en España (**cadro 3.3.10.**).

O principal país investidor en Galicia no último ano foron os Países Baixos, con 14,6 millóns de euros, seguido por Reino Unido, con 12,6 millóns de euro,s e Portugal, con 12,3 millóns. Dende un punto de vista sectorial, o comercio ao por maior e intermediación de comercio, excepto vehículos a motor concentra o 22,2% do investimento en Galicia (14,5 millóns de euros), seguido polo sector de "fabricación de maquinaria e equipo NCOP", co 20,8% (13,6 millóns de euros. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal, o **cadro 3.3.11.** amosa a importancia das actividades de "fabri-

## Investimento estranxeiro bruto. 2018 (1)(2)

| | Investimento estranxeiro nas CC.AA. | | | Investimento das CC.AA. no estranxeito | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | | 18/17 | Total | | 18/17 |
| | *(en millóns de euros)* | *(% / España)* | *(%)* | *(en millóns de euros)* | *(% / España)* | *(%)* |
| **Andalucía** | 425,1 | 0,8 | -4,1 | 313,3 | 1,2 | 79,9 |
| **Aragón** | 1.372,1 | 2,6 | 1.482,1 | 1.474,4 | 5,5 | 23.243,0 |
| **Asturias** | 24,5 | 0,0 | -22,7 | 433,2 | 1,6 | -21,1 |
| **Baleares** | 118,2 | 0,2 | -63,3 | 584,1 | 2,2 | 321,0 |
| **Canarias** | 173,2 | 0,3 | -31,0 | 34,6 | 0,1 | -77,3 |
| **Cantabria** | 185,8 | 0,4 | 13.248,8 | 4.679,9 | 17,6 | 2.774,7 |
| **Castela e León** | 47,4 | 0,1 | -87,4 | 75,7 | 0,3 | -83,3 |
| **Castela-A Mancha** | 335,4 | 0,6 | 82,5 | 20,9 | 0,1 | 29,6 |
| **Cataluña** | 3.077,1 | 5,8 | -11,5 | 5.244,6 | 19,7 | 105,6 |
| **C. Valenciana** | 972,7 | 1,8 | -18,9 | 1.075,5 | 4,0 | -6,8 |
| **Estremadura** | 11,8 | 0,0 | -50,5 | - | - | - |
| **Galicia** | 65,5 | 0,1 | -88,5 | 982,1 | 3,7 | -16,6 |
| **Madrid** | 44.576,4 | 84,4 | 53,0 | 10.565,7 | 39,7 | -75,2 |
| **Murcia** | 22,1 | 0,0 | -43,1 | 32,7 | 0,1 | 66,0 |
| **Navarra** | 202,3 | 0,4 | 307,7 | 78,7 | 0,3 | -27,8 |
| **País Vasco** | 969,3 | 1,8 | -64,5 | 999,4 | 3,8 | -51,4 |
| **A Rioxa** | 186,5 | 0,4 | 633,1 | 0,2 | 0,0 | -75,2 |
| **Ceuta-Melilla** | 0,1 | 0,0 | -86,4 | - | - | - |
| **Sen asignar** | 38,1 | 0,1 | -96,7 | - | - | - |
| **Total** | 52.803,6 | 100 | 31,6 | 26.595,2 | 100 | -48,1 |

**(consulta: 3-04-2019)**
**(1) Operacións ETVE e non ETVE**

**(2) Investimentos novos resultado de operacións de non residentes que supoñan: (i)Participacións en sociedades galegas non cotizadas; (ii) participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.**
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainvex*

## 3.3.10.

## Investimento estranxeiro bruto (1) en Galicia e España 2018: distribución segundo actividade económica

| | Galicia | | España | | Galicia / España |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de euros)* | *(% / total)* | *(en miles de euros)* | *(% / total)* | *(%)* |
| **Total subsectores** | 65.457,7 | 100 | 52.803.561,7 | 100 | 0,1 |
| **Comercio ao por maior e interm. comercio, excepto vehículos a motor** | 14.512,8 | 22,2 | 2.442.073,4 | 4,6 | 0,6 |
| **Fabricación de maquinaria e equipo NCOP** | 13.609,3 | 20,8 | 58.514,5 | 0,1 | 23,3 |
| **Servizos de aloxamento** | 9.750,0 | 14,9 | 452.581,1 | 0,9 | 2,2 |
| **Investigación e desenvolvemento** | 8.527,5 | 13,0 | 212.223,9 | 0,4 | 4,0 |
| **Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire** | 3.941,1 | 6,0 | 3.946.897,2 | 7,5 | 0,1 |
| **Actividades inombiliarias** | 3.341,6 | 5,1 | 3.301.516,2 | 6,3 | 0,1 |
| **Servizos técnicos arquitectura e enxeñería** | 3.160,6 | 4,8 | 194.389,6 | 0,4 | 1,6 |
| **Actividades deportivas, recreativas e de lecer** | 2.546,1 | 3,9 | 186.284,1 | 0,4 | 1,4 |
| **Industria da alimentación** | 2.192,2 | 3,3 | 608.910,0 | 1,2 | 0,4 |
| **Actividades de apoio ás industrias extractivas** | 751,3 | 1,1 | 90.992,0 | 0,2 | 0,8 |
| **Construción de edificios** | 743,8 | 1,1 | 3.930.815,1 | 7,4 | 0,0 |
| **Fabricación de productos de caucho e plásticos** | 716,9 | 1,1 | 476.108,3 | 0,9 | 0,2 |
| **Almacenamento e actividades anexas ao transporte** | 352,9 | 0,5 | 14.401.494,4 | 27,3 | 0,0 |
| **Pesca e acuicultura** | 300,0 | 0,5 | 32.859,1 | 0,1 | 0,9 |
| **Actividades administrativas de oficina** | 275,2 | 0,4 | 397.393,6 | 0,8 | 0,1 |
| **Programación, consultoría, outras actividades relacionadas** | 128,9 | 0,2 | 479.180,7 | 0,9 | 0,0 |
| **Outros** | 607,5 | 0,9 | 21.591.328,6 | 40,9 | 0,0 |

**(consulta: 04-04-2019)**
**(1) Operacións ETVE e non ETVE**
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainvex*

## 3.3.11.

**Investimento bruto (1) de Galicia e España no exterior 2018: distribución segundo actividade económica**

| | Galicia | | España | | Galicia / España |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de euros)* | *(% / total)* | *(en miles de euros)* | *(% / total)* | *(%)* |
| **Total** | 982.096,1 | 100 | 26.595.183,2 | 100 | 3,7 |
| **Actividades inmobiliarias** | 702.184,4 | 71,5 | 1.195.256,0 | 4,5 | 58,7 |
| **Fabicación doutros produtos minerais non metálicos** | 138.184,4 | 14,1 | 1.008.264,3 | 3,8 | 13,7 |
| **Pesca e acuicultura** | 38.893,1 | 4,0 | 41.383,1 | 0,2 | 94,0 |
| **Metalurxia; fabricación productos ferro, aceiro** | 34.181,6 | 3,5 | 35.887,2 | 0,1 | 95,2 |
| **Comercio polo miudo e interm. comercio, agás vehículos motor** | 23.639,2 | 2,4 | 137.517,5 | 0,5 | 17,2 |
| **Servizos de aloxamento** | 19.524,9 | 2,0 | 256.382,9 | 1,0 | 7,6 |
| **Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire** | 7.473,5 | 0,8 | 1.243.349,3 | 4,7 | 0,6 |
| **Almacenamento e actividades anexas ao transporte** | 7.009,6 | 0,7 | 255.044,1 | 1,0 | 2,7 |
| **Actividades de construcción especializada** | 4.845,8 | 0,5 | 32.339,3 | 0,1 | 15,0 |
| **Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor** | 2.700,0 | 0,3 | 2.489.217,3 | 9,4 | 0,1 |
| **Servizos financeiros, agás seguros e fondos pensións** | 1.896,7 | 0,2 | 6.905.178,4 | 26,0 | 0,0 |
| **Construcción de edificios** | 968,2 | 0,1 | 1.004.614,2 | 3,8 | 0,1 |
| **Servizos de comidas e bebidas** | 289,7 | 0,0 | 25.279,9 | 0,1 | 1,1 |
| **Actividades de xogos de azar e apostas** | 150,0 | 0,0 | 21.744,0 | 0,1 | 0,7 |
| **Fabricación de productos metálicos, agás maquinaria** | 140,3 | 0,0 | 23.479,5 | 0,1 | 0,6 |
| **Outros** | 14,8 | 0,0 | 11.920.246,4 | 44,8 | 0,0 |

**(consulta: 04-04-2019)**
**(1) Operacións ETVE e non ETVE**
Fonte:Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainvex*

## 3.3.12.

cación de maquinaria e equipo NCOP", que representa o 23,3% do investimento estranxeiro no conxunto do Estado na actividade.

No que respecta ao investimento estranxeiro en Galicia, o investimento bruto galego no exterior experimentou un descenso do 16,6% no último ano, acadando un importe total de 982,1 millóns de euros, o que sitúa a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Cataluña, Cantabria, Aragón a C. Valenciana e País Vasco. Tendo en conta que esta caída é inferior á rexistrada no conxunto do Estado, o **cadro 3.3.10.** recolle que o peso relativo do investimento galego no total estatal situouse no 3,7% cando no ano anterior esta porcentaxe era do 2,3%.

O Reino Unido é o país que en 2018 acolle un maior volume de investimento galego no estranxeiro con 507 millóns de euros, 51,6% do investimento total, seguido dos Estados Unidos, que concentra o 20,5% (201,4 millóns).

As actividades inmobiliarias con 702,1 millóns de euros, concentran o 71,5% do investimento bruto de Galicia no exterior, o que supón o 58,7% do investido nestas actividades no exterior no conxunto do Estado. A fabricación doutros produtos minerais non metálicos e a pesca e acuicultura, con 138,2 e 39 millóns de euros de investimento bruto respectivamente, son a segunda e terceira actividades en importancia, acadando esta última o 95,2% do total de investimento exterior estatal (**cadro 3.3.12.**). ❑